



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 495
19 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 51564 (11/PNC-004407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos incumprimentos da empresa concesionaria do transporte público na Barbanza

[193643](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 42905 (11/PNC-003769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o servizo de transporte por autobús das liñas Vigo-A Guarda e Vigo-Baiona

[193643](#)

I 46740 (11/PNC-004034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar o proxecto de dragaxe do Lérez en Pontevedra

[193644](#)

I 51180 (11/PNC-004371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, no concello de Moraña

[193644](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación sen modificacións

I 52091 (11/PNC-004465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto do desenvolvemento dos plans de ordenación do espazo marítimo [193644](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 49481 (11/PNC-004220)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a retirada ou o soteramento das liñas de alta tensión no barrio de San Valentín no concello de Fene [193645](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 36562 (11/PNC-003385)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política industrial [193645](#)

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**Aprobación sen modificacións****I 52755 (11/PNC-004525)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación coas deficiencias que existen nos edificios que ocupa o Centro Oceanográfico de Vigo e a respecto do traspaso de competencias da totalidade da xestión económico-administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía, en Galicia [193646](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 50289 (11/PNC-004283)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para realizar os traballos de mellora, mantemento e limpeza que se precisen no porto da Pobra do Caramiñal [193646](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos**

I Informe de avaliación dos sistemas de control interno e de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral [193652](#)



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 53445 (11/PRE-018256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre o acceso gratuito aos libros de texto no ensino obrigatorio

[193788](#)

I 53457 (11/PRE-018257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre a nova lei de ciencia e innovación anunciada pola Xunta de Galicia

[193791](#)

I 53488 (11/PRE-018258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o novo mapa escolar para a cidade de Vigo

[193794](#)

I 53504 (11/PRE-018259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os servizos de atención á dependencia no concello de Rábade

[193797](#)

I 53509 (11/PRE-018260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre a convocatoria do Programa de doutoramento industrial de 2022 e as previsións da Xunta de Galicia respecto dunha nova convocatoria en 2023

[193800](#)

I 53515 (11/PRE-018261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir un Servizo de Axuda no Fogar á altura das necesidades

[193802](#)

I 53526 (11/PRE-018262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno

[193806](#)

I 53534 (11/PRE-018263)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

[193808](#)

I 53538 (11/PRE-018264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar

[193812](#)

I 53543 (11/PRE-018265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a planificación feita pola Corporación Radio e Televisión de Galicia dos debates entre as distintas formacións políticas con motivo das vindeiras eleccións municipais

[193815](#)

I 53547 (11/PRE-018266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a situación administrativa dos axentes ambientais pertencentes ás consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente

[193817](#)

I 53553 (11/PRE-018267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medias previstas polo Goberno galego para axudar as familias a enfrontar a suba da inflación e o encarecemento das hipotecas

[193821](#)

I 53561 (11/PRE-018268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a valoración do Goberno galego da evolución do investimento estranxeiro en Galicia

[193823](#)

I 53565 (11/PRE-018269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a posibilidade de instalar unha planta de baterías para vehículos eléctricos en Galicia

[193825](#)

I 53578 (11/PRE-018270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación sanitaria de Santa Comba

[193827](#)

I 53584 (11/PRE-018271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as persoas usuarias de residencias de maiores en situación de emerxencia social

[193830](#)



I 53589 (11/PRE-018272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o proxecto de saneamento de augas residuais nas parroquias de Tapia, Piñeiro e Troitosende, de Ames e A Baña

[193834](#)

1.4.5. Respostas a preguntas**I 53452 - 35870 (11/PRE-012428)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

[193837](#)

I 53453 - 35869 (11/PRE-014135)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

[193839](#)

I 53450 - 38512 (11/PRE-015232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

[193841](#)

I 53448 - 45035 (11/PRE-016148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa Galicia

[193843](#)

I 53451 - 38476 (11/PRE-017036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

[193845](#)

I 53449 - 45034 (11/PRE-017649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa Galicia

[193847](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia**3.2. Recursos humanos**

Acordo da Mesa do Parlamento, do 16 de maio de 2023, polo que se declara concluído o proceso de eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, previstas para o 23 de maio de 2023

[193650](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 12 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 51564 (11/PNC-004407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto dos incumprimentos da empresa concesionaria do transporte público na Barbanza

BOPG nº 470, do 21.03.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

– Dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento galego do 28 de abril de 2022 en todos e cada un dos seus puntos.

– De constatare a persistencia dos incumprimentos continuos e reiterados da empresa concesionaria do transporte público na Barbanza, a súa falta de respecto polos usuarios e usuarias e as súas demandas e o incumprimento da lei, levar a cabo todas as actuacións legais precisas para esixirlle responsabilidades por danos e prexuízos, prevendo mesmo a rescisión do contrato actual.»

Rexeitamento da iniciativa

- 42905 (11/PNC-003769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o servizo de transporte por autobús das liñas Vigo-A Guarda e Vigo-Baiona

BOPG nº 401, do 26.10.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.



- 46740 (11/PNC-004034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para actualizar o proxecto de dragaxe do Lérez en Pontevedra

BOPG nº 438, do 19.01.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 51180 (11/PNC-004371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos polígonos industriais eólicos Anduriña e Zudreiro, no concello de Moraña

BOPG nº 467, do 15.03.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 12 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 52091 (11/PNC-004465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto do desenvolvemento dos plans de ordenación do espazo marítimo

BOPG nº 475, do 30.03.2023

Sométese a votación separada por puntos:

Punto 1: resulta aprobado por 8 votos a favor, 3 votos en contra e 0 abstencións.

Puntos 2, 3 e 4: resultan aprobados pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:



1. Desenvolver os Plans de ordenación do espazo marítimo (POEM) desde un enfoque integrador que contemple unha canle de comunicación continua entre os ministerios competentes, as comunidades autónomas e os sectores afectados, con especial protección ao sector pesqueiro. Realizar os estudos socioeconómicos que avalíen os impactos en sectores como o pesqueiro, garantindo que o desenvolvemento dos POEM os ten en conta. En particular, realizar e dar publicidade á medida ER2 recollida nos POEM (ER2: Análise do sector pesqueiro potencialmente afectado polo Desenvolvemento da enerxía eólica mariña nas zonas propostas nos POEM).

2. Dar audiencia desde o máximo nivel ministerial do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aos representantes da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, ao Observatorio de Eólica Mariña de Galicia e ao seu homólogo en Asturias, así como aos das federacións e confrarías de pescadores afectados, para que poidan expoñer as súas discrepancias coa eólica mariña e co contido do Real decreto 150/2023, do 28 de febreiro, publicado no *Boletín Oficial del Estado* o 4 de marzo de 2022.

3. Atender as iniciativas e resolucións adoptadas nas Cortes Xerais e en distintos parlamentos autonómicos en favor dos pescadores e da súa oposición aos plans da eólica mariña tal e como finalmente foron aprobados polo Consello de Ministros.

4. Elaborar os estudos científicos e de impacto socioeconómico que permitan determinar e precisar as consecuencias sobre os ecosistemas mariños e sobre a pesca a instalación de parques eólicos mariños.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 49481 (11/PNC-004220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a retirada ou o soterramento das liñas de alta tensión no barrio de San Valentín no concello de Fene

BOPG nº 454, do 15.02.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a promover a retirada ou soterramento das liñas de alta tensión que sobrevoan o barrio de San Valentín no concello de Fene.»

Rexeitamento da iniciativa

- 36562 (11/PNC-003385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política industrial

BOPG nº 341, do 06.07.2022



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 6 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 16 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 52755 (11/PNC-004525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado en relación coas deficiencias que existen nos edificios que ocupa o Centro Oceanográfico de Vigo e a respecto do traspaso de competencias da totalidade da xestión económico-administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía, en Galicia

BOPG nº 483, do 19.04.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. No inmediato, demandar do Goberno do Estado que realice as accións, obras, melloras e investimentos necesarios para paliar as graves deficiencias que existen nos edificios que ocupa o Centro Oceanográfico de Vigo, consecuencia dos nulos investimentos e da total falta de mantementos durante anos.

2. Emprender de xeito inmediato a comunicación e as xestións precisas co Goberno do Estado para iniciar o procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico-administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galiza para que pasen a formar parte da estrutura da propia Xunta.»

Rexeitamento da iniciativa

- 50289 (11/PNC-004283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para realizar os traballos de mellora, mantemento e limpeza que se precisen no porto da Pobra do Caramiñal

BOPG nº 461, do 01.03.2023



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 77 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos

Informe de avaliación dos sistemas de control interno e de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite

- 53529 (11/ICON-000013)

Consello de Contas de Galicia

Informe de avaliación dos sistemas de control interno e de prevención de riscos da corrupción na Administración xeral

A Mesa acorda a admisión a trámite, a remisión da documentación aos grupos parlamentarios e á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas e a publicación no *Boletín Oficial* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 53445 (11/PRE-018256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre o acceso gratuito aos libros de texto no ensino obrigatorio

- 53457 (11/PRE-018257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a nova lei de ciencia e innovación anunciada pola Xunta de Galicia



- 53488 (11/PRE-018258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o novo mapa escolar para a cidade de Vigo

- 53504 (11/PRE-018259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os servizos de atención á dependencia no concello de Rábade

- 53509 (11/PRE-018260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón

Sobre a convocatoria do Programa de doutoramento industrial de 2022 e as previsións da Xunta de Galicia respecto dunha nova convocatoria en 2023

- 53515 (11/PRE-018261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir un Servizo de Axuda no Fogar á altura das necesidades

- 53526 (11/PRE-018262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno

- 53534 (11/PRE-018263)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

- 53538 (11/PRE-018264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as queixas e reclamacións rexistradas polas asociacións de nais e pais en relación coas deficiencias no transporte escolar

- 53543 (11/PRE-018265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a planificación feita pola Corporación Radio e Televisión de Galicia dos debates entre as distintas formacións políticas con motivo das vindeiras eleccións municipais

- 53547 (11/PRE-018266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a situación administrativa dos axentes ambientais pertencentes ás consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente

- 53553 (11/PRE-018267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medias previstas polo Goberno galego para axudar as familias a enfrontar a suba da inflación e o encarecemento das hipotecas

- 53561 (11/PRE-018268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a valoración do Goberno galego da evolución do investimento estranxeiro en Galicia

- 53565 (11/PRE-018269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a posibilidade de instalar unha planta de baterías para vehículos eléctricos en Galicia

- 53578 (11/PRE-018270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación sanitaria de Santa Comba

- 53584 (11/PRE-018271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as persoas usuarias de residencias de maiores en situación de emerxencia social

- 53589 (11/PRE-018272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre o proxecto de saneamento de augas residuais nas parroquias de Tapia, Piñeiro e Troitosende, de Ames e A Baña

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 53452 - 35870 (11/PRE-012428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

- 53453 - 35869 (11/PRE-014135)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

- 53450 - 38512 (11/PRE-015232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

- 53448 - 45035 (11/PRE-016148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa
Galicia

- 53451 - 38476 (11/PRE-017036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa

- 53449 - 45034 (11/PRE-017649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola sociedade Impulsa
Galicia

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 16 de maio de 2023, polo que se declara concluído o proceso de eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, previstas para o 23 de maio de 2023

Examínase o escrito remitido pola Mesa electoral das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, previstas para o 23 de maio de 2023, no que se indica que a Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo do 20 de marzo de 2023, tomou coñecemento da comunicación de convocatoria de eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia efectuada pola Central Sindical Independiente y de Funcionarios, na que se fixa como data de inicio do proceso electoral o 12 de abril de 2023, acordo publicado no BOPG núm. 470, do 21 de marzo de 2023, conforme o procedemento previsto nas Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 156, do 8 de xuño de 2006 e BOPG núm. 397, do 30 de decembro de 2014).



No calendario electoral, aprobado pola Mesa electoral na súa reunión do 12 de abril de 2023, fíxose 23 de maio de 2023 como data da votación e o 4 de maio de 2023 como data para a formalización de candidaturas.

A Mesa electoral, na súa reunión do 8 de maio de 2023, data prevista para a proclamación de candidaturas, constatou a non presentación de ningunha, polo que o proceso electoral non pode continuar o seu desenvolvemento.

En consecuencia, a Mesa da Cámara adopta o seguinte ACORDO:

1º. Declarar concluído o proceso de eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, previstas para o 23 de maio de 2023, logo de constatada a falta de presentación de candidaturas, requisito imprescindible para continuar o procedemento.

2º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e publicalo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª



José Antonio Redondo López (1 para 1)
Conselleiro maior
Data de Sinatura: 10/05/2023
HASH: 2e759e63b3fdbc51793a54176f48d0f



En cumprimento do artigo 19 da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, reformada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto e o artigo 49 do seu Regulamento de Réxime Interior remito, despois de ser aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, o ***"Informe de Avaliación dos sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción na Administración Xeral, exercicio 2022"***.

Santiago de Compostela a data da sinatura electrónica

O conselleiro maior

José A. Redondo López

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2023 13:39:18
Nº Rexistro: 53529
Data envío: 10/05/2023 13:39:18.906

JOSÉ ANTONIO REDONDO LÓPEZ - 33806507A (FIRMA) na data 10/05/2023 10:22:41

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Consello de Contas
de Galicia



INFORME DE AVALIACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL INTERNO E PREVENCIÓN DE RISCOS DA CORRUPCIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL

EXERCICIO 2022

[1612022-01]

APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 30 DE MARZO DE 2023

Cod. Validación: 69S5TDMFJNY7HLC4FSE5A4R4
Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 134





CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 69S5TDMFJNY7HLC4FSES5AR4
Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 134



ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	11
I.1. ANTECEDENTES E CONTEXTO DO TRABALLO	11
I.2. MARCO NORMATIVO	15
II. OBXECTIVOS, ALCANCE E METODOLOXÍA.....	16
II.1. OBXECTIVOS	16
II.2. ALCANCE	17
II.3. METODOLOXÍA.....	18
III. VALORACIÓN GLOBAL DOS SISTEMAS DE CONTROL INTERNO.....	20
IV. AVALIACIÓN DOS DISTINTOS COMPOÑENTES DO CONTROL.....	24
IV.1. CONTORNO DE CONTROL E POLÍTICAS DE INTEGRIDADE	24
IV.1.1. O marco normativo da política de integridade institucional e prevención da corrupción.....	25
IV.1.2. Estratexia para a integridade institucional.....	28
IV.1.3. O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e os plans específicos dos centros	30
IV.1.4. O compromiso coa integridade das autoridades e altos cargos. Liderado	35
IV.1.5. O Código ético institucional.....	36
IV.1.6. A liña ética de denuncias.....	39
IV.1.7. Políticas de formación e difusión en materia de ética. Resultados	41
IV.1.8. Estrutura organizativa e control interno	44
IV.1.9. As políticas e prácticas de recursos humanos	53
IV.2. AS POLÍTICAS DE XESTIÓN DE RISCOS.....	57
IV.2.1. Establecemento de obxectivos	58
IV.2.2. Identificación e avaliación de riscos de xestión	60
IV.2.3. Consideración do risco de fraude ou corrupción	67
IV.3. ACTIVIDADES DE CONTROL.....	68
IV.3.1. Procedementos xerais de control	69
IV.3.2. Medidas específicas para riscos identificados	70
IV.3.3. Controis sobre os sistemas informáticos.....	71
IV.3.4. Enfoque do control interno cara á prevención de riscos da corrupción.....	72
IV.4. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.....	74
IV.4.1. Información relevante.....	75
IV.4.2. Comunicación interna.....	77
IV.4.3. Comunicación externa	79
IV.5. SUPERVISIÓN	80
IV.5.1. Autoavaliacións polos propios xestores	82
IV.5.2. Avaliacións independentes	83
IV.5.3. Comunicación dos resultados	87
V. CONCLUSIÓN.....	89



VI. RECOMENDACIÓNS 93

VI.1. SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS ANTERIORES..... 93

VI.2. RECOMENDACIÓNS NOVAS 97

ANEXOS 99





ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Valoración sistema de control interno.....	21
Cadro 2: Marco normativo. Fortalezas e debilidades	25
Cadro 3: Marco normativo sobre integridade.....	28
Cadro 4: Estratexia. Fortalezas e debilidades	29
Cadro 5: Plan de prevención de riscos e medidas antifraude. Fortalezas e propostas de mellora	31
Cadro 6: Política de ética. Fortalezas e debilidades	35
Cadro 7: Código ético. Fortalezas e debilidades.....	37
Cadro 8: Liña de denuncias. Fortalezas e debilidades.....	39
Cadro 9: Enquisa sobre a percepción da cultura ética, formación e difusión	43
Cadro 10: Estrutura organizativa e control interno.....	44
Cadro 11: Xestión dos conflitos de intereses.....	48
Cadro 12: Órganos de impulso e supervisión da integridade	52
Cadro 13: Políticas e prácticas de recursos humanos	53
Cadro 14: Establecemento de obxectivos.....	59
Cadro 15: Identificación e avaliación de riscos.....	60
Cadro 16: Actividades comúns	62
Cadro 17: Factores de risco recollidos nos PMA das secretarías xerais.....	63
Cadro 18: Riscos identificados en materia de contratación e subvencións no PXMA	65
Cadro 19: Riscos de fraude ou corrupción identificados. PXMA.....	68
Cadro 20: Catálogo de medidas identificadas no PXMA	71
Cadro 21: Control sobre os sistemas informáticos.....	72
Cadro 22: Medidas cara aos riscos específicos da corrupción	73
Cadro 23: Medidas específicas contra a corrupción.....	74
Cadro 24 : Información relevante	76
Cadro 25: Comunicación interna	77
Cadro 26: Comunicación externa	79
Cadro 27: Autoavaliación polos xestores	82
Cadro 28: Avaliacións independentes.....	84
Cadro 29: Comunicación e implantación dos resultados das avaliacións.....	88





CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 69S5TDMFJNY7HLC4FSES5AR4
Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 134

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Elementos do modelo de prevención da corrupción..... 12

Gráfico 2: Fases nas actuacións PCO do Consello de Contas 14

Gráfico 3: Valoración por compoñente 2018-2022 21

Gráfico 4: Resultados da avaliación dos compoñentes de control 2018-2022..... 22

Gráfico 5: Contorno de control 24

Gráfico 6: Administración de riscos 2018 e 2022..... 57

Gráfico 7: Actividades de control..... 69

Gráfico 8: Información e comunicación..... 75

Gráfico 9: Supervisión 81





CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 69S5TDMFJNY7HLC4FSES5AR4
Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 134

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I. Cuestionario.....	101
Anexo II. Checklist dirixido aos centros da Administración xeral	102
Anexo III. Puntuación.....	114
Anexo IV. PMA específicos aprobados por centros a 31.12.2022	115
Anexo V. Revisión PMA secretarías xerais técnicas.....	117
Anexo VI. Enquisa sobre o marco ético	119
Anexo VII. Seguimento de medidas e estratexias. Equivalencia coas medidas da Orde HFP/1030/2021	124





CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 69S5TDMFJNY7HLC4FSES5AR4
Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 134



ABREVIATURAS

AMTEGA	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
CA	Comunidade Autónoma
CI	Conflicto de intereses
COSO	Committee of Sponsoring Organizations of the Treadway
DACI	Declaración de ausencia de conflito de intereses
DXSA	Dirección Xeral de Simplificación Administrativa
EBEP	Estatuto básico do empregado público
ENS	Esquema Nacional de seguridade
IGAE	Intervención General de la Administración del Estado
INTOSAI	Organización Internacional de Entidades Fiscalizadoras superiores
ISSAIS	Norma internacionais das Entidades Fiscalizadoras Superiores
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LCSP	Lei de Contratos do Sector Público
LTBG	Lei de transparencia e bo goberno
MRR	Mecanismo de recuperación e resiliencia
PCO	Prevención de corrupción
PEG	Plan estratéxico de Galicia
PEMA	Plan específico de prevención de riscos e medidas antifraude
PMA	Plan de prevención de riscos e medidas antifraude
PMII	Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión
PRTR	Plan de recuperación, transformación e resiliencia
PXMA	Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude da Xunta de Galicia
RRHH	Recursos humanos
SIACI	Sistema integrado de atención á cidadanía
SILEX	Sistema de licitación electrónica da Xunta
SNCA	Servicio Nacional de Coordinación Antifraude
SPA	Sector público autonómico
SXT	Secretaría xeral técnica
TI	Tecnoloxía da información





CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 69S5TDMFJNY7HLC4FSES5AR4
Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 134

I. INTRODUCCIÓN

I.1. ANTECEDENTES E CONTEXTO DO TRABALLO

1.1. A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, atribuíu ao Consello de Contas a competencia de colaborar coas entidades do sector público na elaboración de instrumentos internos de xestión de riscos, no deseño e implantación dos sistemas de prevención da corrupción, e na avaliación de xeito sistemático dos plans de prevención de riscos da corrupción que se adopten.

Esta función de prevención da corrupción tivo o seu desenvolvemento no Regulamento de réxime interior da institución, aprobado en febreiro de 2017, e no documento *Estratexia en materia de prevención da corrupción*, que definiron os elementos conceptuais e os eixes de actuación do Consello.

Como ferramentas metodolóxicas para as entidades públicas, o Consello elaborou o documento *Metodoloxía para a administración de riscos*, que ofrece criterios orientadores para que as entidades poidan identificar e avaliar os riscos e tratalos a través de medidas de prevención, así como un *Catálogo de riscos e de medidas de prevención* nas áreas de xestión económico-financeira, de xestión de persoal, subvencións, contratación, financiamento dos partidos políticos, e urbanismo.

O enfoque da prevención de riscos definido nestes documentos é un enfoque amplo, referido non só a actos de corrupción ou fraude, senón tamén a comportamentos que, aínda sendo legais, sexan reprobables por inadecuados a unha boa administración.


Conforme as liñas apuntadas neses documentos, o modelo de prevención proposto para as entidades públicas incorpora elementos propios dun modelo de integridade institucional (política de integridade) e dun modelo de cumprimento (política de xestión de riscos), establecendo como obxectivo desenvolver unha estratexia que integre ámbolos dous sistemas.

O Consello promove nestas entidades o desenvolvemento e implantación dun modelo de organización e xestión que incorpore as seguintes políticas e instrumentos:

- 1) Política de integridade institucional.
- 2) Política de xestión de riscos.
- 3) Actividades de control.
- 4) Política de información, comunicación e rendición de contas.
- 5) Supervisión do modelo.



Gráfico 1: Elementos do modelo de prevención da corrupción



Para o impulso destas actuacións nas entidades públicas, en novembro de 2018 asinou un protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia.

1.2. Unha vez definido o modelo a implantar nas entidades públicas, as actuacións a desenvolver polo Consello na Administración xeral estruturáronse en torno aos seguintes pasos:

1. En primeiro lugar, a elaboración dun diagnóstico da situación dos sistemas de prevención e control interno na Administración xeral, aprobado polo Consello que se presentou en decembro de 2019. Este primeiro informe diagnóstico contiña unha descrición do funcionamento dos elementos do control interno das políticas de integridade en vigor e definía as estratexias a seguir no futuro respecto de cada elemento de control.



Conscientes da necesidade dun desenvolvemento gradual das propostas, o informe recomendaba como primeira medida a elaboración dun *Programa de integridade e prevención de riscos* que dera soporte a todos os elementos comúns organizativos e da infraestrutura ética, para logo aprobar plans individuais de prevención de riscos de xestión nos distintos centros, que a partir destes elementos comúns incidan nas singularidades organizativas propias e nos riscos das actividades particulares que aqueles realicen.

2. En segundo lugar, o asesoramento e colaboración na implantación deste sistema de prevención de riscos da corrupción. No curso dos propios traballos de diagnóstico púxose a disposición dos centros distintos documentos técnicos para a avaliación de riscos e impulsouse a elaboración con carácter experimental de proxectos de *Plan de prevención de riscos* en tres secretarías xerais.

3. Por último, a avaliación dos sistemas e plans de prevención de riscos implantados ou dos avances nas medidas adoptadas. Esta última fase, na que se enmarca este informe, corresponde á avaliación das medidas implantadas na construción dese sistema de integridade, ben a través da súa plasmación nun plan (como é o obxectivo do Consello) ou, no seu defecto, na revisión das medidas desenvolvidas. Tamén no curso desta avaliación ofreceuse aos centros a realización de talleres para mellorar a avaliación de riscos.

Esta fase de avaliación precisou, en calquera caso, un previo desenvolvemento de medidas de prevención por parte da Administración. Neste sentido, seguindo as recomendacións do Consello de Contas, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 26 de maio de 2021 o *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 (PMII)*, e con posterioridade o 10 de decembro de 2021 aprobou o *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude (PXMA)* e o modelo de plan específico para os centros directivos e entidades instrumentais de Galicia.

Na data da aprobación dese plan, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, xa tiña establecido, por primeira vez, a necesidade da aprobación nas Administracións públicas de plans de medidas antifraude vinculados á xestión de fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

O Plan xeral da Xunta (PXMA), recollendo esa obriga e a urxencia imposta pola propia Orde HFP/1030/2021 para dotarse de plans, articulou un sistema de fases para a súa aprobación nos distintos centros directivos: naqueles centros e entidades instrumentais que xestionen proxectos financiados con recursos procedentes do PRTR, estes plans debían estar aprobados a data 30 de decembro de 2021; e nas restantes entidades, ao longo dos anos 2023 e 2024, conforme a programación do Programa marco.



O obxectivo marcado polo Consello de Contas é impulsar a implantación dun sistema de integridade institucional plasmado nun modelo único de plan de prevención de riscos válido para os ámbitos organizativos e para todas as entidades públicas galegas.


Neste sentido, a aplicación puntual dun plan de medidas antifraude dirixido especificamente a un ámbito de xestión de recursos moi concreto, como é o derivado da aplicación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, se ben non cumpre inicialmente esa expectativa, vén a constituír un primeiro paso e unha oportunidade para construír un sistema de integridade que finalmente se estenda á xestión e destino de todos os fondos (non só fondos MRR) e ao funcionamento da organización.

Á data do peche dos traballos desta actuación do Consello, un total de 66 centros directivos da Administración autonómica (42 centros da Administración xeral e 24 entidades instrumentais) contan cun plan de prevención de riscos aprobado.

Ademais, como nota positiva na liña do apuntado anteriormente, 27 centros contaban con este plan, aínda sen xestionar fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

De cara á avaliación que se realiza, cómpre poñer de manifesto que o Plan xeral da Xunta (PXMA) adiantouse á aprobación dos plans nas restantes Administracións públicas, polo que algunhas das debilidades detectadas e tamén das melloras propostas neste informe recollen criterios e prácticas posteriores que foron asentándose na elaboración destes instrumentos.

Gráfico 2: Fases nas actuacións PCO do Consello de Contas



1.3. Conforme ás directrices técnicas, no desenvolvemento destes traballos ante os distintos centros da Administración seguíronse os seguintes pasos:

- Presentación das directrices do traballo na Comisión de Seguimento do protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia.

- Presentación dos obxectivos do traballo nos centros e entrevistas cos responsables designados.



- Desenvolvemento dos cuestionarios en sesións de traballo entre os auditores do Consello e os responsables dos centros anteriores.
- Contraste dos resultados dos cuestionarios cos órganos con competencias transversais.
- Presentación dos resultados provisionais do traballo aos interlocutores das secretarías xerais técnicas e ofrecemento de colaboración para a revisión e mellora dos plans.
- Contraste dos resultados provisionais do traballo na Comisión de Seguimento do protocolo de colaboración coa Xunta de Galicia.

1.4. Este informe de avaliación estrutúrase en seis partes:

- Neste primeiro epígrafe introdutorio explícanse os antecedentes, o marco normativo e a estrutura do informe.
- O segundo epígrafe resérvase para os obxectivos, alcance e metodoloxía, dada a novidade que segue representando este traballo.
- O terceiro contén unha valoración global do nivel de implantación de medidas xerais e específicas orientadas á prevención de riscos da corrupción.
- No cuarto epígrafe realízase unha análise polo miúdo das fortalezas e debilidades da situación dos controis.
- No quinto e no sexto recóllense as conclusións da avaliación e o seguimento das recomendacións do informe anterior, así como algunhas recomendacións novas.

I.2. MARCO NORMATIVO

1.5. A normativa aplicable máis relevante que se toma en consideración ao longo deste estudo é a seguinte:

- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.



- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento de réxime interior do Consello de Contas.
- Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de xullo de 2014.
- Plan de mellora da contratación pública 2014-2016 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de xuño de 2014.
- Programa marco de integridade institucional aprobado por Acordo do Consello da Xunta do 26 de maio de 2021.
- Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude (PXMA) aprobado por Acordo do Consello da Xunta do 10 de decembro de 2021.
- Normas de control interno do Sector Público da INTOSAI (ISSAI 9100, 9110 e 9120).

II. OBXECTIVOS, ALCANCE E METODOLOXÍA

II.1. OBXECTIVOS

2.1. A estratexia de prevención máis eficaz contra a corrupción consiste no correcto funcionamento dun sistema sólido de control interno (normas, procedementos, políticas ou pautas de actuación) deseñado e dirixido como resposta aos riscos identificados e avaliados dentro da organización, completado cunhas estruturas e cultura adecuada para desalentar os comportamentos potencialmente inadecuados ou de corrupción (política de integridade).



INTOSAI reconece explicitamente as operacións éticas como un elemento dos obxectivos xerais que se lograrán mediante un control interno efectivo, incorporado e en funcionamento, levado a cabo pola dirección e o resto do persoal.

Seguindo ese marco, o traballo ten como obxectivo avaliar o grao de implantación e funcionamento dos elementos do control interno existentes, así como a integración nun sistema que garanta a integridade no funcionamento da Administración.

De forma máis específica, son obxectivos deste traballo:

- Avaliar os avances na implantación de medidas de prevención, afondando non só na súa posta en marcha senón tamén na efectiva utilización das medidas implantadas.
- Determinar o grao de coñecemento e a percepción do persoal con respecto ao marco ético da Xunta e o modo en que ese marco ético funciona na práctica.
- Impulsar a elaboración dun plan de prevención de riscos nos centros que non dispoñen deste, e colaborar en todos os centros na consolidación dunha metodoloxía sólida para a identificación e avaliación de riscos.
- Facer un seguimento específico do grao de implantación das recomendacións formuladas no estudo diagnóstico.

Non constitúe un obxectivo deste informe facer unha fiscalización da adecuación dos PMA aprobados ás esixencias da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Non obstante, na medida en que estes plans instrumentan un sistema de control interno con medidas de prevención de riscos e promoción da integridade, a análise dos elementos do sistema de control que se realiza ao longo deste informe vai servir para suxerir melloras na formulación deses plans.

Tampouco é obxecto deste informe avaliar o comportamento ético das persoas ás que se dirixe a enquisa de coñecemento do marco ético realizada, nin detectar ou investigar sospeitas de fraude ou corrupción.

II.2. ALCANCE

2.2. A avaliación no ámbito da Administración xeral realízase sobre as secretarías xerais técnicas e sobre os órganos centralizados de deseño e regulación das políticas de integridade e control.



No que respecta aos centros xestores, o ámbito subxectivo desta actuación circunscríbese ás seguintes secretarías xerais técnicas:

- Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural.
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar.

No que respecta aos órganos centralizados con competencias transversais, a revisión realizarase a través de traballos puntuais nos seguintes centros:

- Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- Dirección Xeral da Función Pública.
- Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.
- Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

2.3. A propia dinámica do traballo esixe recoller todas as actuacións desenvolvidas polas entidades públicas ata o exercicio 2022, tanto aos efectos de poder avaliar os resultados das actuacións anteriores do Consello como tamén para facer un seguimento efectivo das recomendacións do informe anterior.

II.3. METODOLOXÍA

2.4. Para a avaliación dos elementos do sistema de prevención da corrupción, moitos deles plasmados agora no PMA, seguíronse os criterios técnicos e a metodoloxía especializada desenvolvida nas *Normas de control interno do Sector Público* da INTOSAI (ISSAI 9100, 9110 e 9120), inspirada no marco integrado de control interno de COSO.

INTOSAI define o control interno como as “normas, procedementos, políticas, prácticas e estruturas organizativas deseñadas para proporcionar seguridade razoable de que os obxectivos da institución



se conseguirán cunha execución ética e eficiente das operacións realizadas, cumprindo as normas aplicables, salvagardando os recursos de perdas, mal uso ou danos e rendendo contas”.

A pesar de que a acepción actual do control interno na Administración é moito máis limitada (referida ao control económico-financeiro), o funcionamento destes compoñentes do control están presentes na actuación das Administracións, aínda que non se aborden como un sistema de control interno, nin exista conciencia de facelo.

Os elementos clave para a implantación deste sistema de control interno agrúpanse en cinco apartados que recollen os cinco compoñentes dos sistemas de control interno delimitados en INTOSAI:

- Contorno de control, entre os que se inclúen os elementos básicos das políticas de integridade (códigos éticos, canles de denuncias, comités de ética, ou sistema de responsabilidades).
- Administración de riscos.
- Actividades de control.
- Información e comunicación.
- Supervisión do control.

O traballo avalía a implantación dos elementos do control interno existentes que teñen encadre nos distintos elementos destes compoñentes do control. A avaliación acompáñase dunha descrición das debilidades e fortalezas das medidas de control, detallando os aspectos máis significativos dos resultados obtidos a través dos cuestionarios, e sinalando o máis destacado en cada centro analizado.

2.5. Tal e como establecen as directrices técnicas para a avaliación dos sistemas de control interno, a avaliación realizouse a través dun cuestionario adaptado á realidade da Administración xeral e desenvolvido en formato de checklist.

A aplicación do cuestionario nos centros efectuouse polo equipo auditor, a partir da información e documentación facilitada polos responsables dos centros e coa valoración das evidencias aportadas.

En función da valoración dos resultados das respostas do checklist determinouse un nivel de implantación dos elementos do sistema de control interno, tanto no conxunto dos compoñentes como en cada un dos analizados en particular, no conxunto da Administración xeral, conforme aos rangos definidos nesas directrices técnicas.

A valoración global parte da análise das evidencias sobre o nivel de establecemento destas medidas nos centros examinados, considerando os distintos niveis ou etapas na súa implantación: medida programada (incorporada a un plan ou programa); medida establecida (aprobada); medida utilizada



(posta en marcha con efectiva utilización). Non se considera, non obstante, a eficiencia e eficacia destas medidas, que se pospón a etapas posteriores, cando o nivel de establecemento dos devanditos controis se atope máis estendido.

Aos efectos de medir os avances respecto dos resultados do diagnóstico realizado sobre o exercicio 2018, realizouse unha adaptación dos cuestionarios utilizados naquel informe que permitira unha valoración dos resultados en termos homoxéneos.

As respostas ao checklist, que se xuntan como anexo deste estudo, consideradas illadamente non serven para extraer conclusións, senón que deben ser interpretadas tendo en conta as matizacións que, no seu caso, se recollen no apartado de observacións e coa contextualización que se realiza neste informe de avaliación.

III. VALORACIÓN GLOBAL DOS SISTEMAS DE CONTROL INTERNO

3.1. A prevención institucional da corrupción parte da consideración de que na xestión dos recursos públicos todos os responsables das institucións asumen riscos potenciais que, en caso de materializarse, poden afectar negativamente aos obxectivos de cumprimento normativo, de eficacia, eficiencia e ética nas operacións realizadas ou á salvagarda dos recursos públicos.

De aí resulta a necesidade de establecer controis (medidas) eficaces e eficientes que poidan detectar e previr estes riscos, facer un seguimento periódico destas medidas, e avaliar o seu alcance e o resultado da súa aplicación.

A medición do nivel de implantación global destes controis constitúe o primeiro dos obxectivos deste traballo. Os resultados obtidos das probas realizadas no conxunto dos centros da Administración xeral obxecto de estudo, agrupados en rangos que definen un status de alto, medio e baixo en función da presenza dos elementos do sistema de control interno constatados, foron os seguintes:



Cadro 1: Valoración sistema de control interno


Compoñente	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
	Núm. de preguntas	Puntos máximos	Puntos obtidos	Escala por compoñente	Valor ponderado por pregunta	Puntos ponderados por compoñ.	NIVEL IMPLANTACIÓN	VALORACIÓN
1. Contorno de control	9	45	32,40	20	0,44	14,72	MEDIO	Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixis
2. Administración de riscos	3	15	10,79	20	1,33	14,38	MEDIO	Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixis
3. Actividades de control	3	15	10,97	20	1,33	14,07	MEDIO	Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixis
4. Información e comunicación	3	15	8,76	20	1,33	11,68	MEDIO	Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixis
5. Supervisión do control	3	15	8,93	20	1,33	11,90	MEDIO	Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixis
Totais	21	105	71,85	100	0,95	66,76	MEDIO	Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixis

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

Descrición das columnas: I. Número de preguntas do cuestionario; II. Valor total que se pode acadar por compoñente; III. Puntos obtidos no checklist; IV. Ponderación de cada compoñente sobre 100; V. Resultado de IV/II; VI. Puntuación ponderada por compoñente; VII. Valoración segundo o resultado e os criterios das directrices técnicas; VIII. Significado da valoración segundo as directrices técnicas

Os resultados correspondentes aos distintos compoñentes do control interno e a súa evolución respecto da avaliación realizada no 2018 móstranse nos seguintes gráficos:


Gráfico 3: Valoración por compoñente 2018-2022



Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros



Gráfico 4: Resultados da avaliación dos compoñentes de control 2018-2022



Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

3.2. Como se observa, a valoración determina, ao igual que no diagnóstico do exercicio 2018, un *nivel medio* de presenza dos elementos de control definidos na avaliación realizada, o que significa segundo a definición determinada para este rango un *"Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixidos"*.

Dentro deste rango visualízase, non obstante, unha mellora en todos os compoñentes do control interno.

Adiantándose ás conclusións deste estudo, esta valoración global pon de manifesto que a Administración autonómica, fronte ás medidas e accións illadas descritas no informe diagnóstico de 2018, deseñou nos últimos anos un sistema estruturado de integridade e prevención de riscos, que plasmou nunha estratexia articulada en criterios técnicos, documentada no *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión* e desenvolvida nos PMA aprobados.

Estes instrumentos dotan ao SPA dun marco de integridade institucional válido para todos os ámbitos organizativos e para todas as entidades públicas, en comparación cos instrumentos dispoñibles noutras Administracións vinculados exclusivamente á xestión de fondos europeos.

Destacan, como avances, a maior visualización dos compromisos coas políticas de integridade; a implantación dunha canle específica de denuncias cun procedemento de tramitación; e a



configuración e constitución de órganos específicos de vixilancia destas condutas (Comité de Ética, Comisión Interdepartamental de Coordinación -pendente de constituír- e responsables de integridade).

No eido da xestión de riscos xeneralizáronse os plans de prevención de riscos da corrupción e medidas antifraude (PMA) aos distintos centros da Administración xeral dentro desa estratexia articulada, que aínda que se dirixen de forma prioritaria aos fondos MRR e aos órganos que os xestionan, o Plan xeral contempla que se poidan aplicar á totalidade dos recursos e centros directivos.

Os compoñentes do control referidos á xeración de información e comunicación, así como á supervisión do sistema, tamén experimentaron un impulso como consecuencia dos plans de medidas antifraude, sen prexuízo da necesidade de dotalos agora de maior operatividade en execución das propias previsión dos plans.

Con todo, a urxencia na aprobación dos plans específicos de prevención levou a unha translación automática de plans-modelos elaborados pola DXSA aos distintos centros directivos, coa perda da análise individualizada e reflexiva tanto das eivas e riscos de xestión que puideran existir en cada centro como das medidas xa implantadas para palialos, ou doutras adicionais que deberan implantarse en función desa avaliación de riscos (plan de acción).

Cómpre recordar que a clave do éxito destes instrumentos non está na mera formulación de plans, senón na súa efectiva implantación a través de accións concretas, así como na concienciación e interiorización de valores cun maior coñecemento por parte dos empregados públicos.

De todo o anterior pode concluírse que o sistema de integridade institucional e prevención de riscos de Galicia encóntrase nunha fase de implantación media, co deseño ou aprobación da maioría dos elementos esenciais do sistema, aínda que pendente do desenvolvemento efectivo en determinados aspectos, de acordo co calendario de medidas previstas no *Programa marco de integridade institucional*.

Nos apartados seguintes deste estudo, esta valoración acompañarase dunha descrición das debilidades e fortalezas dos distintos elementos de control, agora plasmados nos plans de prevención de riscos, detallando os aspectos máis significativos dos resultados obtidos a través dos cuestionarios, e sinalando o máis destacado en cada centro analizado.




IV. AVALIACIÓN DOS DISTINTOS COMPOÑENTES DO CONTROL

IV.1. CONTORNO DE CONTROL E POLÍTICAS DE INTEGRIDADE

4.1. O primeiro dos compoñentes do control interno é o contorno de control, no que se inclúen os elementos básicos das políticas de integridade (marco normativo, códigos éticos, canles de denuncias, compromiso coa integridade, sistema de responsabilidades, ou políticas de recursos humanos orientadas ao mérito e capacitación dos profesionais). Este compoñente é o que incorpora os obxectivos de operacións éticas aos elementos do control interno.

Os resultados da avaliación respecto ao contorno de control mostran unha implantación destes elementos que alcanza os 14,72 puntos sobre un máximo de 20 (fronte aos 10,65 puntos da avaliación anterior), o que determina un nivel medio de presenza daqueles neste compoñente.

Gráfico 5: Contorno de control



Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros



IV.1.1. O marco normativo da política de integridade institucional e prevención da corrupción

4.2. Un desafío común nas estratexias de integridade é lograr un equilibrio adecuado entre un enfoque baseado en normas e o baseado en valores.

No primeiro aspecto, as institucións públicas viñeron adoptando marcos xurídicos e institucionais para fortalecer a integridade que abordaran as áreas máis vulnerables á corrupción: a xestión e prevención dos conflitos de intereses, xestión dos agasallos e gratificacións, declaración de bens e o emprego previo e posterior ao cargo público, funcións relacionadas coa protección dos denunciantes, a integridade e a transparencia, ou o financiamento dos partidos políticos.

Este reforzamento institucional ampliouse a outros aspectos do marco normativo ligados á gobernanza, como son a regulación dos portais de transparencia, do goberno aberto, o acceso á información dos cidadáns (incorporada á lexislación de transparencia), e tamén á simplificación organizativa e á simplificación normativa.

O cadro seguinte ofrece unha visión esquemática dos criterios considerados neste marco normativo da Administración autonómica, destacando as fortalezas e debilidades da situación actual:

Cadro 2: Marco normativo. Fortalezas e debilidades

MARCO NORMATIVO

Fortalezas:

- Portal de transparencia e acceso á información pública (LTBG)
- Simplificación organizativa e simplificación normativa
- Adaptación do marco normativo á xestión dos fondos PRTR
- Goberno aberto
- Modelos de pregos de cláusulas administrativas con medidas antifraude
- Modelos de bases xerais de subvencións con medidas antifraude

Debilidades:

- Regulación dos grupos de interese e conflitos de intereses

Fonte: Elaboración propia



*Portais de transparencia*¹. No ano 2016 aprobouse en Galicia a Lei de transparencia e bo goberno. Con ela, a Administración da Comunidade obrígase a informar, entre outras cuestións, sobre o gasto público, as campañas de publicidade institucional, o volume de endebedamento da Comunidade, a estrutura da débeda e calendario de vencemento, a finalidade á que están destinados os bens inmobles propiedade da Comunidade, ou o número de vehículos oficiais da Comunidade. A Lei regula tamén o dereito de acceso á información pública, co que se pretende fortalecer o dereito de todos a coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións, e incorpora un réxime sancionador propio.

En abril de 2021, a empresa DYNTRA concedeu á Xunta unha puntuación de 86,43 puntos en transparencia, que a sitúa na posición quinta no ranking das Comunidades Autónomas². O aspecto no que o seu modelo é máis forte é no bloque de acceso á información e publicidade activa (100 puntos sobre 100), e o aspecto máis débil é o de información institucional (76,19 puntos sobre 100). O reto actual, dado o inxente volume de información e o seu contido técnico, constitúeo a súa accesibilidade, é dicir, que calquera buscador localice a información requirida e tamén as necesidades de mellorar a interoperabilidade e a súa presentación en formatos reutilizables.

*Simplificación organizativa*³. Outro pilar sobre o que se asenta o marco de prevención da corrupción é o de manter unha Administración adecuadamente dimensionada. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, marcaba obxectivos nesta materia. Os informes do Consello de Contas sobre o sector instrumental viñeron poñendo de manifesto nos últimos anos, atendendo a un criterio comparativo, que Galicia non ten un sector público sobredimensionado, aínda que as actuacións encamiñadas á redución do sector non tiveran os resultados esperados, sobre todo, no ámbito económico.

*Goberno aberto*⁴. O goberno aberto é unha cultura de gobernanza que promove a transparencia, a integridade, a rendición de contas, e a participación (OCDE 2017). Neste último ámbito, a Xunta somete á participación cidadá os anteproxectos de lei, os proxectos de decreto, as estratexias, os plans e os programas, e outros procesos de toma de decisións que afecten o interese xeral da

¹ No *Plan xeral de mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023* incluíuse no eixe 6 de transparencia a revisión e mellora dos portais de transparencia. No exercicio 2021 incorporáronse novos contidos a este portal, actualizáronse as guías de apoio á publicación de contidos e púxose en funcionamento unha canle de suxestións de melloras dos portais.

² <https://www.dyntra.org/poi/xunta-de-galicia-junta-de-galicia/?prev=indices/comunidades-autonomas>

³ Unha das medidas do *Plan xeral de mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023* foi o impulso á racionalización do sector público. No exercicio 2021 iniciouse un estudo para a racionalización dos órganos colexiados da Xunta.

⁴ No *IV plan de goberno aberto 2021-2024*, Galicia asumiu distintas iniciativas relacionadas coa avaliación das políticas públicas, desenvolvemento do marco de integridade, dun sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI), o impulso da Administración dixital, e a implantación da mellora do portal de transparencia.



Comunidade, mediante a súa inserción no Portal de Transparencia e Goberno aberto, creado pola LTBG.

Calidade e simplificación normativa. Recentemente, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, estableceu medidas para facilitar a reactivación da actividade económica despois da crise xerada polas consecuencias da pandemia da COVID-19. O Plan xeral de mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023 impulsou un proceso de redución de procedementos administrativos da Guía de procedementos e servizos (suprimíronse 96) e aprobáronse unhas bases reguladoras de subvencións dirixidas a harmonizar os procedementos desta actividade.

O PMII incorpora un eixe denominado *calidade normativa* no que figuran medidas como a realización de diagramas de procesos no que se refire ás normas regulamentarias, aumentar a transparencia da “pegada normativa” mellorando o proceso de transparencia previo á elaboración das normas, os parámetros da consulta previa e a resposta ás alegacións formuladas de cara a incorporar as propostas ou rexeitalas, e das restantes fases procedimentais da aprobación das normas, incorporando tamén os informes que as acompañan.

Canle de denuncias. A Xunta habilitou unha canle de denuncias interna específica como medio para comunicar situacións relacionadas coa corrupción e a integridade.

No eido das debilidades, non se avanzou na regulación dos grupos de interese nin se abordou coa extensión e rango normativo desexable a regulación unificada dos conflitos de intereses, nin na articulación dunha canle externa de denuncias imposta pola directiva comunitaria. Se ben esa regulación pode estar condicionada pola falta de desenvolvemento da normativa estatal –como indica a Administración Galega–, esa circunstancia non debería impedir esa regulación propia.

O Consello vén recomendando unha regulación unificada dos conflitos de intereses para todo o persoal -e non só para os altos cargos- proxectada de forma transversal sobre diferentes ámbitos de actuación, e de forma especial no ámbito da contratación administrativa.

Tamén segue pendente a creación dun rexistro dos grupos de interese, ou a existencia dun código de conduta para poder influír nas políticas públicas, así como a posible limitación temporal para que persoas que forman parte destes grupos accedan a cargos públicos.

Tal e como xa se indicou no diagnóstico inicial, todas estas medidas normativas terían perfecto acomodo na Lei de transparencia e bo goberno, concretamente na última parte que regula o bo goberno.

No seguinte cadro ofrécese un resumo da normativa de ámbito autonómico que aborda as materias consideradas no marco normativo da política de integridade institucional e prevención da corrupción.



Cadro 3: Marco normativo sobre integridade

Materia	Normativa propia
Gobernanza	
Portais de transparencia	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
Goberno aberto	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
Acceso a información pública	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
Racionalización SP e axilización administ.	Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
Simplificación normativa	Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia
Integridade	
Conflitos de intereses	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
Actividades fóra do sector público	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
Actividades posteriores emprego público	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
Agasallos, conflitos intereses	Código ético institucional da Xunta de Galicia
Declaracións de bens	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
Grupos de interese	Sen regulación
PCO	
Avaliación sistemas PCO	Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas
Informes plans PCO	Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica
Integridade e ética pública	Programa marco de integridade institucional/PXMA
Canal de denuncias	Programa marco de integridade institucional/PXMA
Protección do denunciante	Programa marco de integridade institucional/PXMA

Fonte: Elaboración propia

IV.1.2. Estratexia para a integridade institucional

4.3. A Recomendación da OCDE sobre integridade pública (2017) establece a necesidade de desenvolver un enfoque estratéxico para o sector público establecendo prioridades e obxectivos estratéxicos a partir dunha análise de riscos e indicadores sobre o nivel de implantación e a eficacia do sistema de integridade pública.

No cadro seguinte ofrécese unha visión esquemática dos criterios considerados nesta valoración, destacando as fortalezas e debilidades da situación actual:



Cadro 4: Estratexia. Fortalezas e debilidades

ESTRATEGIA/PROGRAMA MARCO DE INTEGRIDADE INSTITUCIONAL

Fortalezas

- Inclusión no plan estratéxico de obxectivos en materia de integridade e bo goberno
- Programa de integridade institucional aprobado
- Órganos transversais para a coordinación da política de integridade
- Plans de prevención de riscos e medidas antifraude aprobados (66 plans específicos)

Debilidades

- Política de difusión do programa: só un 30% do persoal directivo manifesta coñecer o PMII

Fonte: Elaboración propia

4.4. O *Plan estratéxico de Galicia 2022-2030* aprobado polo Consello da Xunta o 10 de marzo de 2022 contempla no eixe 5 (gobernanza) o obxectivo *OE 5.1.3. Organizacións públicas íntegras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión.*

Algunhas das metas que define que inciden no fortalecemento da integridade institucional son: consolidar unha Administración participativa, baseada no compoñente ético e nos valores de servizo público; instrumentar unha infraestrutura ética con mecanismos para que a conduta de responsables políticos e empregados públicos sexa exemplar, e consolidar os pasos en materia de transparencia e integridade na toma de decisións e rendición de contas.

Destaca de forma especial, polo seu alcance integral, a meta fixada de estender os plans de prevención de riscos de xestión a toda a organización e que abarque a toda a xestión realizada, con independencia da fonte de financiamento.

Tamén se fixa o obxectivo de reforzar o sistema de resposta ás queixas da cidadanía procurando maior axilidade na resolución das problemáticas, e aproveitar as canles de denuncia como ferramentas de mellora e detección de problemas, coa debida protección aos denunciante; integrar a transparencia e a integridade no deseño das políticas estratéxicas e de planificación, someter estas políticas a un proceso final de avaliación técnica, e que se traslade á sociedade mediante un sistema de rendición de contas.



4.5. A estratexia específica da Xunta de Galicia para afianzar a súa política institucional de integridade materializouse na aprobación do *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024*, ao que xa se aludiu anteriormente.

Este programa contempla a posta en marcha, de maneira gradual, de distintas medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e infraestrutura ética e ao control das actividades máis vulnerables ou sensibles aos riscos de xestión.

O programa inclúe seis eixes fundamentais de actuación con distintas medidas e un calendario de implantación: cultura institucional, ética institucional, recursos humanos e compromiso coa competencia profesional, plans de prevención de riscos de xestión, consolidación da administración dixital, e calidade normativa.

Un eixe clave da estratexia é a previsión dos plans de prevención de riscos de xestión para todas as consellerías e entidades instrumentais do sector público autonómico, e a integración naqueles dos programas de compliance⁵ das sociedades públicas para camiñar cara a políticas que, máis alá de eventuais riscos penais, poidan incorporar a integridade na totalidade da súa xestión.

IV.1.3. O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e os plans específicos dos centros

4.6. Como complemento do *Programa marco de integridade*, o Consello tiña recomendado a aprobación en cada centro dun plan de prevención de riscos que plasmara a suxeición aos elementos de infraestrutura ética comúns da organización, identificara as responsabilidades nesta materia, e definira o mapa de procesos e riscos, así como a súa avaliación e as medidas a adoptar de prevención.

En paralelo, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, veu a esixir plans de medidas antifraude pero só para as entidades xestoras dos fondos deste plan. A Orde estableceu un contido mínimo obrigatorio para os plans de medidas antifraude, como a DACI, o procedemento para a tramitación de CI e avaliación de risco de fraude, así como a configuración de medidas que abarcasen os catro elementos do ciclo da fraude (prevención, detección, persecución e recuperación).

O 10 de decembro de 2021, un acordo do Consello da Xunta aprobou o *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude (PXMA)* da Xunta de Galicia e o modelo de plan específico para

⁵ Programas de cumprimento normativo



os centros directivos e entidades instrumentais, que veu dar resposta tanto ás recomendacións do Consello como ás esixencias da citada Orde.

O plan xeral completouse con posteriores plans específicos das consellerías que agrupan os dos distintos centros directivos e os das entidades instrumentais dependentes, e preveu a incorporación de sucesivos centros con addendas ao plan inicial.

Sen prexuízo da valoración das distintas medidas dos plans que se analizan ao longo deste informe, neste apartado realízase unha primeira aproximación sobre a súa configuración formal e contido, así como sobre o número de plans aprobados e o proceso de elaboración.

De forma resumida, esta análise permite destacar as seguintes fortalezas e suxerir determinadas melloras:

Cadro 5: Plan de prevención de riscos e medidas antifraude. Fortalezas e propostas de mellora

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE

Fortalezas

- Inclusión dos plans nun marco de integridade institucional
- Vocación de extensión a todas as entidades e fondos do sector público autonómico
- Desenvolve un marco organizativo con distribución de competencias
- Establece medidas xerais de prevención como o compromiso coa integridade, a regulación dos conflitos de intereses, a suxeición a un código ético e unha política de formación
- Mecanismos de detección como bandeiras vermellas, canal de denuncias, e medidas de corrección e persecución
- Establece a necesidade dunha avaliación de riscos (remitindo á guía da CE sobre autoavaliación de fraude)
- Esixe medidas específicas axustadas aos riscos detectados para cada entidade en función da avaliación de riscos
- Establece unha política de revisión, seguimento e supervisión do propio plan

Debilidades

- Baixa participación do persoal na elaboración do plan e baixa difusión daquel. Só un 26% do persoal directivo enquisado participou na elaboración do PMA que afecta a súa Unidade e un 30% dese persoal manifesta non coñecer nada do PMA da súa Unidade.

Estratexias de mellora

- Estender a aplicación inmediata a todos os recursos públicos, sen prexuízo das obrigas derivadas da xestión do PRTR
- Enfatizar a obriga de cada centro dunha análise individualizada de riscos en función da súa actividade
- Integrar no seu contido o órgano de supervisión centralizado e describir as súas funcións
- Clarificar o órgano responsable da supervisión e avaliación xeral nos plans específicos
- Mellorar o procedemento de control dos conflitos de intereses
- Impoñer unha autoavaliación específica de riscos anual aos xestores
- Designar ao responsable da obriga de difusión dos plans e a forma de comunicalos

Fonte: Elaboración propia



Dotacións de plans nos centros da Administración autonómica. Desde a aprobación do Plan xeral en decembro de 2021, no ámbito do sector público autonómico aprobáronse 66 plans específicos de centro: 42 na Administración xeral e 24 nas entidades instrumentais. Desta forma, na Administración xeral un 80% dos centros superiores (42 dos 50) dispuñan a 30.12.2022 dun plan específico de medidas antifraude.

Máis do 80% dos plans estaban aprobados no primeiro trimestre de 2022, o que denota o esforzo realizado pola Administración autonómica en dotarse de plans de medidas antifraude nun curto prazo de tempo.

Por outro lado, 27 dos 66 centros contaban cun plan específico aprobado, aínda sen xestionar fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Proceso de elaboración dos plans. O proceso de elaboración dos plans realizouse en cada centro directivo a partir dun modelo que, seguindo fundamentalmente o esquema do Plan xeral, reproducía os contidos daquel, con apartados específicos para as especialidades de cada centro. Nos centros examinados constatouse que a elaboración correu a cargo da respectiva Secretaría Xeral (Vicesecretaría) coa colaboración dos responsables das unidades de contratación ou coordinación administrativa. Os centros contaron con apoio da DXSA aínda que este centro non elaborara instrucións escritas para poñer á súa disposición. Só consta a contratación externa de servizos nunha secretaría xeral técnica para a elaboración do plan específico.

O proceso de avaliación de riscos realízase tamén pola Unidade de Coordinación da respectiva Secretaría Xeral. Aínda que conta co apoio técnico dalgúns responsables de distintas unidades de contratación ou subvencións (ámbitos sobre os que se realiza), o grao de participación do persoal debe incrementarse substancialmente no futuro para dotalo do carácter participativo que esixe este proceso. A enquisa realizada sobre o persoal directivo mostra que só un 46% deste colectivo participou na avaliación de riscos da súa unidade.

Obxectivo, alcance e ámbito de aplicación dos plans. Dous aspectos destacan en relación co alcance dos plans: en primeiro lugar, a inclusión nun marco de integridade institucional; e en segundo lugar, un alcance subxectivo con proxección a todas as entidades e fondos do sector público autonómico. En efecto, o Plan xeral, tal e como recolle na súa introdución, enmárcase dentro da infraestrutura ética configurada no *Programa marco de integridade institucional*, e establece que os mecanismos e medidas que se detallan pódense aplicar na súa meirande parte á totalidade dos recursos e fondos que utilizan o conxunto dos xestores, aínda que se dirixe prioritariamente a atender as actuacións financiadas mediante o PRTR, particularmente polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), para dar así cumprimento ás obrigas derivadas da Orde ministerial HFP/1030/2021, do 29 de setembro.



O sistema de fases de aprobación de plans (unha inicial para as entidades xestoras do PRTR e outra máis dilatada para as restantes) polo que optou o Plan xeral quedou superado ao sumarse un número relevante de centros que non xestionan fondos xa á aprobación inmediata destes instrumentos.

Neste sentido, debería substituírse a descrición do seu ámbito de aplicación por outra que literalmente recollera en todos os plans a súa aplicación inmediata a todos os recursos públicos, sen prexuízo de que, particularmente, teña como obxectivo primeiro garantir as obrigas derivadas da xestión do PRTR.

Aspectos organizativos. O Plan xeral desenvolve un marco organizativo con distribución de competencias de todos os órganos transversais e a previsión dun órgano de prevención en todas as entidades públicas. Como estratexias de mellora, cabe recomendar que se integre no contido do plan o órgano de supervisión centralizado a que se alude no PMII (Comisión Interdepartamental de Coordinación e Integridade) e que se detalle no propio PMA tanto as funcións deste órgano como as do responsable de integridade de cada centro, ás que tampouco se alude.

Tamén, desde a óptica do Consello resulta relevante involucrar a todo o persoal dos centros cunha alusión explícita nos plans á asunción de compromisos en integridade e xestión dos riscos, cos diferentes niveis de intervención que derivan do seu nivel de responsabilidade.

Medidas xerais de prevención. Dentro destas medidas os plans aluden á suxeición aos elementos de infraestrutura ética comúns definidos polo Consello e referenciados pola Orde HFP/1030/2021: o establecemento do compromiso coa integridade (declaración institucional), a referencia ao código ético aplicable, a regulación dun procedemento para os conflitos de intereses, ou medidas de formación.

Mecanismos de detección, corrección e persecución. Como resposta a este requirimento, os plans conteñen un catálogo de bandeiras vermellas, o establecemento dun canal de denuncias e outras medidas ás que alude explicitamente a Orde HFP/1030/2021, como as medidas de corrección (avaliación, suspensión e retirada de proxectos) e persecución (investigación e traslados a instancias específicas) cando existan indicios de fraude.

Avaliación de riscos de fraude e adopción de medidas específicas axustadas aos riscos detectados. O Plan xeral establece a necesidade de realizar unha avaliación de riscos e fai referencia á guía da Comisión Europea sobre autoavaliación de fraude como metodoloxía a seguir nesta tarefa. De forma positiva establece un catálogo de riscos e medidas comúns a dúas áreas de actividade (contratación e subvencións) e fai unha remisión á necesidade de avaliación individualizada de riscos que debe realizar cada centro.

Quizais unha debilidade que pode advertirse do contido do Plan xeral é a escasa énfase coa que se establece esa obriga, que na práctica dalgúns centros quedou diluída cunha remisión da avaliación



de riscos ao Plan xeral. Neste sentido, parece necesario incidir con máis énfase, ben no contido do plan ou no acordo de aprobación, na obriga de cada consellería, organismo ou entidade de realizar unha análise individualizada de riscos en función da súa actividade.

Revisión, seguimento e supervisión do plan. O Plan xeral establece unha política de revisión, seguimento e supervisión dos plans específicos, con avaliacións periódicas anuais, aínda que non designa de forma clara o órgano responsable desas tarefas de supervisión sobre o grao de aplicación e efectividade das medidas, nin impón unha autoavaliación específica anual daquelas por parte dos xestores.

Difusión dos plans. Constitúe un aspecto que precisa de melloras, como se verá na enquisa realizada polo Consello. Neste sentido, á marxe da difusión na páxina web (que debería ser só adicional), cómpre establecer de forma clara mecanismos de difusión e comunicación dos plans, así como os responsables desa obriga.

Máis alá destes elementos troncais que veñen configurando na práctica das organizacións públicas o contido dos plans (e que atenden aos requirimentos da Orde HFP/1030/2021), tanto o Plan xeral como os específicos de centro viñeron engadindo por recomendación do Consello unha definición das principais funcións/actividades/procesos, así como dos recursos da organización. O obxectivo desta información, que era servir de marco para a posterior definición de factores e riscos, non se acadou pola ausencia dunha diagnose real que poña de manifesto as debilidades e fortalezas que presentan eses elementos dentro da organización.

Outro aspecto recomendado polo Consello é a inclusión nos plans dunha referencia a que constitúen un instrumento de xestión que documenta unha estratexia e, polo tanto, que deben considerarse un proceso máis que un mero documento. Este é un elemento clave de cara á concienciación de que o éxito destes instrumentos non está na súa aprobación, senón na efectiva implantación das accións concretas, así como no seu seguimento e revisións periódicas que permitan garantir que os seus efectos perduren a longo prazo.

No anexo V deste informe preséntase unha análise dos plans específicos das secretarías xerais técnicas das distintas consellerías.



IV.1.4. O compromiso coa integridade das autoridades e altos cargos. Liderado

4.7. Na implantación das políticas de ética teñen un papel capital os altos cargos, autoridades e directivos en forma de liderado ético que sirva de modelo, pola influencia inmediata sobre a conduta do resto do persoal.

Neste papel de exemplaridade, a través das súas propias accións e a súa conduta deberán reflectir o que é adecuado e o que non é aceptable. Ademais, son os líderes das organizacións os que deciden os recursos que se asignan á promoción da integridade, establecen as prioridades organizativas na implantación destas políticas, e deciden integralas nos sistemas de xestión.

A OCDE, na súa Recomendación sobre integridade pública (2017), establece o liderado como forma de “demostrar o compromiso por parte dos máis altos niveis políticos e de xestión dentro do sector público en reforzar a integridade”.

O Consello de Contas, no informe de diagnóstico do exercicio 2018, definiu algunhas das manifestacións dese compromiso dos altos cargos coa integridade.

A situación actual presenta avances na implantación de medidas neste ámbito, pero tamén aspectos pendentes de desenvolver, algúns deles incorporados ao *Programa marco de integridade institucional*. O cadro seguinte mostra esta situación:

Cadro 6: Política de ética. Fortalezas e debilidades

POLÍTICA DE ÉTICA (A filosofía da dirección reflicte o compromiso coa ética e integridade)

Fortalezas

- Portal web cunha declaración institucional visible de loita contra a corrupción e a fraude
- Adhesión dos altos cargos ao Código ético na toma de posesión
- Manual de acollida do persoal

Debilidades

- Ausencia dunha política de formación diferenciada dos altos cargos
- Ausencia dunha declaración anual de cumprimento do Código ético polos altos cargos

Fonte: Elaboración propia

Unha manifestación do compromiso dos altos cargos coa integridade visualízase –xa recollido no diagnóstico inicial– na inclusión de normas de conduta específicas para este colectivo e na esixencia



de adhesión dos altos cargos ao Código ético pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Como avances relevantes, a Administración xa formula na web corporativa unha declaración pública específica deste compromiso, e dispón dun *Manual de acollida* dirixido especialmente ao persoal que adquire a condición de empregado público da Xunta de Galicia, que figura publicado no Portal de transparencia, que explica esa política de ética.

O *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* recolleu como previsións as medidas do documento de diagnose do Consello de Contas, como reforzar os principios de integridade e exemplaridade, maior individualización das normas de conduta, e reforzo do compromiso de exemplaridade e adhesión dos altos cargos. Estes aspectos aínda non tiveron unha implantación efectiva, como tampouco a programación de actividades de formación obrigatoria nesta materia para os altos cargos sobre liderado ético e responsabilidade directiva, metodoloxías e habilidades relacionadas coa xestión de riscos e ferramentas para dar resposta aos dilemas éticos.

IV.1.5. O Código ético institucional

4.8. O Código ético institucional da Xunta de Galicia aprobouse polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de xullo de 2014.

O Código establece como primeiro obxectivo integrar a dimensión ética tanto no ámbito da adopción de decisións como no desempeño da actividade administrativa ordinaria.

Os códigos éticos/de conduta constitúen un dos instrumentos a que alude a Orde HFP/1030/2021 dentro das medidas de prevención a incorporar nos plans de medidas antifraude.

No cadro seguinte ofrécese unha visión dos criterios considerados para valorar este elemento, destacando as fortalezas e debilidades da situación actual:



Cadro 7: Código ético. Fortalezas e debilidades

CÓDIGO ÉTICO E DE CONDUCTA

Fortalezas

- O Código ético recolle os valores e principios éticos da organización
- O Código ético recolle a política de regalos
- Implantación de mecanismos de garantía para o cumprimento dos principios e valores
- O Código ético dáse a coñecer a todo o persoal na súa toma de posesión
- O Código ético dáse a coñecer aos contratistas e provedores que se relacionan coa Administración

Debilidades

- O Código ético non se revisa periodicamente (pendente a revisión programada para 2022)
- Actuacións periódicas de difusión do Código ético: só un 30% dos directivos manifestan ter un bo coñecemento do Código ético institucional

Fonte: Elaboración propia

Como notas positivas, xa se destacaron no informe diagnóstico de 2018 que o Código contempla un amplo e extenso número de normas de conduta, que pretenden abarcar un conxunto importante de situacións nas que se poden achar os cargos e servidores públicos⁶, con pautas concretas a seguir respecto dalgunhas materias⁷, que ten un alcance integral que afecta a todos os empregados e a todo o sector público da Xunta de Galicia; e previsións para a súa aplicación ás empresas que presten servizos á Administración, recolléndolas nos pregos de contratación.

En xeral, realiza unha enumeración dos principios e valores sen determinar o alcance ou concretar o seu contido. O Consello, no informe diagnóstico de 2018, recomendou recoller de forma máis explícita o principio de exemplaridade para os altos cargos e determinar con máis profundidade tanto o seu contido como o do principio de integridade.

⁶ Regalos e dádivas, mostras de cortesía e atencións protocolarias; abusos de poder, situacións de vantaxe ou tratamento de privilexio; uso responsable dos medios e recursos públicos; réxime de incompatibilidades e de conflitos de intereses; criterios de aplicación nas viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica; e situacións específicas en período electoral.

⁷ Dentro das pautas básicas a seguir, detalla: a) prohibición de regalos e dádivas; b) réxime aplicable a mostras de cortesía e atencións protocolarias; c) mecanismos de prevención ante posibles abusos de poder, situacións de vantaxe ou tratamento de privilexio; d) en relación coa imparcialidade; e) uso responsable dos medios e recursos públicos; f) réxime de incompatibilidades e de conflitos de intereses; g) criterios de aplicación nas viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica; e h) situacións específicas en período electoral.



De xeito positivo, o Código abordou aspectos nos que non existen normas no ordenamento xurídico suficientemente claras para evitar situacións de conflitos de intereses -de forma particular a prohibición de regalos-, pero non suple carencias normativas respecto doutros aspectos, como os referidos á relación dos cargos públicos cos grupos de interese.

Un reproche á regulación do Código ético efectuado no informe anterior foi que as funcións de órgano de garantía e seguimento quedaran reservadas á DXSA, por ser un órgano integrado na estrutura administrativa da Xunta. Un avance para superar esta situación foi a creación doutro órgano específico con presenza de persoal externo: un comité de ética composto por unha persoa representante do centro directivo competente en materia de avaliación administrativa, unha representante da Asesoría Xurídica Xeral, unha representante da Intervención Xeral da C.A., unha representante do Valedor do Pobo, e unha docente universitaria que imparta grao en Dereito.

Non obstante, a limitación dos seus cometidos a unha función de asesoramento potestativo (aínda que na práctica se sometan a consulta todos os casos, excepto as resolucións de arquivo, das que se lle dá conta ao Comité de Ética) á DXSA na resolución das denuncias réstalle relevancia ao seu labor de instrumento de garantía ao que está chamado.

Este plan tamén estableceu compromisos relativos aos conflitos de intereses dos altos cargos cunha regulación diferenciada da prevista para o restante persoal empregado público.

No eido das debilidades, aínda que existen actividades formativas relacionadas co Código ético institucional e que o Código forma parte do contido incluído no *Manual de acollida* para o novo persoal, aínda non existen actuacións periódicas de difusión do Código ético. A enquisa realizada polo Consello de Contas puxo de manifesto que o 57% do persoal directivo ten un coñecemento superficial do seu Código ético institucional, e só un 30% manifesta ter un bo coñecemento.

Parece necesario, ademais, fortalecer e ampliar os mecanismos para o coñecemento do Código entre axentes externos que se relacionan coa Administración, como contratistas ou beneficiarios de subvencións (declaración anual respecto do seu coñecemento, adopción e cumprimento), co fin de coadxuvar á súa observancia e acatamento.

Tamén a actualización do Código ético institucional é unha cuestión pendente. Aínda que figuraba como unha medida do *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* a levar a cabo ao longo do ano 2022, non foi finalmente abordada neste exercicio.

Finalmente, destacar como boa práctica a aprobación de protocolos/códigos de conduta nalgúns centros para o persoal que intervéñ na xestión dos procedementos de contratación e concesión de subvencións (plans dos centros da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade).



IV.1.6. A liña ética de denuncias

4.9. Outro dos instrumentos claves para garantir a efectividade dos marcos de integridade institucional son as canles e os procedementos para presentar denuncias sobre condutas inadecuadas ou para resolver dilemas éticos.

A canle de denuncias constitúe un dos mecanismos a que alude a Orde HFP/1030/2021 dentro das medidas de detección a incorporar nos plans de medidas antifraude.

Se ben nos modelos de integridade institucional estas canles están máis vinculadas á resolución de queixas e dilemas éticos, nos modelos de cumprimento están abertamente orientadas á presentación de denuncias por actos e omisións fraudulentos, abusivos ou corruptos que atentan contra o interese xeral.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 8: Liña de denuncias. Fortalezas e debilidades

LIÑA DE DENUNCIAS

Fortalezas:

- Existe unha canle específica de denuncias de prácticas irregulares ou de fraude
- Existe un procedemento para a tramitación das denuncias
- Existe un órgano independente de asesoramento na resolución das denuncias presentadas (Comité de Ética)
- O procedemento contempla garantías de anonimato e confidencialidade para o denunciante

Debilidades:

- Necesidade de adaptación á directiva comunitaria e normativa de transposición
- Difusión da canle de denuncias

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

A Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, na súa actuación como Oficina de Defensa das Persoas Usuarias dos Servizos Públicos, xa viña dispoñendo de canles electrónicas para que a cidadanía puidese formular queixas ou denuncias con respecto ao funcionamento dos servizos públicos.



O Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia previron a habilitación dunha canle específica de denuncias relativas á integridade institucional, que a Xunta de Galicia puxo en funcionamento en xaneiro de 2022.

A liña permite que calquera persoa empregada pública ou cidadán/á facilite a través desta canle información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico.

A condición de denunciante potencial esténdese polo tanto a todos os cidadáns, na liña do apuntado na Lei do Consello de Contas, para quen se establecen garantías de indemnidade, de non sufrir, nin durante nin despois da investigación, ningún tipo de medida que implique calquera forma de prexuízo ou discriminación.

A regulación da canle prevé tanto a presentación con identificación da persoa denunciante a través da sede electrónica da Xunta de Galicia como a posibilidade de presentación con anonimización de datos persoais, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a súa identidade. Cómpre, non obstante, avanzar en garantir totalmente o anonimato (tamén da dirección IP) xa no momento da recepción da comunicación, utilizando unha rede de anonimización que impida rastrexar a fonte da información (modelo Consello de Contas).

O Plan xeral contempla tamén un procedemento para a investigación das denuncias, as medidas de resposta para estas vulneracións, e un Comité de Ética con integración de persoal externo á Xunta que asume unha función de asesoramento sobre o cumprimento da política de integridade e tamén, de forma especial, sobre as resolucións que dean resposta aos incumprimentos advertidos, pero neste caso só cando a DXSA decida solicitálo, xa que se reserva esa competencia de decisión.

Entendemos que, en garantía da imparcialidade das decisións que se adopten, esta fórmula de asesoramento cómpre melloralala, cando menos, coa preceptiva intervención do Comité de Ética nos casos de supostas vulneracións do Código ético, e coa publicidade dos seus pronunciamentos.

En calquera caso, todas estas medidas, que supoñen un avance respecto da situación advertida no informe diagnóstico do ano 2018, necesitan unha adaptación á Directiva 2019/1937⁸, do Parlamento e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre

⁸ A finalidade da directiva é fomentar as denuncias sobre infraccións do Dereito da Unión mediante o establecemento de normas mínimas de protección para aquelas persoas que, no contexto das súas actividades laborais, tanto no sector público como no sector privado, teñan coñecemento deste tipo de irregularidades e queiran informar sobre elas.



infraccións do Dereito da Unión, sen prexuízo da normativa estatal que se dite para incorporar ao dereito español esa directiva, que está na actualidade en tramitación parlamentaria⁹.

Aínda que estas medidas están condicionadas polo desenvolvemento normativo estatal, a Directiva exige en todo caso a implantación dunha canle externa de denuncias e a configuración doutros elementos obrigatorios no procedemento de xestión interna desas informacións e no relativo ás medidas de protección do denunciante, aos que deberá suxeitarse a Administración galega.

En relación coa utilización da canle de denuncias, a información facilitada pola DXSA puxo de manifesto un uso reducido daquela. Desde a posta en funcionamento o 29 de xaneiro de 2022 na sede do Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI), recibíronse no canal un total de 44 denuncias, maioritariamente de persoal externo e dirixidas en moitos casos contra supostas infraccións de particulares. De todas elas, só 5 foron tramitadas como denuncias en materia de integridade (procedemento PR006A), e as restantes reconducidas a outros órganos para a súa tramitación.

A enquisa realizada polo Consello permitiu constatar tamén un coñecemento discreto do seu funcionamento polo persoal que contestou á enquisa, que reflicte que un 30% do persoal directivo (segundo manifesta) non coñece a forma de comunicar vulneracións ao marco ético da súa institución, que un 54% ten un coñecemento superficial, e que só un 10% ten un bo coñecemento.

Un terzo (35%) do persoal que contestou a enquisa considera que as persoas que notifican este tipo de cuestións están adecuadamente protexidas, e cerca da metade do persoal manifesta descoñecer se os empregados que notifican cuestións éticas están protexidos fronte a eventuais represalias.

En calquera caso, esta situación tamén pode deberse a unha falta de coñecemento, que mostra a enquisa sobre os procedementos e salvagardas pertinentes.

IV.1.7. Políticas de formación e difusión en materia de ética. Resultados

4.10. O mantemento duns estándares éticos elevados polas organizacións non pode basearse só en normas, senón que aquelas teñen que reforzar o desenvolvemento dunha cultura adecuada de integridade.

Esta cultura só pode desenvolverse se as persoas contan coas competencias e os coñecementos éticos necesarios e perciben o compromiso da organización neste aspecto. Neste sentido, son elementos

⁹ No Diario oficial das Cortes Xerais do pasado 23 de setembro publicouse o Proxecto de lei reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, para incorporar ao dereito español esa directiva.



importantes a formación e as orientacións adecuadas, así como un bo liderado e a aplicación transparente e coherente do marco ético.

O *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* prevé a inclusión nos plans de formación continua da Escola Galega de Administración Pública da ética pública e da integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público.

Ademais, este programa establece que “se incorporará nese plan unha parte específica de formación como ferramenta ao servizo da sensibilización en integridade e ética pública dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos”. Esta previsión implica a identificación de postos ou colectivos profesionais nos que se considere especialmente relevante a formación nesta materia, e a introdución de formación específica para estes colectivos en materia de integridade e ética pública. Igualmente, prevese o establecemento de “formación diferenciada para os altos cargos e o persoal directivo do sector público autonómico”, o que supón igualmente unha identificación e personalización da formación para os ditos postos.

Tamén a formación constitúe un dos elementos a que alude a Orde HFP/1030/2021 dentro das medidas de prevención a incorporar nos plans de medidas antifraude.

No exercicio 2021, a EGAP cuantifica en 380 os participantes en actividades formativas en materia de integridade/código ético/incompatibilidades (6 cursos) na Administración xeral, dos que algo máis de dous terzos (69%) obtiveron a correspondente certificación de coñecementos.

O Plan de formación da EGAP para o ano 2022 recolle só dous cursos de formación específicos relativos á integridade institucional e a ética pública: *Integridade institucional para o persoal responsable na materia* (25 prazas) e *Integridade institucional para todo o persoal empregado público* (50 prazas).

Outras accións formativas impartidas pola EGAP con contidos específicos da prevención de riscos de fraude foron as relacionadas coa xestión de fondos do PRTR. Os plans de formación da EGAP para 2021 e 2022 contemplaron tres cursos¹⁰ para os que se ofertaron un total de 150 prazas, e así mesmo 15 empregados da Xunta asistiron a formación impartida polo Ministerio de Hacienda para a execución do PRTR.

¹⁰ Plan de formación 2021: *Os novos fondos europeos COVID, MRR, execución e control; Dereito europeo concorrente no eido do PRTR*. Plan de formación 2022: *Os novos fondos europeos COVID, MRR, execución e control*.



4.11. Como se vén sinalando, o Consello levou a cabo unha enquisa sobre unha mostra do persoal directivo¹¹ para avaliar o seu grao de sensibilización con respecto aos marcos éticos e a súa percepción polo persoal. Aínda que os resultados da enquisa non constitúen evidencia directa de auditoría, indican a percepción dese persoal sobre as actitudes e competencias propias, e sobre o modo en que o marco ético funciona na práctica.

No cadro seguinte ofrécense algúns resultados da enquisa:

Cadro 9: Enquisa sobre a percepción da cultura ética, formación e difusión

PERCEPCIÓN DA CULTURA ÉTICA, FORMACIÓN E DIFUSIÓN

- A maioría do persoal (98%) considera que a cultura ética incide na mellora da prestación do servizo público
- A maioría do persoal indica que reconece os comportamentos pouco éticos cando se producen
- Máis da metade do persoal considera que a cultura ética da súa institución está fortemente implantada
- Só un terzo do persoal afirma ter un bo coñecemento do marco ético da Xunta de Galicia
- Só un 21% do persoal afirma ter realizado algunha actividade formativa sobre ética

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos da enquisa realizada nos centros

Os resultados máis destacados son os seguintes:

- Un 98% do persoal directivo enquisado considera que unha forte implantación da cultura ética incide directamente na mellora da prestación do servizo público.
- A maioría do persoal (máis do 80%) considera que reconecería unha conduta pouco ética se fosen testemuñas dela, o que demostra que valoran o seu propio «instinto ético». En calquera caso, só o 55% do persoal cre que os seus colegas non dubidarían en notificar un comportamento pouco ético aos seus superiores xerárquicos.
- Só un 30% do persoal afirma ter un bo coñecemento do marco ético da Xunta de Galicia. Este dato parece indicar un déficit potencial na transmisión da información sobre normas, procedementos e prácticas que constitúen o marco ético da Xunta.

As posibles razóns do baixo nivel de coñecemento do marco ético tamén se deducen da propia enquisa: en primeiro lugar, só un 21% do persoal afirma ter algún tipo de formación sobre ética no contexto do seu traballo, e a proporción de persoal que recibe formación periódica sobre ética só é

¹¹ Consideráronse a estes efectos como persoal directivo aos xefes de servizo, subdirectores xerais e secretarios/directores xerais. A enquisa realizouse en catro centros directivos remitíndoa a 114 directivos deses centros, obtendo resposta de 50 daqueles.



do 3%. En segundo lugar, ao redor do 70% do persoal afirma que as orientacións sobre cuestións de ética facilitadas polas súas institucións non son específicas nin se basean en supostos da vida real.

- Mentres que o 57% do persoal considera que a cultura ética da súa institución está fortemente implantada, un 32% non está de acordo con esta afirmación, e o resto indica que non sabe se é así.

- A proporción de persoal que confía en que as actuacións son coherentes cos principios do marco ético (96%) é superior aos que non confían (4%).

IV.1.8. Estrutura organizativa e control interno

Estrutura organizativa e control interno

4.12. En xeral, nos centros da Administración existe unha estrutura organizativa aprobada e actualizada con asignación de funcións e responsabilidades en todas as áreas ou unidades administrativas, e dáse publicidade ás competencias dos órganos e ás delegacións de funcións que aproban.

Máis alá da estrutura organizativa tradicional, no exercicio 2022 faise visible a regulación de novos aspectos organizativos vinculados á xestión dos elementos de integridade e á creación de novas estruturas de gobernanza vinculadas á xestión do PRTR.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 10: Estrutura organizativa e control interno

ESTRUTURA ORGANIZATIVA E CONTROL INTERNO

Fortalezas:

- Existe un organigrama e unha definición clara de funcións e responsabilidades
- Estase adaptando a estrutura ás novas necesidades do contexto actual (PRTR)
- Existe unha segregación clara de funcións nos procedementos

Debilidades:

- Aínda son escasos os manuais de procedementos e os procesos informáticos completos
- A fiscalización previa das intervencións delegadas non se completa con revisións posteriores, salvo no caso das subvenciones e fondos UE

Fonte: Elaboración propia



- A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, crea a *Comisión para a planificación e impulso de proxectos* como o órgano de planificación, dirección e coordinación das iniciativas empresariais que sexan susceptibles de ser financiadas polos fondos MRR; tamén, un *Comité Técnico de Fondos de Recuperación*, como órgano de apoio técnico á Comisión para a planificación e impulso de proxectos; e finalmente, por proposta do Comité Técnico, a posibilidade de crear *grupos de traballo técnicos sectoriais* que elaboren recomendacións en materia de simplificación de procedementos, harmonización de sistemas de contratación ou de procesos de convocatorias ou calquera outro preciso para a execución dos plans e proxectos. Só foron constituídos e están en funcionamento na actualidade a Comisión e grupos de traballo.

En concreto, creáronse dous grupos de traballo ao abeiro desta previsión: un grupo de harmonización en materia de contratación; e outro de simplificación en materia de subvencións, cuxos traballos deron lugar á aprobación do modelo de bases reguladoras para empresas e de catro pregos de referencia para a contratación de obras que figuran publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto.

- No ámbito do control interno (procesos, procedementos, pautas), se ben existen políticas e procedementos para o desenvolvemento das actividades principais, e estase dando unha resposta adecuada ás esixencias legais da administración electrónica coa informatización dos trámites de moitos procesos, son escasos os manuais de procedementos para as actividades principais, así como os procesos informáticos completos, excepto no ámbito da contratación pública.

No eido da xestión do PRTR elaborouse unha Guía para a xestión de expedientes con financiamento de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) que inclúe medidas de control interno como a descrición dos procedementos de xestión que fan efectivos os requirimentos esixidos polo PRTR; a descrición de procedementos para garantir o cumprimento de fitos e obxectivos e a identificación das unidades e órganos que participan nos controis do nivel I *control interno do órgano executor*, así como a forma de exercelos (cuestionarios de verificación de seguimento de fitos/obxectivos e test de autoavaliación de riscos).

- En xeral, nas principais actividades, existe unha adecuada segregación de funcións, así como a determinación de responsabilidades a fin de delimitar claramente quen está autorizado a realizar funcións e aprobacións específicas. A separación de responsabilidades de xestión, control e pagamento constitúe unha medida para evitar a posible aparición de conflitos de intereses.



- Con relación aos procedementos de autorización e aprobación, os centros contan con normativa que regula estes controis nas actividades máis relevantes. Sobre o particular, identifícase como debilidade o feito de non contar con políticas de difusión dos documentos de xestión que se aproban, e así mesmo constitúe unha debilidade o insuficiente soporte informático completo para a totalidade dos procedementos en curso.
- Respecto ao control de recursos e control patrimonial, os centros contan con procedementos para o control, inventario, saneamento físico e aseguramento (contratación de pólizas de seguro) de bens mobles e inmoables pertencentes ao seu patrimonio. A Instrución 1/2011 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma regula o control de expedientes que deben formar parte do inventario xeral do patrimonio da Comunidade Autónoma. En ningún dos centros se constatou, non obstante, a existencia de controis físicos periódicos dos indicados inventarios.
- Con relación aos controis sobre os accesos aos recursos ou arquivos, existen procedementos e normas de arquivo. Con todo, nos centros considérase que as áreas de arquivo das unidades actuais non son as máis adecuadas para un efectivo control da documentación, debido principalmente aos espazos físicos reducidos.
- O control interno económico-financeiro descansa sobre o papel da Intervención Xeral e das intervencións delegadas nos centros. Neste sentido, existe tanto unha planificación da xestión dos recursos financeiros como posteriormente un seguimento da execución moi normalizado, unha fiscalización do gasto realizada pola Intervención fundamentalmente a través da fiscalización previa, e un sistema de corrección das deficiencias detectadas pola Intervención Xeral que alcanza non só aos reparos senón tamén ás observacións realizadas.
- No diagnóstico de 2018 sinalábase que un aspecto a mellorar no control económico-financeiro, derivado fundamentalmente da insuficiencia de medios, tiña que ver coa dificultade de completar as fiscalizacións limitadas previas con revisións posteriores e de superar as actuais revisións legais de aspectos moi básicos con controis financeiros posteriores e con controis de resultados (economía, eficacia e eficiencia), que son os máis axeitados para verificar o cumprimento do principio de boa xestión financeira.



A xestión dos fondos MRR impulsou un reforzamento dos mecanismos de control mediante a creación de novas unidades, a reordenación do persoal e a flexibilidade na utilización dos medios dispoñibles. Coa finalidade de atender as esixencias comunitarias, dáse unha nova configuración aos procedementos de control e créase dentro da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a Oficina Galega de Auditoría e Control (OGAC)¹² cunha división específica para a auditoría de fondos comunitarios, integrada por catro unidades administrativas dirixidas por unha xefatura de servizo, e, entre elas, un equipo de auditoría do Feder e do MRR.

No eido dos procedementos de control dítase pola IXCA a Instrución 1/2022 que establece a forma de exercer os controis de nivel II *control interno de órgano dependente* nos expedientes financiados polo MRR¹³ con controis adicionais de legalidade sobre as bases reguladoras da concesión de axudas financiadas con eses fondos, controis específicos para os representantes da IXCA nos órganos colexiados de contratación, controis adicionais ao exercicio da fiscalización limitada previa, e do control financeiro das entidades do sector público autonómico non suxeitas a fiscalización previa.

Por último, asume os controis de nivel III *control ex-post mediante auditorías* a través de auditorías, ás que se aludirá no apartado deste informe relativo á supervisión do control interno.

Xestión dos conflitos de intereses e incompatibilidades

4.13. A xestión dos conflitos de intereses, do réxime de incompatibilidades e das relacións da Administración cos grupos de interese incide sobre toda a actividade administrativa, en tanto que trata de asegurar a imparcialidade na actuación dos xestores públicos.

A inclusión dun procedemento para a tramitación dos conflitos de intereses e a esixencia de DACIS constitúen parte do contido mínimo de medidas que a Orde HFP/1030/2021 configura como obrigatorias para os PMA.

No cadro seguinte móstrase unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

¹² Esta Oficina está integrada por tres divisións: a División de Auditoría Pública e Control Financeiro, a División de Auditoría de Fondos Comunitarios, e a División de Coordinación, Seguimento e Análise. As súas funcións son “realizar as actuacións de control que, no ámbito da execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia, lle corresponda executar á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, de conformidade co recollido nos regulamentos comunitarios e restante normativa que resulte de aplicación”.

¹³ En concreto: os aspectos adicionais a informar de acordo co artigo 18.2 do Decreto 11/2009, a actuación dos membros da IXCA como vogais nas mesas de contratación, os extremos a verificar no marco da fiscalización limitada previa nos expedientes de subvencións e contratación como control adicional a aquela, e os extremos a verificar nos expedientes das entidades do sector público autonómico sometidas ao réxime de control financeiro.



Cadro 11: Xestión dos conflitos de intereses

CONFLITOS DE INTERESES

Fortalezas:

- Establecemento dun procedemento para tratar os conflitos de intereses
- Existe unha unidade encargada de xestionar os conflitos de intereses dos altos cargos
- Esíxese unha declaración de ausencia de conflitos de intereses nos procedementos máis susceptibles

Debilidades:

- Escasa supervisión das declaracións de ausencia de conflitos de intereses
- Divulgación e coñecemento insuficiente de como actuar diante dun conflito de intereses

Fonte: Elaboración propia

Segundo a OCDE –Recomendación da OCDE sobre Integridade Pública (2017)–, toda organización deberá implantar procedementos para identificar, xestionar e resolver conflitos de intereses que garantan que os funcionarios públicos coñecen as súas obrigas en canto á declaración de situacións de conflitos de interese.

A Lei de Galicia 1/2016, de transparencia e bo goberno, prestou unha adecuada atención á xestión dos conflitos de intereses dos altos cargos. Ao servizo do control destes conflitos de intereses regúlase na lei o réxime de actividades e incompatibilidades, o deber de abstención, as limitacións de actividades posteriores ao cesamento, e as declaracións e rexistro de actividades e bens patrimoniais; e, no Código ético, a prohibición de regalos ou dádivas. Existe tamén unha unidade –Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas– encargada de xestionar o réxime de incompatibilidades e conflitos de intereses dos altos cargos e coñecer das denuncias por posibles incumprimentos.

Ademais, a Lei de transparencia e bo goberno incrementou os datos de publicidade activa para o control sobre os eventuais conflitos de intereses, e recolle un sistema de notificación á mencionada Oficina dos conflitos de intereses sobrevidos e un réxime de infraccións e sancións en materia de incompatibilidades e conflitos de intereses, prevendo que a Oficina poida realizar de oficio actuacións previas de carácter reservado de cara ao inicio dun expediente.

No informe diagnóstico de 2018 indicábase que non constaba nesta Oficina ningunha notificación de conflitos de intereses, o que podía ser indicativo da necesidade de mellorar as ferramentas de xestión para dotar de maior eficacia ao procedemento de detección de conflitos de intereses. Respecto deste exercicio 2022 non se obtivo información da actividade realizada por este centro.



O Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, e tamén os plans específicos de centro, dedican un apartado específico ás medidas relativas ao sistema de prevención de conflitos de intereses que deriva do réxime legal aplicable aos altos cargos e do réxime especial derivado da Orde HFP/1030/2021 tanto para aqueles como para os funcionarios públicos¹⁴. Estas medidas están baseadas na formulación das DACIS, maioritariamente nas actuacións financiadas co PRTR, facendo referencia nos plans ao momento e verificación da presentación desta declaración.

Tamén os modelos de pregos de cláusulas administrativas para os contratos de obras e de bases reguladoras harmonizadas de subvencións esixen estas DACIS para calquera tipo de fondos que se xestionen.

Desta forma, o marco ético relacionado cos conflitos de intereses baséase en gran medida en autodeclaracións dos distintos membros do persoal, que se verifica que se teñan presentado nun determinado momento do procedemento.

Porén, nin as normas citadas nin os instrumentos aludidos (PXMA) prevén procedementos ou protocolos para avaliar a información facilitada nesas declaracións do persoal (a súa exactitude, fiabilidade ou integridade) ou examinar calquera outra información dispoñible, xa sexa de fontes internas (por exemplo, expedientes persoais ou outras declaracións existentes) ou externas (por exemplo, sitios web) que poida verificarse e ser obxecto de controis cruzados.

A Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, contempla unha previsión de verificación baseada nunha ferramenta informática que analice as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de intereses¹⁵. Esta previsión legal foi completada pola Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o PRTR.

¹⁴ Establece que os funcionarios públicos e, de ser o caso, os restantes empregados públicos que interveñan na redacción de bases reguladoras de subvencións ou na elaboración das prescricións técnicas ou das cláusulas administrativas dos contratos que vaian ser financiados con fondos derivados do PRTR deixarán constancia nos respectivos expedientes dunha declaración asinada nos mesmos termos que no apartado anterior. Do mesmo xeito, os funcionarios que interveñan nas comisións de baremación de subvencións ou nas mesas de contratación de expedientes financiados cos mesmos fondos deixarán constancia na acta de constitución da comisión ou da mesa dos extremos referidos na declaración anterior.

¹⁵ Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. Disposición adicional centésima décima segunda. Uno. De conformidade coa normativa europea reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia así como as normas financeiras aplicables ao orzamento da Unión, a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia está baseado nunha ferramenta informática de «data mining», con sede na Agencia Estatal de Administración Tributaria de España, sen prexuízo das auditorías, que a autoridade independente de auditoría leve a cabo. Once. O previsto nesta disposición ten carácter básico e apróbase ao amparo do disposto nos apartados 13, 14 e 18 do artigo 149.1 da Constitución Española.



Desde o punto de vista do procedemento tamén parece necesario completar esas referencias á presentación das DACIS e a súa verificación cun maior desenvolvemento das pautas da tramitación e resolución das situacións de conflitos de intereses no caso de presentarse: comunicación aos superiores xerárquicos, actuación destes últimos, tratamento de conflitos sobrevidos, tratamento dos riscos potenciais, documentación do proceso, e traslado aos órganos xestores ou responsables de integridade.

Neste punto, parece esencial aproveitar as vantaxes de dispoñer dun órgano de garantía como a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, que aporte criterios imparciais de actuación sobre os conflitos de intereses que se poidan presentar, así como apoio aos superiores xerárquicos na toma de decisións sobre os conflitos presentados.

Outras suxestións que poden completar o contido dos plans neste eido son a inclusión dunha definición das modalidades de conflitos de intereses e unha referencia á aplicación estrita das normas que rexen estas situacións.

Na enquisa realizada polo Consello observouse que o persoal directivo dubida sobre como actuar diante dun conflito de intereses. Máis da metade do persoal manifesta que ten un coñecemento superficial ou non coñece como actuar diante dun conflito de intereses, e que a divulgación da forma de actuar diante desas situacións por parte da Administración só se considera adecuada polo 35% do persoal.

En materia de incompatibilidades, como unha esixencia a maiores establecida ao servizo dese control, estase dando unha publicidade satisfactoria ás resolucións de concesión outorgadas, aínda que non alcanza o texto completo das resolucións ditadas, e tamén ás declaracións de actividades e bens patrimoniais.

Outro mecanismo de prevención de influencias indebidas consiste na publicidade das axendas públicas dos altos cargos. Dentro das obrigas específicas definidas na Lei 1/2016 está a de publicar, dentro da información institucional, organizativa e de planificación, as "axendas da actividade institucional pública dos membros da Xunta de Galicia e das persoas que ocupen altos cargos, que se manterán públicas, como mínimo, durante un ano". Esta obriga estase cumprindo, sen prexuízo das melloras de transparencia que entendemos que se poden incorporar para deixar unha constancia máis precisa da temática das reunións, da iniciativa da súa celebración ou das propostas recibidas por grupos de interese, e avanzar así nun reforzo da información para garantir a trazabilidade das decisións públicas e que parcialmente están vencelladas á aprobación da normativa estatal sobre esta materia.

Por último, a ausencia de previsión de regulación dos grupos de interese, estatal e autonómica, non permitiu constatar ningún mecanismo de control sobre a actividade destes grupos.



Órganos de supervisión do sistema de integridade e prevención de riscos da corrupción

4.14. Un dos aspectos fundamentais para implantar un sistema ou estratexia de fomento da integridade e prevención da corrupción é a definición clara, explícita e pública das funcións e responsabilidades dos diferentes estamentos da estrutura organizacional que nalgún momento interveñen nese sistema.

No informe diagnóstico de 2018 recomendábase á Administración compatibilizar unha instancia centralizada de supervisión (unha Comisión Interdepartamental de Coordinación, asistida pola DXSA) con órganos de prevención nas distintas consellerías, seguindo o modelo utilizado para os responsables de transparencia xa posto en marcha coa creación das unidades responsables da transparencia nas consellerías e a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación a nivel central.

Se ben non se procedeu á reforma do marco normativo, como recomendaba o Consello para que a determinación destes órganos e o alcance das súas funcións e responsabilidades se definira normativamente para toda a Administración, o *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* preveu a creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión como órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade. Esta comisión, integrada polas secretarías xerais técnicas, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Asesoría Xurídica Xeral, a Dirección Xeral da Función Pública, e a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa prevía poñerse en funcionamento ao longo de 2022, pero finalmente non se fixo.

Tamén, o citado programa marco preveu a creación dos órganos responsables da integridade e prevención de riscos de xestión nos centros da Administración xeral e en cada unha das entidades instrumentais do sector público autonómico.

A estrutura organizativa que contempla o *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude* da Xunta de Galicia artículase sobre tres niveis: o nivel de alta dirección que corresponde ao Consello da Xunta e titulares dos centros (aproban os plans e realizan a declaración institucional de compromiso coa integridade); un segundo nivel de órganos transversais (IXCA, DXSA, DXFP, AX, DXPO) con funcións de asesoramento, control financeiro e control de xestión, ou impulso da política de integridade, pero sen funcións de supervisión e seguimento dos plans. Neste nivel procedería dar cabida á indicada Comisión (ou a un Comité integrado polos órganos transversais), con esas funcións previstas de supervisión propias dun comité antifraude pero que non obstante non foi incorporada ao plan xeral; e, por último, un terceiro nivel de unidades responsables da integridade e prevención de riscos en cada consellería ou centro.



O *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude* da Xunta de Galicia si prevé estas unidades, indicando que as persoas ou unidades responsables da integridade e prevención de riscos velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan xeral de prevención, actuarán como interlocutores cos órganos transversais encargados do cumprimento deste plan, e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan. No perfil destes órganos buscarase a identificación cos responsables da coordinación da xestión da calidade e da transparencia designados en base ao *Plan xeral de mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023*.

Salvo en catro secretarías xerais técnicas nas que o plan de prevención específico asigna esa responsabilidade a unha unidade determinada, en xeral estes plans reproducen as previsións do Plan xeral, sen que conste polo tanto á data actual a designación da unidade concreta que asume esa responsabilidade.

Como estratexia a seguir de cara á revisión dos plans, parece oportuno integrar no contido dos plans (tanto no xeral como nos específicos) ese órgano de supervisión centralizado a que se alude no PMII (Comisión Interdepartamental de Coordinación e Integridade), ou un Comité integrado polos órganos transversais, e definir nos propios plans específicos tanto as funcións deste órgano como as do responsable de integridade de cada centro, os labores de coordinación necesarios entre ambos, e tamén a conexión destas unidades co resto das funcións e unidades que están implicadas na xestión e control dos fondos europeos, en especial coas unidades xestoras ou executoras das actuacións PRTR que teñen o control interno deseñado na Orde HFP/1030/2021 como control de nivel I *control interno da unidade executora*.

No cadro seguinte ofrécese un esquema das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 12: Órganos de impulso e supervisión da integridade

ÓRGANOS DE INTEGRIDADE
Fortalezas: - Configuración de órganos transversais e de centro para o impulso e supervisión da integridade. - Previsión/designación dun órgano responsable da integridade e cumprimento por centro
Debilidades: - Está pendente de creación o órgano de supervisión centralizado (Comité antifraude) - Os plans de prevención non contemplan este órgano, nin as funcións e conexión dos órganos de integridade cos órganos implicados no control dos fondos europeos

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros



IV.1.9. As políticas e prácticas de recursos humanos

4.15. No ámbito da prevención da corrupción, a política de recursos humanos nas institucións públicas ten un papel esencial na promoción dun ambiente ético a través dos procesos de recrutamento, avaliación e promoción do persoal baseados nos principios de mérito e capacidade como antídoto de decisións arbitrarias ou de favoritismos, e como compromiso da organización de atraer e promover a profesionais competentes.

Tamén neste ámbito, as tarefas relacionadas coa xestión do PRTR esixiron a adopción de medidas específicas en materia de planificación, xestión e formación de persoal para unha xestión eficiente deses fondos.

Unha visión das fortalezas e debilidades que presentan estas políticas na situación actual na Administración autonómica ofrécese no seguinte cadro:

Cadro 13: Políticas e prácticas de recursos humanos

RECURSOS HUMANOS

Fortalezas:

- Existen medidas específicas de reforzo da imparcialidade dos tribunais
- Limitación dos postos de libre designación
- Aprobación de medidas para adaptación dos RRHH ás necesidades da xestión do PRTR

Debilidades:

- Ausencia de planificación estratéxica
- Situacións prolongadas de ocupación provisional de postos
- Falta de implantación dunha carreira profesional vinculada coa avaliación do desempeño

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

- A planificación das necesidades de efectivos é un aspecto clave de cara aos procesos de recrutamento de persoal. Os centros dispoñen dos instrumentos de ordenación que esixe a lei, pero a Administración autonómica non está facendo uso doutros instrumentos de planificación estratéxica para unha óptima utilización dos recursos e a análise de necesidades de persoal, máis necesarias que nunca no actual contexto de relevo xeracional.



Con ocasión da xestión dos fondos do PRTR, a normativa aprobada¹⁶ preveu a análise de cargas de traballo naquelas consellerías que teñen asignados proxectos deste plan ao obxecto de determinar as necesidades de medios humanos, pero só dúas consellerías desenvolveron algún instrumento de planificación estratéxica.

Adicionalmente, o Consello da Xunta aprobou por Acordo do 8 de abril de 2021 as “Actuacións en materia de persoal para a xestión dos fondos de recuperación e resiliencia (MRR) e outros fondos europeos”, no que figuran instrumentos de flexibilización de asignación de tarefas para atender a xestión destes fondos.

- O Código ético institucional incorpora medidas específicas de reforzo da imparcialidade nos procesos selectivos, como normas de funcionamento dos procesos para evitar filtracións, causas de abstención para os preparadores de aspirantes, ou mecanismos de selección aleatoria de preguntas.

O marco normativo tamén contempla a exclusión de persoal de elección ou designación política e de funcionarios interinos como membros dos órganos de selección, ou a limitación de presenza de representantes sindicais.

Neste eido, a Xunta de Galicia asumiu ademais as recomendacións do Consello de Contas relativas á designación dos membros destes órganos mediante técnicas de sorteo a partir de persoas seleccionadas previamente con capacitación, competencia e preparación, ou a gravación das probas orais dos procesos; e a previsión normativa de crear órganos especializados e permanentes para a organización de procesos selectivos, aínda pendentes de implantación.

- A provisión de postos de traballo de maneira definitiva é tamén un factor clave para a independencia, obxectividade e neutralidade, sobre todo en áreas vulnerables a riscos da corrupción. Neste sentido, parece necesario evitar situacións de provisionalidade prolongada na ocupación de postos mediante formas de provisión transitoria (comisións de servizo e adscricións) que existen na actualidade, e que é preciso reconducir coa axilización dos concursos específicos para prover en prazos razoables as prazas que con anterioridade se provían por libre designación¹⁷.

Esa cobertura provisional pon de manifesto, ademais, a dificultade para asegurar a cobertura de postos nos procesos de provisión cos perfís profesionais adecuados para o seu desenvolvemento, o que é indicativo da necesidade de que as propias consellerías afonden na análise dos perfís

¹⁶ Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (art. 75.1) e Acordo do Consello da Xunta do 8 de abril de 2021 polo que se aproban instrucións en materia de persoal para a xestión dos fondos MRR e outros fondos europeos.

¹⁷ No informe de fiscalización dos gastos de persoal da Administración xeral 2014-2019 indicábase que se consideramos como situacións normais aquelas nas que o posto está ocupado polo seu titular, podemos apreciar que só o 60% dos postos de traballo se atopan nesa situación.



profesionais para os postos e asegurar así a cobertura idónea nos procesos de provisión que se convoquen.

A definición deste perfil debe servir ademais para delimitar tamén aqueles postos que puideran ter a consideración de máis vulnerables á integridade, para incluír unha formación ética como requisito para a selección do seu persoal, especialmente en postos directivos con responsabilidades sobre riscos da corrupción, en áreas sensibles a actos de corrupción, ou en postos relacionados con funcións de vixilancia e control.

Neste eido, a Xunta de Galicia estableceu no PMII, como unha das medidas, a mellora dos mecanismos para axilizar a cobertura definitiva dos postos de traballo.

De forma particular, no ámbito da xestión dos fondos europeos habilitáronse vías específicas de reordenación de recursos humanos: unha ordinaria de asignación de tarefas, traslados de efectivos e creación de grupos, e outra extraordinaria coa creación de unidades específicas de carácter provisional que, como medida excepcional, deberá estar suficientemente motivada¹⁸. No ano 2022, en seis centros directivos constituíronse grupos de traballo e noutros tres unidades específicas con adscrición de persoal propio e a incorporación de novo persoal interino.

- Nos distintos centros, a redución considerable dos postos de libre designación logo da entrada en vigor da Lei do emprego público de Galicia vai supoñer unha garantía de imparcialidade na adxudicación dos postos de máis responsabilidade da Administración, e mostra unha resposta adecuada ao cuestionamento que esta forma de provisión tivo en relación coa ética e profesionalidade na xestión pública. Queda por avanzar na motivación da elección do candidato e na publicidade deses méritos e criterios de valoración.¹⁹

Desta forma, é necesario afondar, nas propostas de resolución, sobre a motivación acerca dos criterios de baremación utilizados para a selección dos candidatos, de xeito que se faga máis transparente a información sobre a acreditación da súa idoneidade e sobre o maior peso dos méritos na persoa seleccionada fronte ao resto de participantes, e evitar así, na medida do posible, a xudicialización dos procedementos de provisión destes postos.

¹⁸ Xustificarase en que non poden ser asumidos coa asunción de tarefas de xeito parcial por parte do persoal nin por medio da creación de grupos de traballo, por ter a súa tramitación un volume inxente de carga de traballo, unha continuidade temporal e unha duración superior a 1 ano.

¹⁹ No informe de fiscalización dos gastos de persoal da Administración xeral 2014-2019 indicábase que as resolucións de adxudicación de postos analizadas conteñen unha escasa motivación da elección do candidato, non precisan os criterios concretos elixidos como prioritarios para decidir o seu nomeamento nin as calidades profesionais consideradas nos funcionarios nomeados para apreciar que concorren neles en maior medida que nos restantes candidatos. Non existe polo tanto unha publicidade adecuada dos méritos e dos criterios de valoración considerados para a selección dos candidatos.



- O recoñecemento de condutas e rendementos meritorios constitúe un aliciente á profesionalidade da xestión pública, mentres que a falta dese recoñecemento ten efectos negativos sobre a cultura organizativa. Na actualidade non existe ningún programa de avaliación do rendimento que afecte a unidades administrativas dos centros seleccionados, nin tampouco retribucións variables vinculadas ao cumprimento de obxectivos.

Como excepción, no ámbito da xestión do PRTR preveuse a posibilidade de incentivos económicos (produtividade e gratificacións) vinculadas ao cumprimento de obxectivos como a redución de prazos nas fases dos procedementos, a porcentaxe de execución de fondos ou o grao de cumprimento de indicadores establecidos nos proxectos. No exercicio 2022 aboáronse incentivos en cinco centros directivos²⁰.

O artigo 20 do EBEP obriga ás Administracións a establecer sistemas de avaliación do desempeño como procedemento para medir e valorar a conduta profesional, o rendimento ou o logro de resultados. Á espera dun desenvolvemento regulamentario, esta avaliación non foi implantada en ningún ámbito organizativo do sector público autonómico. Ademais da incidencia sobre a carreira profesional, está chamada a proxectar os seus efectos sobre a provisión de postos, sobre a percepción de retribucións complementarias, e sobre a formación.

Os sistemas de promoción vertical que ligan a progresión unicamente ao cambio de posto dificultan a retención de profesionais competentes e favorecen a progresión a través de formas de provisión transitorias (comisións de servizos) para evitar esa perda de persoal competente nas distintas unidades. Unha resposta satisfactoria pode ser a carreira horizontal, que aparece como potestativa tanto no EBEP como na Lei do emprego público de Galicia, e que está sendo implantada mediante un sistema transitorio no ámbito da Administración autonómica, alcanzando a todos os centros da Administración xeral.

Neste eido, a Xunta de Galicia estableceu no PMII, como unha das medidas, elaborar a norma de desenvolvemento da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación coa avaliación do desempeño.

²⁰ AMTEGA (produtividade), IGAPE (gratificacións), GAIN (produtividade), DX Patrimonio Natural (produtividade e gratificacións), e Política Social-Dependencia (produtividade).



IV.2. AS POLÍTICAS DE XESTIÓN DE RISCOS

4.16. Xunto coas políticas de integridade, a política de xestión de riscos constitúe o pilar que completa un sistema integral de prevención da corrupción.


O feito de recoñecer que as Administracións están expostas a riscos de xestión e/ou corrupción non implica que estean incorrendo en incumprimentos ou actos corruptos nas súas actuacións. Pola contra, admitir esta posibilidade pola natureza das actividades que están a desenvolver é un elemento fundamental para establecer e orientar os controis da xestión.

Como se vén indicando nos documentos técnicos aprobados polo Consello, a avaliación de riscos dentro dos sistemas de control interno contempla un enfoque global que abarca a totalidade dos riscos de xestión, incluídos os relacionados coa corrupción e integridade.

A administración de riscos é o proceso sistemático que deben realizar as institucións para avaliar os riscos aos que están expostas no desenvolvemento das súas actividades, mediante a análise dos distintos factores que poden provocalos e coa finalidade de definir as estratexias que permitan controlalos.

4.17. A continuación móstranse os resultados correspondentes aos controis realizados que teñen en conta estes aspectos, incluídos no cuestionario respecto da administración de riscos:

Gráfico 6: Administración de riscos 2018 e 2022



Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

O nivel de desenvolvemento da implantación deste compoñente situouse en 14,38 puntos (fronte aos 11,14 puntos da avaliación anterior) de 20 posibles, o que supón un sistema de control interno cun



nivel de implantación medio, con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixidos.

IV.2.1. Establecemento de obxectivos

4.18. A definición clara duns obxectivos institucionais vai servir para a identificación, valoración e avaliación dos riscos, en especial os riscos da corrupción, que afecten a unha organización.

Resulta fundamental establecer unha vinculación clara entre os obxectivos máis específicos da organización e o proceso de avaliación de riscos para determinar e orientar o alcance da avaliación, centrarse nos riscos máis relevantes e asegurar que non se sobrecargue a información do proceso.

Para os centros da Administración autonómica existe unha planificación estratéxica (*Plan estratéxico de Galicia 2022-2030*) co deseño de obxectivos e indicadores, e formalmente tamén está establecido un sistema de seguimento e avaliación que permite valorar o grao de consecución dos obxectivos estratéxicos definidos, e medir o seu grao de eficacia e eficiencia.

No *Plan estratéxico de Galicia 2022-2030* alúdese, por primeira vez, a obxectivos en materia de integridade, e tanto no *Programa marco de integridade institucional* como nos plans de prevención aprobados (xeral e específicos) asúmese a medida de incorporar aos plans sectoriais o compromiso da súa xestión de conformidade cos obxectivos de integridade.

No ámbito das secretarías xerais técnicas é onde menos perfilados están estes elementos (obxectivos e indicadores), por tratarse de centros que teñen como obxectivo xenérico o apoio técnico especializado para o funcionamento operativo dos servizos administrativos dos restantes centros directivos das consellerías.

Porén, tanto nos programas orzamentarios como en determinados plans sectoriais que lle afectan están definidos obxectivos e indicadores de xestión. Cómpre traballar non obstante na aliñación entre a planificación estratéxica, a sectorial e a orzamentaria e na coherencia dos seus obxectivos e indicadores, así como no sistema (órganos, procedementos e metodoloxía) de seguimento e avaliación.

Nos últimos anos existen informes de seguimento do PEG 2015-2020, publicados no portal de transparencia da Xunta, que conclúen que se está a implementar a estratexia global acadando valores por riba do esperado nas principais liñas de actuación, pero sen concretar con claridade os resultados por centro.



O novo *Plan estratéxico de Galicia 2022-2030* prevé unha avaliación anual, que se plasmará nun informe que se presentará no segundo semestre de cada ano; unha avaliación intermedia, unha vez finalizado o exercicio 2025; e unha avaliación final e conxunta de todo o período de vixencia do plan, xunto co informe de seguimento e avaliación do ano 2030.

En xeral é preciso avanzar na implantación de modelos de autoavaliación de eficacia e eficiencia da xestión e nos mecanismos de rendición dos resultados da xestión. Unha vía para avanzar nesa avaliación e rendición sería a asignación de responsabilidades no cumprimento de obxectivos, e a definición dos niveis de tolerancia ante o incumprimento ou non consecución total daqueles.

De forma particular, a xestión dos novos fondos vinculados ao MRR esixiu a implantación dun novo sistema de xestión por fitos e obxectivos con novos instrumentos de planificación, un sistema de información para o seu seguimento, e mecanismos que permitan previr, detectar, e corrixir situacións constitutivas de fraude, corrupción ou conflito de intereses. A Comunidade Autónoma dotouse dun documento de estratexia xeral²¹, aínda que están pendentes de desenvolver outros instrumentos para a xestión, así como o sistema de información e seguimento, en preparación na actualidade.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 14: Establecemento de obxectivos

PLANIFICACIÓN

Fortalezas:

- Existe unha planificación nos centros con definición de obxectivos
- Defínense os obxectivos e indicadores para a avaliación

Debilidades:

- Escasa publicidade da avaliación dos obxectivos

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

²¹ A Estratexia Next Generation Galicia establece os campos prioritarios de investimento na nosa Comunidade



IV.2.2. Identificación e avaliación de riscos de xestión

4.19. A avaliación de riscos é un proceso iterativo que debe permitir aos xestores comprender os factores que facilitan os riscos e obstaculizan os obxectivos sobre a base dunha análise dos riscos.

Cómpre subliñar ese carácter de proceso iterativo para superar un enfoque formalista que se limite ao exercicio de encher listas de verificacións ou mesmo modelos de plans predeterminados con remisións a outros documentos, sen abordar unha reflexión dos factores e riscos individualizados de cada organización.

Este proceso ten como obxectivo final determinar se existe a necesidade de responder aos riscos identificados e, nese caso, como facelo.

A autoavaliación de riscos constitúe unha esixencia que forma parte das medidas que a Orde HFP/1030/2021 configura como obrigatorias para os PMA.

No modelo proposto polo Consello de Contas, a avaliación de riscos da corrupción ou fraude non constitúe un exercicio de avaliación independente, senón que se incorpora ás actividades de avaliación global de riscos de xestión, buscando as interrelacións coas diferentes categorías de riscos (estratéxicos, operativos, financeiros, de cumprimento ou reputación).

Unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este proceso na actuación da Administración autonómica ofrécese no seguinte cadro.

Cadro 15: Identificación e avaliación de riscos

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE RISCOS

Fortalezas:

- Disponse dunha metodoloxía para a identificación e avaliación de riscos
- Realízase unha identificación dos procesos máis susceptibles dos diferentes centros
- Identifícanse (por remisión) os riscos ou posibles incumprimentos nos procesos máis vulnerables
- Considéranse os riscos de fraude e corrupción
- Considéranse maioritariamente os riscos propostos no catálogo de actividades susceptibles do Consello de Contas

Debilidades:

- Insuficiente valoración individualizada de factores de riscos e de riscos nos distintos centros
- Baixa participación do persoal neste proceso

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros



Directrices e metodoloxía

4.20. Na Administración autonómica, o PXMA define por primeira vez as pautas para un proceso sistemático de avaliación de riscos de xestión, incluídos os riscos para a integridade.

Aínda que o PXMA asume parte das directrices recollidas no documento técnico *Metodoloxía para a avaliación de riscos*, facilitado polo Consello de Contas, alude expresamente a que se seguirá a metodoloxía prevista pola Comisión Europea para a autoavaliación de riscos.

Esta metodoloxía xa fora utilizada polos centros que xestionan fondos comunitarios para a avaliación de riscos de fraude por imposición da Comisión Europea ás autoridades de xestión no desenvolvemento do marco comunitario 2014-2020.

Os plans específicos dos distintos centros aluden á aplicación desta metodoloxía, aínda que a sigan de forma parcial e desigual, como se verá nos epígrafes seguintes.

Actividades ou áreas susceptibles de riscos

4.21. O PXMA, aludindo aos traballos xa realizados polo Consello de Contas, considera que os riscos máis relevantes nas actuacións das secretarías xerais afectan as áreas de subvencións e contratación. Son, ademais, os dous ámbitos da actividade administrativa sobre os que a normativa europea ten realizado maiores propostas de políticas antifraude.

Tendo en conta que o PXMA ten como obxectivo na súa etapa inicial o de servir como plan antifraude aos efectos da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e que boa parte dos fondos do PRTR son xestionados mediante o recurso á actividade de fomento (subvencións) e á contratación de obras e servizos, os riscos sobre os que cómpre facer maior fincapé son precisamente os que poidan acontecer nestas dúas áreas.

En calquera caso, todos os centros identificaron de forma adecuada nos plans específicos as principais actividades ou procesos que desenvolven e que deben considerarse para a identificación de riscos.

Desta forma, no ámbito das secretarías xerais técnicas nas que se desenvolveu o traballo, ademais das áreas de contratación e subvencións, os centros identificaron outras áreas de actividade susceptibles de riscos. No seguinte cadro figuran estas actividades ordenadas polo número de centros que as recollen no PMA e indicando a vulnerabilidade outorgada por aqueles.



Cadro 16: Actividades comúns

Actividade	Nº de centros	Prioridade outorgada*
Contratación	7	1
Subvencións	4	2
Xestión persoal	4	6
Xestión orzamentaria	4	4
Resolución reclamacións e recursos	3	12
Actividade reguladora	3	9
Coordinación	3	11
Convenios de colaboración	2	5
Encomendas de xestión	2	7
Actividade de autorización	2	3
Xestión patrimonial	1	8
Requirimentos outros órganos	1	10
Asesoramento técnico-xurídico	1	13

Fonte: Elaboración propia

Nota: Nas consellerías de Sanidade e Infraestruturas e Mobilidade non se fixo unha identificación de actividades, as sinaladas no cadro dedúcense da identificación de riscos realizada por estes centros no seu PMA. *Orde de vulnerabilidade considerada polos centros.

Factores de risco

4.22. Son factores de risco as situacións, circunstancias ou características do contorno, das políticas, procedementos, ou das actividades dos centros que incrementen a probabilidade de que se produzan riscos no cumprimento de obxectivos estratéxicos, operativos, financeiros, de cumprimento ou reputación. Definen a vulnerabilidade xeral dunha organización.

O PXMA recolle un listado de factores de risco enunciados nos documentos técnicos do Consello de Contas; a este respecto, a práctica totalidade das secretarías xerais técnicas (sete das nove que teñen plan) reproducen, nos seus plans específicos, ese mesmo listado con escasas variacións.

Sen cuestionar a presenza de moitos deses factores na actividade dos distintos centros, ese exercicio do traslado automático do listado orientativo do PXMA constitúe un enfoque de actuación que cómpre superar e substituír por unha reflexión dos factores individualizados de cada organización.

Ese recoñecemento xeneralizado de factores de risco vai contrastar ademais coa escasa presenza de riscos que os distintos centros asumen na seguinte fase do proceso, e vai poñer de manifesto unha escasa coherencia entre ambos elementos (factores e riscos). Os factores de risco máis comúns sinalados polos centros e ordenados pola prioridade outorgada naqueles foron os seguintes:



Cadro 17: Factores de risco recollidos nos PMA das secretarías xerais

Factores de risco	Prioridade	Nº de centros
Falta de experiencia ou de formación	1	7 centros
Falta de manuais de procedementos	2	5 centros
Ausencia de sistemas de alertas	3	7 centros
Procesos pouco informatizados	4	6 centros
Cambios reguladores importantes	5	7 centros
Debilidade dos mecanismos de supervisión	6	7 centros
Falta de claridade na distribución de competencias	7	6 centros
Actividades con alto grao discrecionalidade	8	5 centros
Xestión documental ineficiente	9	4 centros
Inadecuada supervisión do traballo	10	6 centros
Falta de transparencia na toma de decisións	11	4 centros

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

4.23. Dentro dos factores de risco, o Consello vén incidindo na relevancia de considerar a existencia de incentivos ou presións que inciden en comportamentos específicos de corrupción ou fraude. Habitualmente estes factores identifícanse sobre a base de actos xa cometidos, comportamentos que revelen indicios ou oportunidades para cometelos.

Entre os factores enumerados polos centros nos plans específicos, en ningún caso se menciona a existencia de elementos ou factores persoais de oportunidade ou motivación, que cómpre valorar para unha adecuada análise de riscos da corrupción.

Tampouco consta nos centros a existencia de denuncias que alertaran da presenza destes factores e dos posibles riscos, nin de antecedentes de vulneracións ou incumprimentos, nin que se fixera uso do sistema de alertas de fraude que é preciso comunicar ás autoridades comunitarias.

En xeral, os responsables dos centros tamén manifestaron descoñecer a existencia de resolucións xudiciais de condena por delitos relacionados cos tipos de corrupción que define o Código Penal que puideran afectar a actuacións desenvolvidas no seu ámbito competencial e puidesen servir de antecedentes²² para a avaliación de riscos.

²² Da información facilitada pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta en relación co exercicio 2021 só constan antecedentes de tres centros con actuacións abertas relacionadas con indicios de posibles infraccións penais: un posible caso de prevaricación e falsidade documental (abertas dilixencias previas), outro de malversación, roubo e apropiación indevida (abertas dilixencias previas), e un terceiro de estafa continuada, apropiación indevida e falsidade documental (este con sentenza condenatoria).



Identificación de riscos

4.24. Os plans de prevención de riscos dos centros directivos (PMA), orientados nesta etapa inicial do seu desenvolvemento como plans antifraude aos efectos da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, céntranse fundamentalmente nos riscos que poden afectar ás áreas de subvencións e contratación.

A pauta seguida por varios centros neses plans específicos foi asumir como riscos propios para estas áreas os determinados no epígrafe “Catálogo de riscos xerais e medidas atenuantes que afectan ao conxunto da organización” que figura no Plan xeral (PXMA).

Só catro secretarías xerais técnicas (Vicepresidencia 1ª, Vicepresidencia 2ª, Consellería de Infraestrutura e Mobilidade, e Consellería de Sanidade) recollen no plan específico unha identificación propia de riscos.

Destas, algunhas (Vicepresidencia 1ª ou da Consellería de Sanidade) só identifican riscos de maneira individualizada en materia de contratación, e outras, de forma máis completa, tamén identifican riscos noutras actividades distintas de contratación ou subvencións (Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia 2ª ou a da Consellería de Medio Ambiente²³).

As restantes secretarías indican no plan que, tendo en conta as singularidades do centro directivo, non se diagnosticaron riscos diferentes aos incluídos no catálogo do Plan xeral, asumindo como propios tanto os riscos como as medidas dese plan.

Como xa se aludiu respecto do tratamento dos factores de riscos, ese exercicio de traslado automático do listado dos riscos comúns predeterminados constitúe un enfoque de actuación que cómpre substituír por unha reflexión dos riscos individualizados de cada organización que permita a posterior valoración e gradación daqueles.

Das entrevistas realizadas cos responsables dos centros puido constatar que a premura coa que se abordou a aprobación dos plans (imposta pola Orde HFP/1030/2021) dificultou ese proceso reflexivo de análise e individualización de riscos, que agora parece necesario completalo e documentalo nun anexo aos plans aprobados.

Como boa práctica, algún centro xa presenta esta avaliación nun anexo ao plan (Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade), ou mesmo nunha addenda posterior á súa aprobación (Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Defensa do Monte). A Secretaría Xeral Técnica da

²³ Esta secretaría xeral remítese ao plan xeral (PXMA) nos riscos e medidas en materia de contratación e subvencións e aborda unha identificación propia de riscos noutras áreas.



Consellería de Medio Ambiente tamén remitiu ao Consello de Contas a documentación soporte da avaliación de riscos, que non figura no texto do plan.

Na faceta de impulso e colaboración na mellora deses plans, atribuída ao Consello de Contas, ofrécese aos interlocutores colaboración nos traballos dunha individualización máis precisa tanto das actividades susceptibles como dos factores e dos riscos identificados. A relación de riscos comúns máis presentes nos centros figuran no seguinte cadro:

Cadro 18: Riscos identificados en materia de contratación e subvencións no PXMA

Risco	Nº de centros
CONTRATACIÓN	
Risco de parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	7
Risco de especificacións pactadas para favorecer a determinados licitadores	6
Risco de manipulación de ofertas	6
Risco de non detección de prácticas anticompetitivas ou colusorias	6
Risco de fraccionamento	4
Risco de realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato	4
Risco de trato de favor a licitador/es co establecemento das prescricións técnicas, criterios de solvencia ou de adxudicación	4
Risco de non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais	3
Risco de non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución	3
Risco de recibir prestacións deficientes ou de calidade inferior ás ofrecidas polo adxudicatario	3
Risco de limitación da concorrència	2
Risco de adxudicación directa irregular mediante uso indebido da contratación menor	2
Risco de modificación inxustificada do contrato	2
Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adxudicación directa	2
Risco de vulneración do segredo das proposicións ou alteración das ofertas con posterioridade á súa presentación	2
Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar	2
Risco de ampliación de contratos existentes para evitar a licitación	1
Risco de demanda de bens e servizos que non respondan a unha necesidade real	1
Risco de incumprimento das condicións da subcontratación mediante relevos inxustificados e irregulares do adxudicatario	1
Risco de limitación no acceso á información contractual para preparar as ofertas	1
Risco de valoración das ofertas incursas en baixa	1
SUBVENCIÓNS	
Risco de limitación da concorrència	5
Risco de aplicación dos fondos a finalidades diferentes a aquelas para os que foron concedidos	5
Risco de falseamento na información presentada polos solicitantes de axudas	5
Risco de dobre financiamento	5
Risco de incorrer en parcialidade derivada de situacións de conflitos de intereses	4
Risco de trato discriminatorio na selección de beneficiarios	4
Risco de perda da pista de auditoría	4
Risco de concesión de axudas excluindo ou modulando a aplicación da normativa de subvencións	1
Riscos de ocultación de información con obriga de remitir á Administración	1
Riscos de facturas falsas	1
Riscos de custos laborais falsos	1
Custos laborais rateados incorrectamente e/ou duplicados en distintos proxectos	1
Custos reclamados en traballo de insuficiente calidade	1

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros



Tamén de forma positiva, os plans (tanto o xeral como os específicos) recollen mecanismos de detección a través de “bandeiras vermellas” ou sinais de alarma (indicios) de posibles fraudes, que poden servir para unha adecuada identificación de riscos. Ao igual que na identificación de riscos, cómpre substituír a reprodución das bandeiras vermellas tipo do Plan xeral por outras máis pegadas á realidade xestora de cada centro. Os plans establecen a verificación deses indicadores polo órgano xestor ou por órganos transversais cunha periodicidade trimestral ou anual.

Valoración de riscos

4.25. Calquera que sexa a metodoloxía que se siga, é un aspecto común que a avaliación de cada risco debe realizarse desde a dobre perspectiva da probabilidade de ocorrencia e do impacto das súas consecuencias, e desta forma determinar a gradación e as medidas a adoptar para minimizalos.

A avaliación debe distinguir entre riscos inherentes (en ausencia de medidas de control) e riscos residuais (despois de aplicar as medidas de atenuación) e determinar previamente os limiares ou tolerancias (criterios de riscos), é dicir, os niveis de riscos que poden aceptarse coas actuais medidas de control sen necesidade de novos controis.

O PXMA contempla a avaliación conforme a eses parámetros (probabilidade e gravidade), e establece como definir o risco bruto e residual e a forma de cuantificar a valoración final de cada risco, cunha escala da gradación por tramos que diferencia entre risco aceptable, risco importante e risco elevado. Os riscos importantes son aqueles nos que concorran unha alta probabilidade de ocorrencia e un alto impacto.

Para a definición das medidas de atenuación de riscos (en contratación e subvencións) remite a unhas medidas xerais contidas no propio plan, aínda que tamén indica que, en función da puntuación acadada na avaliación do risco, cada centro xestor propondrá as medidas que en función dos riscos analizados minimicen o risco.

Porén, só catro centros plasman nos seus plans específicos unha valoración cuantitativa de riscos (secretarías xerais técnicas da Vicepresidencia 1ª, da Vicepresidencia 2ª, da Consellería de Medio Ambiente, e da Consellería de Sanidade) que asemade se realiza de forma desigual e sen seguir en todos os casos as pautas do Plan xeral.

A ausencia desta avaliación resta operatividade ao proceso, que ten como obxectivo último determinar a necesidade ou non de responder a cada un deses riscos en función da significación que resulte desa valoración.



Nas secretarías xerais nas que se realizou esa valoración, os resultados mostran de forma moi xeneralizada unha cualificación de riscos como aceptables, e unha presenza mínima de riscos cualificados como importantes (só en dous centros). Esta valoración positiva obedece a que os centros consideraron que, sen prexuízo da gradación que poida ter o risco inicialmente, a existencia de medidas de control xa implantadas reducen a probabilidade de ocorrencia ata rebaxar o risco actual a esa valoración.

IV.2.3. Consideración do risco de fraude ou corrupción

4.26. O enfoque metodolóxico seguido polo Consello obriga a considerar na avaliación global de riscos, ademais dos riscos comúns de xestión, a probabilidade de fraude ou corrupción para dar explícita resposta ás políticas de prevención de riscos da corrupción que a Lei do Consello de Contas lle encomenda a esta Institución.

Como xa se indicou, no modelo proposto polo Consello de Contas a avaliación de riscos da corrupción ou fraude non constitúe un exercicio de avaliación independente, senón que se incorpora ás actividades de avaliación global de riscos, buscando as interrelacións coas diferentes categorías de riscos (estratéxicos, operativos, financeiros, de cumprimento ou reputación).

A pesar das limitacións sinaladas que afectan ao proceso de identificación de riscos, hai que recoñecer que o listado de riscos recollido no Plan xeral e asumido polos centros contempla maioritariamente comportamentos que pola súa natureza se veñen asociando á fraude ou corrupción. Desta forma, os plans tratan de dar resposta ás esixencias da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, da adopción de plans de medidas antifraude vinculados á xestión de fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), que considera especificamente estes riscos de fraude.

Por actividades, algúns dos riscos identificados nos diferentes centros máis vinculados a distintas formas de corrupción foron os seguintes:



Cadro 19: Riscos de fraude ou corrupción identificados. PXMA

Tipo de risco	Risco	Ámbito
Risco de malversación/corrupción	Risco de non esixir responsabilidades por incumprimentos contractuais	Contratación
	Risco de realizar pagamentos de prestacións facturadas que non se axustan ás condicións estipuladas no contrato	Contratación
	Risco de non detectar alteracións da prestación contratada durante a execución	Contratación
	Risco de recibir prestacións deficientes ou de calidade inferior ás ofrecidas polo adxudicatario	Contratación
	Risco de valoración das ofertas incursas en baixa	Contratación
	Risco de arbitrariedade/parcialidade na resolución que supoña prexuízo económico para a Administración	Técnico-xurídico
	Risco de externalización de servizos sen controis adecuados sobre a súa execución	Económico-financeiro
	Risco de determinación dun prezo non axustado ao mercado nos contratos de adxudicación directa	Contratación
	Risco de retribucións variables sen avaliación do desempeño	RRHH
Risco de fraude	Risco de vulneración do segredo das proposicións ou alteración das ofertas con posterioridade á súa presentación	Contratación
	Risco de información privilexiada a determinadas empresas sobre as contratacións que se prevén realizar	Contratación
	Risco de trato de favor a determinado/s licitador/es mediante o establecemento das prescricións técnicas, criterios de solvencia ou criterios de adxudicación	Contratación
	Risco de utilización/transmisión de información privilexiada obtida por razón do cargo público	Contratación
Risco de colusión	Risco de non detección de prácticas anticompetitivas ou colusorias	Contratación

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

IV.3. ACTIVIDADES DE CONTROL


4.27. As actividades de control son as accións ou medidas específicas establecidas pola entidade, mediante políticas e procedementos, para responder aos riscos que puidesen afectar ao cumprimento dos obxectivos. Estas actividades de control débense levar a cabo en todos os niveis da organización, nas distintas etapas dos procesos e nos sistemas de información. Desta forma, soportan todos os compoñentes do control interno, pero deben estar especialmente vinculadas ao compoñente de administración de riscos como medida de resposta específica aos riscos identificados.

No que se refire ás actividades de control, no estudo realizado obtívose unha media xeral de 14,07 puntos (fronte aos 12,44 puntos da avaliación anterior) dun total de 20 puntos para este compoñente, cun nivel de implantación medio, o que implica un sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento que deben ser identificados para ser corrixidos.

A continuación móstranse os resultados correspondentes aos controis básicos, incluídos no cuestionario respecto das actividades de control:



Gráfico 7: Actividades de control



Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

IV.3.1. Procedementos xerais de control

4.28. En xeral, os sistemas de control interno compóñense dunha parte xeral, de estrutura (sen a cal o sistema non existiría), e doutra específica na que se sistematizan os controis concretos para evitar os riscos identificados.

Forman parte da primeira as medidas estudadas no contorno de control, como o código ético, canles de denuncias, controis financeiros, formación, e tamén aquelas relacionadas co control interno propiamente dito, como: a) a definición por escrito das políticas e procedementos para o control das actividades; b) o deseño de protocolos e procedementos que diferencien as distintas fases da xestión e contemplan unha segregación de funcións adecuada en todos eles; c) procedementos establecidos que aseguren o rexistro inmediato e oportuno das transaccións e dos feitos significativos; d) controis físicos e de sistemas de autorización que teñan como finalidade a salvagarda de activos e o acceso aos diferentes rexistros, programas e datos; e) control específico para a información tecnolóxica: política de seguridade escrita, categorización de sistemas, control de accesos, medidas de seguridade e continuidade dos servizos externos contratados; f) sistemas de detección, como canais de denuncias ou auditorías internas, e actividades correctivas (investigacións e sancións) como complemento necesario para as actividades de control na procura dos obxectivos.

Todas elas xa foron abordadas na parte deste informe relativa ás políticas de integridade e contorno de control, polo que limitamos este epígrafe ás medidas específicas para riscos identificados.



IV.3.2. Medidas específicas para riscos identificados

4.29. Á marxe desas medidas xerais que forman parte do contorno de control (código ético, canal de denuncias, formación...), os sistemas de prevención deben completarse con medidas específicas para os riscos que, como consecuencia da valoración efectuada, resultan máis significativos.

Ao igual que sucede cos riscos, o Plan xeral ofrece unha relación de medidas atenuantes vinculadas a cada risco nas áreas de contratación e subvencións que poden evitar ou minimizar os seu impacto.

Tamén, ao igual que sucede con aqueles (remisión aos do Plan xeral sen avaliación específica), a maioría dos centros fan unha remisión a esas medidas estandarizadas no PXMA sen ponderar e valorar a súa efectiva implantación nin o seu impacto na redución de cada risco en particular. Só a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia 1ª, a da Consellería de Medio Ambiente, e a da Consellería de Sanidade fan unha redución dos riscos en función dos controis existentes, e só estes dous últimos centros recollen no seu plan a relación das medidas concretas consideradas en cada risco para esa redución.

Dos restantes plans non se deduce o nivel de implantación daquelas nin o seu grao de eficacia para reducir os riscos aos que se dirixen, sen prexuízo de que no curso dos traballos realizados os centros proporcionaron evidencias de ter implantadas un elevado número desas medidas específicas previstas para as áreas de contratación e subvencións.

Por último, esa falta de avaliación de riscos e da eficacia das medidas existentes impide tamén coñecer e determinar a necesidade de medidas adicionais para responder a cada un deses riscos se foran precisas en función da súa valoración.

En definitiva, os plans específicos denotan unha certa conformidade co actual estado das medidas existentes, sen articular un plan de acción que contemple a súa mellora nin tampouco a implantación de medidas adicionais como resposta aos riscos identificados. Este plan, que constitúe un elemento central dos PMA, non está presente en ningún dos centros examinados.

No cadro seguinte preséntase a relación de medidas ás que alude o Plan xeral, así como a súa implantación nos centros.



Cadro 20: Catálogo de medidas identificadas no PXMA

Medidas que minoran o risco bruto	
CONTRATACIÓN	
Declaración de ausencia de conflitos de intereses en todos os membros das mesas de contratación	✓
Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflitos de intereses	✓
Exclusión das mesas de contratación do persoal que elabora as prescricións técnicas	✓
Sistema de alertas que informe da concentración de contratos en provedores	N/C
Comprobación polas intervencións delegadas de indicios de fraccionamento	✓
Establecemento de bandeiras vermellas cando a contratación menor supere 5 contratos ao longo dun mesmo exercicio	N/C
Revisión periódica de concentración de contratos en provedores	N/C
Verificación de especificacións por oficinas de supervisión/intervencións delegadas/entidades independentes	✓
Uso xeneralizado da ferramenta SILEX e dos sistemas de encriptación de ofertas	✓
Aprobación prevista nos pregos da posibilidade de ampliación ou prórrogas de contratos	✓
Revisión pola Asesoría Xurídica e Intervención	✓
Aprobación por instancia superior ao propoñente	✓
Previsión nos pregos de cláusulas que permitan a aplicación de penalidades automáticas nos casos de incumprimentos	✓
Segregación de funcións entre a persoa encargada de pagar as facturas e a que presta a conformidade	✓
Responsable do contrato con independencia respecto do contratista e con cualificación técnica axeitada na materia	✓
Pronunciamento expreso sobre o cumprimento das características da prestación	✓
Informes motivados sobre baixas temerarias	✓
Especificar nos pregos parámetros obxectivos en función dos cales se considera que a proposición non pode ser cumprida	✓
Emprego da licitación electrónica	✓
Publicación no perfil do contratante da planificación das contratacións que cada centro xestor prevé realizar ao longo do exercicio	N/C
Traslado do expediente á Comisión Galega da Competencia cando a Mesa de contratación estime indicios de colusión	N/C
SUBVENCIÓNS	
Compromiso de sometemento á normativa de subvencións	N/C
Revisión de bases por Asesoría Xurídica e Intervención	✓
Uso de modelos harmonizados	✓
Declaración de ausencia de conflitos de intereses en todos os membros das comisións de valoración	✓
Regulación nas bases do procedemento en caso de detección de conflitos de intereses	✓
Comisións de valoración con presenza non exclusiva de membros alleos ao órgano concedente	N/C
Comprobacións sobre o terreo	✓
Comprobación cruzada de documentos xustificativos de distintas fontes	N/C
Comprobación de información de BD de organismos públicos e rexistros mercantís	N/C
Comprobación mediante cruces de BD	N/C
Verificacións de documento electrónico	✓
Cotexo de facturas con contratos e nóminas e tempo de traballo	✓
Fixación dun límite ao importe de gastos de persoal subvencionados	✓
Verificar rateos e cruzar datos de distintos proxectos	✓
Solicitude de probas adicionais	N/C

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros. N/C: Non consta

IV.3.3. Controis sobre os sistemas informáticos

4.30. O uso da administración electrónica constitúe en si mesma unha medida de control de riscos de xestión e anticorrupción específica, dado que a utilización das Tecnoloxías da Información (TI) despersonaliza a prestación de servizos e require que as normas e procedementos estean



estandarizados e sexan explícitos para o funcionamento eficaz dos sistemas, e permite rastrexar decisións e accións.

O compromiso asumido no *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* concrétese na culminación da configuración dixital dos procedementos administrativos para que teñan un funcionamento plenamente electrónico, ofrecendo así uns servizos fáciles de utilizar, áxiles e con menos cargas burocráticas, cunha especial atención aos procedementos de contratación, eido no que esta configuración dixital se está implantando a través da ferramenta PLATION.

Na revisión realizada dos controis xerais sobre a estrutura, políticas e procedementos que se están desenvolvendo neste ámbito, puxéronse de manifesto os seguintes resultados:

Cadro 21: Control sobre os sistemas informáticos

CONTROL SOBRE OS SISTEMAS INFORMÁTICOS

Fortalezas:

- Existe unha identificación de procesos TI con asignación de funcións, roles e responsabilidades, e un plan de calidade
- Existe un inventario de activos físicos e software autorizado, completo, actualizado e detallado
- Existen medidas de seguridade para controlar (detectar e restrinxir) o acceso de dispositivos físicos non autorizados
- Existen mecanismos que impiden a instalación e execución de software non autorizado
- Os privilexios de administración están limitados adecuadamente e a entidade dispón dun inventario de contas de administración que facilita o seu correcto control
- Realízanse copias de seguridade automáticas e periodicamente de todos os datos e configuracións do sistema
- Cúmprese cos requirimentos do ENS (Auditorías de seguridade obrigatoria)

Debilidades:

- A maioría dos procesos non teñen procedementos con implantación electrónica completa
- Os principais proxectos e procesos non contan con auditorías

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

IV.3.4. Enfoque do control interno cara á prevención de riscos da corrupción

4.31. Do mesmo xeito que o modelo de avaliación de riscos debe incluír os riscos de fraude e corrupción, tamén as medidas adoptadas deben dar resposta á prevención destes riscos.



En primeiro lugar, cómpre sinalar que na prevención dos riscos relacionados coa corrupción van incidir todas as medidas adoptadas dentro dos outros compoñentes do control interno. Medidas como unha adecuada segregación de funcións, a fiscalización previa da Intervención, ou medidas organizativas (centralización dos servizos de contabilidade e tesourería) que afectan ao contorno de control van servir para paliar o risco de fraude nos estados financeiros. Da mesma maneira, a existencia de procedementos regrados para a adquisición e alleamento de bens, o control de inventarios e as regras específicas de utilización de bens públicos, como as previstas no Código ético institucional, apartado V.e) “uso responsable de medios ou recursos públicos”, serven ao obxectivo de paliar os riscos de protección inadecuada de activos.

Pero de forma particular, a natureza dos plans, centrada nesta etapa inicial de plans antifraude aos efectos da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, fixo que se abordaran e estableceran as accións a acometer no “ciclo antifraude”, que se concretan en medidas de prevención, detección, corrección e persecución. Estas medidas son un requirimento mínimo establecido tanto pola orde de xestión dos fondos como polos estándares establecidos na normativa europea e son desenvolvidas a nivel de toda a organización ou de cada centro directivo nos seguintes eixes deste plan.

No cadro seguinte figuran algunhas destas medidas que se recollen tanto no Plan xeral como nos plans específicos.

Cadro 22: Medidas cara aos riscos específicos da corrupción

Concepto	Controis específicos
Detección	Análise de datos. Cruces de datos/Usos de bases de datos
	Indicadores ou alarmas de fraude/bandeiras vermellas
	Mecanismos específicos de información de sospeitas de fraude (canle de denuncias)
Corrección	Suspensión do procedemento en caso de fraude
	Avaliación da incidencia da fraude
	Retirada dos proxectos
Persecución	Comunicación dos feitos á entidade decisoria/Autoridades
	Inicio de información reservada
	No seu caso, remisión a autoridades públicas competentes, á fiscalía ou tribunais

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

Como pode constatarase no cadro, as medidas que teñen asociadas estes riscos específicos de corrupción son controis xenéricos comúns aos aplicables aos restantes riscos de xestión nas diferentes áreas, sen que se perciba a existencia de controis específicos adicionais que reforcen a prevención naquelas actividades máis sensibles a actos desta natureza.



A percepción polos responsables dos centros de que, aínda cando existen, os riscos están cubertos polas medidas actuais conleva certa reticencia a asumir a necesidade de medidas específicas adicionais para este tipo de riscos.

Cadro 23: Medidas específicas contra a corrupción

CONTROIS ESPECÍFICOS FRAUDE/CORRUPCIÓN (medidas de detección, corrección e persecución)

Fortalezas:

- Os centros dispoñen dun mecanismo de bandeiras vermellas
- Realízanse cuestionarios de verificación sobre as principais actividades
- Prevense medidas de control (detección) para as sinais de alerta ou indicadores de fraude
- Prevese a suspensión dos procedementos en caso de fraude e a avaliación da súa incidencia
- Prevese a retirada dos proxectos en caso de fraude
- Prevese o inicio de información reservada
- Prevese, no seu caso, a remisión ás autoridades públicas competentes, á fiscalía ou tribunais

Debilidades:

- Insuficientes consultas/cruces de datos/bases de datos/análise de datos para a detección de alertas/ revisións sobre as bandeiras vermellas

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

IV.4. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

4.32. As entidades públicas deben xerar información relevante que permita o control interno e a xestión dos riscos, desenvolver canles internas de elaboración e transmisión desa información relevante en materia de cumprimento e integridade (mediante reunións periódicas, correos electrónicos e sitios webs) e canles externas (con provedores, cidadáns), para dar conta destas actuacións a través das diferentes vías da política de transparencia e rendición de contas.


4.33. Cos parámetros definidos polo Consello para alcanzar os estándares dun sistema consolidado, neste momento a valoración da implantación dos elementos de control interno situouse neste compoñente nun nivel de 11,68 puntos (fronte aos 6,79 puntos da avaliación anterior).



Esta valoración viuse mellorada coa aprobación dos PMA, que contemplan o compromiso de xerar información para o control de riscos e habilitar canles de comunicación interna e externa para que o persoal informe dos riscos percibidos na súa xestión, así como das actividades inadecuadas ou dos casos de infraccións.

Polo tanto, existen accións tendentes a integrar e comunicar a información institucional a distintas instancias internas, pero non se estableceu unha política e un procedemento para que a información relevante se identifique, elabore e comunique ás instancias pertinentes no momento adecuado, de tal forma que contribúa á toma de decisións, ao cumprimento dos obxectivos e á mitigación dos riscos.

Gráfico 8: Información e comunicación



Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

IV.4.1. Información relevante

4.34. A información é esencial para a execución dos obxectivos do control interno e da prevención de riscos. Os sistemas de información deben contribuír á identificación, captura e intercambio de información relevante, de xeito que permiten á dirección e ao persoal cumprir coas súas funcións. A información ten que ser apropiada, oportuna, actualizada, exacta e accesible.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.



Cadro 24 : Información relevante

INFORMACIÓN RELEVANTE (A organización obtén e xera información relevante e de calidade para o control interno)

Fortalezas:

- Xérase información sobre o cumprimento dos obxectivos do Programa marco de integridade institucional
- Xérase información relevante para a xestión de riscos: catálogos de riscos comúns, indicadores, medidas de control
- Xérase información oportuna que permite o control orzamentario e contable
- Elabórase un informe sobre o cumprimento do Código ético

Debilidades:

- Insuficiente sistema de información sobre o cumprimento dos obxectivos da organización
- Escasa documentación acreditativa do proceso de avaliación de riscos

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

Os centros da Administración xeral xeran un importante elenco de información que requiren as normas sobre contabilidade, réxime orzamentario e de transparencia, e de cara a estas esixencias está articulado un sistema de información (persoas, procesos e tecnoloxía) que permite obter, xerar, utilizar e comunicar información (interna o externamente) basicamente para render contas e cumprir coas esixencias legais en materia de subministración de información.

No ámbito orzamentario, por parte da IXCA publícase periodicamente a información relativa ás operacións de execución orzamentaria que realizan os distintos centros da CA.

A DXSA realizou o informes anuais de 2020, 2021 e 2022 de seguimento sobre o nivel de cumprimento do Código ético, tal e como esixe o apartado VII deste Código. Consta, tamén, información elaborada sobre as incompatibilidades e viaxes oficiais de altos cargos.

Coa aprobación dos PMA, empezou a xerarse información relevante que permite cumprir coas responsabilidades de prevención de riscos e protección da integridade: identificación de operacións vulnerables, catálogos de riscos comúns, catálogos de indicadores de riscos ou bandeiras vermellas, medidas de prevención, de control, ou de rendición de información.

No lado das debilidades, os centros non teñen establecidas políticas ou criterios aplicables á elaboración de informes respecto do logro dos obxectivos e metas institucionais, sen prexuízo do cumprimento da elaboración da información que esixen as normas vixentes de cara á rendición de contas da súa xestión e que eventualmente puidera servir para esta finalidade.



IV.4.2. Comunicación interna

4.35. En xeral, no ámbito do control interno é fundamental manter canles de comunicación tanto verticais como transversais que permitan compartir información para a adecuada toma de decisións, e tamén como elemento fundamental para difundir unha mensaxe clara de que as responsabilidades en materia de prevención da corrupción se están asumindo.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 25: Comunicación interna

COMUNICACIÓN INTERNA

Fortalezas

- Existen canles de comunicación para facer suxestións ou propostas de melloras no funcionamento dos servizos
- As liñas de comunicación establecidas están sendo utilizadas por usuarios internos

Debilidades:

- Insuficiente política de comunicación corporativa dos plans de prevención e da información relevante daqueles

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

Nas secretarías xerais técnicas existen canles de comunicación (caixas do correo de queixas e suxestións, sitios web, correos electrónicos) para que os interesados poidan facer suxestións ou propostas de melloras no funcionamento dos servizos.

Como xa se adiantou na análise do control interno, na actualidade está implantada unha canle específica para que o persoal poida comunicar información relevante en materia de integridade aos superiores, así como calquera desviación ou irregularidade que poida comprometer a integridade.

Os centros tamén citan outras canles transversais, como comisións ou grupos de traballo, que poden favorecer o intercambio de información para a adecuada toma de decisións e abordar obxectivos, políticas ou procedementos que afecten a aspectos de integridade, pero que responden a obxectivos diferentes.



Os plans aprobados habilitan canles de comunicación interna e externa para que o persoal empregado informe dos riscos percibidos na súa xestión, así como das actividades inadecuadas ou dos casos de infraccións.

Se ben no apartado anterior se sinalaba que coa aprobación dos plans de prevención de riscos empezou a xerarse información relevante que vai permitir cumprir coas responsabilidades de prevención de riscos e protección da integridade, no eido das debilidades cómpre apuntar que a política de comunicación e difusión interna desa información non foi a adecuada, conclusión que resultou corroborada pola enquisa realizada sobre directivos de distintos centros da Administración xeral.

Os plans aluden a que, ademais da publicación no portal de transparencia, se fará difusión entre todo o persoal, especialmente nas unidades que tramiten subvencións ou contratos; que se comunicará ás novas incorporacións de persoal, e será un contido obrigatorio que debe figurar no manual de acollida deste persoal.

Porén, na práctica non se realizaron comunicacións corporativas sobre a aprobación dos plans, e o traslado desta información está sendo insuficiente, como reflicten os resultados da enquisa expostos no apartado do contorno de control deste informe.

A este respecto, parece necesario mellorar esa comunicación e deseñar unha estratexia na que, ademais da publicidade institucional que se estime necesaria, se inclúa unha comunicación expresa (que podería ser vía e-mail) a todo o persoal dos órganos que dispoñen de plan informándolle:

- Da ligazón da publicación da declaración institucional, código ético, PXMA e plan específico do centro.
- Catálogo de riscos específicos aos que prestar atención na súa xestión, e catálogo de medidas preventivas e de control específicas a incorporar na súa xestión.
- Catálogo de indicadores de alerta/bandeiras vermellas específico co fin de que se coñezan cales son os elementos que poden alertar da posible existencia dunha sospeita de fraude.
- Canles de denuncia existentes recollidas no PXMA co obxecto de que poidan ser utilizadas en caso de identificación dunha sospeita de fraude.



IV.4.3. Comunicación externa

4.36. Un aspecto relevante da comunicación externa é que existan canles formais de comunicación con outras entidades públicas ou privadas, contratistas, cidadáns e grupos de interese para que sexan informados das normas éticas aprobadas, transmitindo a mensaxe de que as actuacións contrarias á integridade son rexeitadas.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 26: Comunicación externa

COMUNICACIÓN EXTERNA

Fortalezas:

- Existen canles específicas que permiten aos axentes externos comunicar información sobre irregularidades
- Existen canles de comunicación externa con provedores, contratistas ou beneficiarios de axudas
- Medidas de promoción da educación cívica en materia de integridade pública, en particular nos centros escolares
- As liñas de comunicación establecidas permitiron atender requirimentos de usuarios externos

Debilidades:

- Escasa comunicación en ámbitos de xestión distintos ao da contratación
- Escasa comunicación á sociedade en xeral

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

A información que os centros da Administración xeral transmiten a terceiros está orientada a dar cumprimento ás obrigas legais relacionadas coa transparencia, rendición de contas e acceso á información pública que impón a normativa de transparencia. Neste sentido, os centros están proporcionando e difundindo a información esixida pola Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno.

Tamén se están a cumprir as obrigas establecidas no Código ético institucional da Xunta de Galicia de dar traslado do Código ás empresas que figuren no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, e de incorporar nos pregos que rexen as contratacións un modelo de declaración a subscribir polos licitadores no que se manifeste o coñecemento do Código.

Como medida de apoio á protección da integridade, resulta importante ademais a obtención e recompilación de calquera información externa que poida ser relevante para que o centro alcance os



obxectivos de integridade, e que esta información (informes de auditoría, cambios normativos, regras seguidas noutras entidades) se comparta coas instancias superiores e cos xestores que teñen responsabilidades sobre materias que poden estar afectadas por esta información.

Esta información está en poder dos centros, pero sen que exista unha política para a súa elaboración e transmisión orientada á prevención de riscos da corrupción.

A difusión externa a través da educación é esencial para difundir estándares de integridade entre os xoves. O Protocolo asinado polo Consello de Contas coa Consellería de Educación trata de introducir no ensino materiais didácticos que inspiren nos alumnos condutas éticas e desenvolvan habilidades e competencias de integridade. No curso pasado o Consello puxo a disposición da Consellería eses materiais para a impartición nas aulas como forma de difusión na sociedade da cultura de integridade e comportamento ético.

A rendición de contas contribúe a infundir confianza en que o sector público se xestiona adecuadamente e implica a responsabilidade de informar aos cidadáns sobre as actividades e o desempeño do persoal. Neste sentido, unha das debilidades que cómpre corrixir é a ausencia de publicidade á sociedade en xeral do cumprimento dos obxectivos definidos nos instrumentos de planificación.

Por último, ligada á supervisión, está a comunicación periódica aos órganos de control do estado de implantación dos instrumentos de prevención, de forma específica os plans de prevención de riscos e medidas antifraude. O PXMA establece que, unha vez aprobados, os plans serán remitidos á DXSA para a súa publicación no portal de transparencia e posterior envío ao Consello de Contas. Esta remisión non se está realizando na actualidade.

A remisión dos plans debe completarse, ademais, coa rendición periódica da información sobre a execución das medidas previstas nos plans que, conforme prevé o artigo 55 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, deben realizar as entidades públicas ante o Consello de Contas para a avaliación periódica destes instrumentos.

IV.5. SUPERVISIÓN

4.37. A supervisión ten como propósito verificar que o conxunto das medidas establecidas tanto nas políticas de integridade como nas políticas de xestión de riscos existen, están actualizadas e funcionan de forma efectiva.



Unha vez aprobados os PMA, son estes documentos os que van plasmar estas medidas tanto xerais como específicas, e tamén deben contemplar, como así o fan, a forma de seguimento e supervisión daquelas e asegurar que esta supervisión se realiza de maneira continua.


A supervisión pode materializarse a través de avaliacións realizadas tanto por parte dos responsables individuais dos distintos procesos e dos riscos como por parte de unidades específicas independentes do desenvolvemento das actividades avaliadas. As avaliacións proporcionan maior obxectividade cando son realizadas por axentes que non teñen responsabilidade na xestión das actividades que se están avaliando.

Os resultados destas avaliacións deben trasladarse aos órganos de dirección, que teñen a responsabilidade de adecuar o sistema de control de acordo coas debilidades detectadas no proceso de supervisión.

4.38. A valoración obtida neste compoñente mostra un sistema de control interno cun nivel de implantación de 11,90 puntos, segundo o resultado e os criterios das directrices técnicas.

Polo seu carácter de elemento de peche do sistema, esta valoración está condicionada polo desenvolvemento dos outros compoñentes e polas características propias da situación de partida dos centros no desenvolvemento do sistema de prevención aprobado. Como xa se indicou, a situación vese mellorada coa incorporación destas medidas de supervisión aos plans de prevención de riscos aprobados, aínda que a súa recente aprobación (menos dun ano de vixencia na maioría dos casos) non permite que se teña despregado co alcance que se espera de cara ao futuro.

Gráfico 9: Supervisión



Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros



IV.5.1. Autoavaliacións polos propios xestores

4.39. Na Administración xeral existen distintos niveis de supervisión que operan de forma horizontal sobre a totalidade dos centros directivos, o que non obvia a necesidade de avanzar na estrutura dos centros cara a un departamento ou unidade de supervisión que teña atribuído un seguimento da implantación das medidas adoptadas.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 27: Autoavaliación polos xestores

AUTOAVALIACIÓNS
Fortalezas: - Estase realizando un seguimento das medidas previstas no Programa marco de integridade institucional - O Plan xeral e os plans específicos prevén un seguimento das medidas de prevención de riscos - Ambos prevén tamén revisións e actualizacións periódicas
Debilidades: - Autoavaliacións incompletas á data actual (cuestionarios, revisións de bandeiras vermellas, informes de seguimento dos plans)

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

Respecto do seguimento do *Programa marco de integridade institucional*, en xuño de 2021 publícase no portal de transparencia da Xunta un informe da DXSA sobre o estado de execución do programa. Ese programa tiña previsto a posta en marcha, de maneira gradual, de distintas medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e infraestrutura ética para o control das actividades máis vulnerables, cunha planificación temporal que abarca desde a súa aprobación (o 26 de maio de 2021) ata o ano 2024, segundo o cronograma incorporado no propio programa.

O informe mostra un grao de execución global das medidas do programa para a primeira das catro anualidades nas que se desenvolverá o plan dun 20,8% de medidas executadas e un 41,7% de medidas en execución.



En segundo lugar, cómpre destacar que tanto o *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude* da Xunta de Galicia como os plans específicos establecen unha política de seguimento das medidas destes plans, así como das súas revisións e actualizacións.

O plan xeral prevé un seguimento mínimo anual dos plans de prevención de riscos para verificar o cumprimento das regras establecidas e os seus efectos prácticos, a realizar polas SXT co apoio das unidades que asumen as funcións propias de responsables de integridade, ás que se lles atribúe velar polo cumprimento das medidas do plan.

Tamén de forma periódica, prevese un seguimento do catálogo de bandeiras vermellas, configuradas como elementos ou indicios que deben levar a unha avaliación das razóns polas que se producen, indicando ademais o propio plan xeral o órgano encargado da súa verificación e a periodicidade coa que se debe levar a cabo.

En terceiro lugar, a política de revisións e actualizacións periódicas, establecida tamén nos propios plans, descansa sobre os resultados dese seguimento e avaliacións, dos resultados de auditorías ou denuncias, ou sobre a materialización de actos contrarios á integridade, de fraude ou de corrupción, nos que a institución debe analizar os feitos ocorridos e determinar as modificacións que deben realizarse nas estruturas e procesos de control.

No eido das debilidades, cómpre sinalar tres aspectos: a ausencia dunha obriga de autoavaliación anual de riscos por parte dos xestores; a indefinición con que se traslada aos plans específicos a designación dos órganos responsables desas autoavaliacións; e tamén o feito de que estas poidan realizarse simplemente a través das listas de verificación de expedientes do exercicio anterior, o que na práctica parece totalmente insuficiente para verificar o cumprimento das regras establecidas nos plans.

Tamén, e como xa se indicou, aínda que a aprobación da maioría destes plans ao longo deste exercicio non permitiu desprezar á data de peche deste informe todas as medidas de seguimento, algunhas que os centros debían ter desenvolvido de acordo coas súas previsións, como as verificacións da presenza de bandeiras vermellas (obxecto de revisión trimestral) ou as listas de verificación de expedientes, non se realizaron ou foi de forma moi incompleta.

IV.5.2. Avaliacións independentes

4.40. Todos os organismos ou entidades do sector público autonómico están incluídos no ámbito de supervisión de organismos públicos que realizan avaliacións (auditorías) independentes de acordo a



prácticas profesionais establecidas. As avaliacións realizadas ata a data deste informe son basicamente as obrigatorias de acordo coas esixencias legais.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 28: Avaliacións independentes

AVALIACIÓNS INDEPENDENTES

Fortalezas:

- Control asumido polo Consello de Contas
- Controis específicos sobre os proxectos financiados con fondos do plan PRTR
- Incorporación das principais áreas de riscos aos plans de control e auditorías

Debilidades:

- Indefinición da política de avaliación polo Comité antifraude (no seo da Comisión de Coordinación e Seguimento)
- Revisión formal dos plans aprobados ao Consello de Contas

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros

Tradicionalmente, na Administración xeral, sobre a actividade dos centros directivos concorre a fiscalización de gasto pola IXCA, o control de funcionamento pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, e o control legal pola Asesoría Xurídica.

A política antifraude veu a engadir algúns órganos específicos, como os responsables de integridade de cada centro ou un Comité ou Comisión que desenvolva a política de seguimento, supervisión e avaliación global dos sistemas de integridade ou dos plans de prevención e medidas antifraude nos que se plasman aquelas.

Na maioría dos plans aprobados no ámbito da xestión dos fondos PRTR teñen a denominación de Comités Antifraude, e no PMII aprobado pola Xunta de Galicia prevíase crear cunha finalidade similar unha *Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da integridade e de prevención de riscos de xestión*.

4.41. A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, atribúelle á Asesoría Xurídica a participación na elaboración dos plans de prevención de riscos da corrupción que se elaboren polo



sector público autonómico. En particular –indica a lei–, deberá emitir informe sobre a súa adecuación aos requirimentos establecidos no artigo 31 bis do Código Penal (debe entenderse referido aos plans de prevención de delitos das sociedades e fundacións públicas) con carácter previo á súa remisión ao Consello de Contas de Galicia, e coñecerá dos resultados das avaliacións que este órgano faga sobre eses plans.

Ademais, o PXMA estableceu que, no marco das súas funcións de asistencia, a Asesoría Xurídica informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do plan de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraraos cando así o soliciten.

Das actuacións informadas por este centro no exercicio 2021 só consta (segundo documentación achegada pola propia Asesoría Xurídica) o informe do 3.12.2021, da xefa do Gabinete de Asesoramento e Apoio á Actualización Normativa, respecto do *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia*, xunto coa declaración institucional de integridade e compromiso ético da Xunta de Galicia e o modelo de plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dos centros directivos e entidades instrumentais da Xunta de Galicia.

4.42. Respecto dos controis da Intervención Xeral, os controis financeiros son os que máis encaixan dentro das actuacións de supervisión. De forma habitual estes controis véñense centrando sobre a xestión de fondos comunitarios de todos os centros públicos e sobre a actividade económico-financieira das entidades do sector público instrumental con auditorías completas ou revisións específicas, fundamentalmente en materia de contratación, completados cun plan de auditoría de contas para as axencias públicas e os consorcios adscritos á Administración autonómica. Os informes de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma do Consello de Contas veñen dando conta do grao de cobertura destes plans de control.

Na actualidade, teñen especial relevancia os procedementos de control implantados para a xestión dos fondos do PRTR, definidos como controis de nivel III *control ex-post mediante auditorías*, que prevén auditorías sobre as solicitudes de pago enviadas á Comisión (cumprimento de fitos e obxectivos), auditorías de sistemas (que comprenden revisións sobre os PMA), e auditorías de investimentos.

Estes controis desenvólvense pola IXCA dentro da estratexia de auditoría emitida pola IGAE, quen tamén valora, como Autoridade de Control, os resultados destes informes.

Consonte a unha previa avaliación de riscos realizada a efectos da elaboración da estratexia, no ano 2022 realizouse unha auditoría de sistemas; en concreto, na Presidencia da Xunta e co alcance limitado á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).



Tamén no ámbito do control financeiro empezou a programarse o alcance dos controis en torno a unha orientación ás áreas onde se percibe un maior grao de risco, e no plan de 2022 proxéctase un control financeiro sobre o conxunto das subvencións públicas, establecendo como indicadores de risco específicos o tipo de control ao que está sometido a entidade responsable da xestión da subvención, a configuración das propias axudas, e especialmente o procedemento de concesión, xustificación e comprobación e a existencia de dobre financiamento.

A avaliación de riscos que se realice nos centros a través dos plans de prevención de riscos de xestión vai permitir orientar con maior concreción a programación dos controis aos procesos clave dos distintos centros e, de acordo con esa avaliación de riscos, ás actividades máis vulnerables identificadas polos propios xestores.

4.43. O Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, atribúe á DXSA a coordinación, impulso e colaboración na elaboración e actualización dos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude. Neste sentido, poténciase o seu papel de órgano impulsor da política preventiva transversal de irregularidades e malas prácticas, e a investigación das denuncias (canle de denuncias), pero non se lle atribúe a función de supervisión dos plans.

Tamén ten atribuída especificamente a coordinación e supervisión do Código ético institucional, así como a resolución das posibles dúbidas sobre a súa interpretación.

Esa función de supervisión dos plans reservouse para a Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión, que o PMII prevé como órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade.

A devandita comisión estará asistida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola Asesoría Xurídica Xeral, pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

Aínda que non se regularon as súas funcións e composición, esta comisión –como prevé o PMII- terá, entre outras, a función de velar pola homoxeneidade e efectividade das medidas e actuacións que se vaian implantar, e aprobar anualmente un informe global de seguimento de todos os plans de prevención de riscos de xestión do sector público autonómico.

Pois ben, nin o PXMA nin os PMA fan referencia a esta comisión prevista no programa marco como órgano de avaliación global do plan, e na actualidade aínda non foi constituída.



4.44. Por último, desde fóra da Administración, o Consello de Contas ten atribuídas as funcións de supervisión sobre os instrumentos preventivos, ademais do seu impulso. Dentro desa supervisión está prevista a avaliación sistemática das políticas de integridade e dos plans de prevención de riscos da corrupción –tal e como lle atribúe a lei–, o seguimento das medidas previstas nos plans a través do informe anual de execución que debe render o centro xestor e, por último, a través das propias fiscalizacións que, conforme ao Plan estratéxico desta Institución, se programarán cun enfoque de áreas de risco.

Para esta supervisión, unha vez aprobados, os plans serán remitidos ao Consello de Contas de Galicia, así como as súas eventuais actualizacións, e a persoa titular do centro, co apoio do responsable de prevención de riscos, elaborará un informe de seguimento ao final de cada ano, que será remitido ao Consello de Contas.

O Consello tamén ten unha liña aberta que permite aos cidadáns presentar denuncias sobre cuestións e organismos públicos que poidan ser fiscalizados conforme as súas competencias.

IV.5.3. Comunicación dos resultados

4.45. O proceso de avaliación require da posterior comunicación dos resultados ou deficiencias detectadas aos órganos responsables de adoptar as medidas correctivas pertinentes, incluídos os órganos superiores da organización. Este circuío avaliador debería cerrarse coa elaboración de informes periódicos de seguimento desas recomendacións e o seu envío aos mesmos destinatarios, e cunha automatización e integración de todo o proceso nos sistemas de información que permitira a obtención de información oportuna ao menor custo.

No momento actual, no que están pendentes de desenvolver os procesos de supervisión interna polos órganos xestores, non é posible unha avaliación desa fase final do proceso. En calquera caso, cómpre sinalar que os plans (tanto o PXMA como os PMA) non inclúen ningunha previsión sobre este proceso por parte dos propios xestores, e neste sentido a regulación que se faga do funcionamento dos órganos antifraude debe establecer a quen deben distribuírse os resultados das avaliacións.

A unidade ou responsable de prevención de riscos que figura nos plans de prevención de riscos ten atribuída no propio plan a función de supervisión e informe aos órganos superiores e ao propio Consello de Contas do nivel de cumprimento das medidas previstas.

De forma máis precisa, as normas que regulan o funcionamento dos controis realizados pola IXCA e os órganos de control establecen a quen deben distribuírse os resultados das avaliacións, e tamén os



criterios respecto da obriga de implantar un procedemento de seguimento das recomendacións e os plans de acción.

Só as revisións realizadas polo Consello contemplaron o iter de comunicación de resultados e revisión da implantación das medidas recomendadas (a través deste informe), pero a avaliación desta fase non pode descansar sobre as propias actuacións do Consello como parte do proceso e avaliador do sistema de prevención.

No cadro seguinte ofrécese unha visión das fortalezas e debilidades que presenta este sistema na situación actual na Administración autonómica.

Cadro 29: Comunicación e implantación dos resultados das avaliacións

IMPLANTACIÓN DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS

Fortalezas:

- Os resultados das avaliacións independentes son comunicados ás unidades afectadas
- Nivel de seguimento das recomendacións do Consello de Contas

Debilidades:

- Escasa previsión nos plans sobre a comunicación dos resultados das autoavaliacións e o seu seguimento

Fonte: Elaboración propia. Datos obtidos dos centros



V. CONCLUSIONES

Consideracións xerais sobre as medidas de control

5.1. En termos xerais, a valoración global dos sistemas de control interno e xestión de riscos pon de manifesto que a Administración autonómica, fronte ás medidas e accións illadas destacadas no informe diagnóstico de 2018, realizou no último ano un impulso no deseño dun sistema consolidado e estruturado de integridade plasmado nunha estratexia baseada en criterios técnicos para a prevención da corrupción, que foi documentada no *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024*.

5.2. Con esta estratexia articulada, dotouse ao sector público autonómico dun marco de integridade institucional e de plans de prevención de riscos para todos os ámbitos de actuación e todas as entidades públicas, sen prexuízo de que se dirixan prioritariamente a atender as actuacións financiadas mediante o PRTR.

5.3. Cos parámetros definidos polo Consello, a valoración da implantación dos elementos de control interno segue situándose nun nivel MEDIO, contando co deseño e aprobación da maioría dos elementos esenciais do sistema, e con aspectos pendentes que deben desenvolverse a través das medidas programadas no indicado *Programa marco de integridade institucional*.

Políticas de integridade

5.4. O marco normativo asegura unha regulación dos aspectos clave que configuran o marco de integridade: establecemento dunha política de regalos, tratamento dos conflitos de intereses, actividades fóra do sector público, regulación do emprego despois da función pública, acceso dos cidadáns á información pública, declaracións de bens de altos cargos, ou políticas de denuncias e irregularidades. As melloras pendentes están no deseño dos procedementos para aplicar estas políticas, nos mecanismos de control do seu cumprimento, e na comunicación e orientacións prácticas dirixidas ao persoal para favorecer o seu cumprimento, que constitúen aspectos claves do marco de integridade



5.5. Destacan os avances na maior visualización dos compromisos coas políticas de integridade. Ademais do elenco doutras medidas programadas no PMII pendentes de realización, constátase a realización das declaracións públicas deste compromiso, a implantación dunha canle específica de denuncias cun procedemento de tramitación, e a aprobación de órganos específicos de vixilancia destas condutas (previsión dunha Comisión Interdepartamental e creación do Comité de Ética).

5.6. A aplicación e vixilancia do Código ético institucional vese mellorada coa creación dun Comité de Ética con funcións de informe nas resolucións das posibles dúbidas e de posibles incumprimentos, e coa creación da canle de denuncias, como instrumentos de garantía e efectividade na aplicación das medidas de integridade. O Código ético institucional segue pendente non obstante das actualizacións e melloras programadas no PMII.

5.7. A implantación dunha canle específica de denuncias constitúe un paso relevante para garantir a efectividade do marco de integridade institucional. Parece necesario non obstante elevar a intervención do Comité de Ética a órgano de asesoramento preceptivo e garantir a publicidade dos pronunciamentos sobre as denuncias. A necesaria adaptación á Directiva (UE) 2019/1937 esixe tamén a existencia dunha canle externa e a configuración doutros elementos obrigatorios, en especial no relativo ás medidas de protección do denunciante, se ben esta regulación está condicionada polo desenvolvemento do marco normativo estatal.

5.8. No que se refire aos aspectos organizativos, deseñáronse as unidades garantes do sistema de integridade (Comisión de coordinación horizontal e responsable de integridade de centro), se ben cómpre poñelas en funcionamento/desígnalas, integrar e coordinar as súas funcións, e poñelas en conexión co resto das funcións e unidades que están implicadas na xestión dos fondos europeos. Resulta necesaria unha coordinación entre os dous niveis nos procedementos de avaliación de riscos e posta en marcha das medidas e resaltar entre as súas funcións a de asegurar a documentación soporte dos controis realizados.

5.9. Os resultados da enquisa sobre o grao de coñecemento polo persoal do marco ético presentan un panorama heteroxéneo con respecto á percepción das cuestións éticas. No lado positivo salienta a percepción maioritaria de que a cultura ética incide na mellora da prestación do servizo público e que as estruturas que promoven a integridade funcionan razoablemente. Na vertente negativa sitúase o superficial coñecemento do marco ético e a escasa formación recibida polo persoal directivo neste



ámbito. Só un terzo do persoal afirma ter un bo coñecemento do marco ético da Xunta de Galicia, e só un 21% afirma ter algún tipo de formación sobre ética no contexto do seu traballo.

5.10. No eido dos RRHH, segue pendente o desenvolvemento dunha planificación estratéxica e do sistema de avaliación do desempeño (en trámite actualmente), afondar na análise dos perfís profesionais adecuados para o desenvolvemento dos postos, incluída a formación ética para postos especialmente sensibles, e tamén na motivación dos criterios de selección dos postos que aínda se reservan a libre designación, e evitar situacións de provisionalidade prolongadas na cobertura transitoria de postos.

Administración de riscos

5.11. O plan xeral establece a necesidade de realizar unha avaliación de riscos, e fai referencia á guía da Comisión Europea sobre autoavaliación de fraude como metodoloxía a seguir nesta tarefa. De forma positiva, establece un catálogo de riscos e medidas comúns a dúas áreas de actividade (contratación e subvencións) e fai unha remisión á necesidade de avaliación individualizada de riscos que debe realizar cada centro.

5.12. A urxencia na aprobación destes plans específicos levou á translación automática de plans-modelos facilitados pola DXSA aos distintos centros e a remisión aos catálogos de riscos e medidas comúns establecidas naqueles, en detrimento da análise individualizada e reflexiva das eivas de xestión e riscos específicos dos distintos centros.

5.13. Os plans específicos plasman a relación dos riscos máis importantes en materia de contratación e subvencións. Con algunha excepcións, non contemplan outras actividades susceptibles, nin realizan unha valoración individualizada deses riscos, nin, polo tanto, a súa priorización en función da probabilidade de ocorrencia e do impacto.

Actividades de control

5.14. Os factores de risco descritos polos centros nos plans reflicten carencias que afectan ao desenvolvemento de normas internas (manuais, protocolos, instrucións), á informatización dos trámites de moitos procesos, ou a escaseza de manuais de procedementos.



5.15. A ausencia dunha valoración individualizada dos riscos, e polo tanto da súa priorización, leva tamén á falta de concreción dun plan de acción que contemple melloras das medidas existentes e medidas específicas adicionais que puideran ser necesarias para evitar ou, no seu caso, minimizar aqueles que puideran resultar máis significativos conforme aos criterios predeterminados (criterios de risco).

5.16. En todos os centros existen determinadas medidas de control orientadas aos riscos de fraude ou de corrupción. Aínda que son controis xenéricos comúns aplicables á maioría dos riscos de xestión, constitúen un avance na situación actual que non obstante cómpre completar no futuro con controis específicos adicionais que reforcen a prevención naquelas actividades máis sensibles a actos desta natureza.

5.17. Os plans establecen controis que afectan a todo o ciclo da fraude: xunto ás medidas preventivas propiamente ditas inclúense medidas de detección de condutas, de investigación das sospeitas, e medidas de resposta, que xogan un papel relevante na estratexia de prevención da corrupción.

Información e comunicación

5.18. A xeración de información avanzou respecto da situación descrita no diagnóstico de 2018 nos seguintes aspectos: identificación de operacións vulnerables, catálogos de riscos comúns, catálogos de indicadores de riscos ou bandeiras vermellas, medidas de prevención, medidas de control, e na rendición de información. Ademais, cos plans habilítanse canles de comunicación interna e externa para que o persoal empregado informe dos riscos percibidos na súa xestión, así como das actividades inadecuadas ou dos casos de infraccións.

Supervisión do control

5.19. A supervisión segue descansando no control legal pola Asesoría Xurídica, no control de funcionamento da DXSA, e no control financeiro da IXCA, que neste exercicio empeza a programarse con criterios de riscos. De forma positiva, os plans prevén un responsable da integridade e prevención de riscos como unidade de apoio no seguimento do cumprimento das medidas previstas no respectivo plan e de información ao máximo órgano de dirección para o seu control periódico, pero non se cerrou o sistema de control coa supervisión prevista no PMII pola Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de riscos de xestión.



VI. RECOMENDACIÓNS

VI.1. SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS ANTERIORES

6.1. *Recoméndase aprobar un programa de integridade institucional e prevención de riscos que articule os elementos da política de integridade ou infraestrutura ética (código ético e de conduta, comité de ética, canles de denuncias) e de xestión de riscos (órganos e plans de prevención de riscos de xestión) e dote dunha armazón común a todos os centros da Administración e as súas entidades dependentes para o desenvolvemento deses plans.*

Esta recomendación foi aceptada e aplicada. O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 26 de maio de 2021 o *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024*.

6.2. *Establecer os plans de prevención de riscos da corrupción como instrumento diferenciado de cuño propio para a prevención da corrupción, definindo o ámbito de formulación ou a súa forma de determinación e os órganos encargados da súa elaboración, aprobación e vixilancia.*

Esta recomendación foi aceptada e aplicada. O *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* configurou os plans de prevención de riscos de xestión como un instrumento central para a prevención, e definiu o modo de elaboración e aprobación dos plans e un cronograma para a súa progresiva implantación. No momento actual, son 66 os centros directivos/entidades instrumentais da Xunta de Galicia que xa contan cun plan de prevención de riscos de xestión aprobado.

6.3. *Crear unha comisión interdepartamental encargada da coordinación e supervisión do sistema de integridade e cumprimento, e un órgano responsable da integridade e prevención de riscos de xestión por centro, con descrición das súas funcións e responsabilidades, e que informe ao máximo nivel da organización.*

Esta recomendación foi aceptada e parcialmente aplicada. Se ben non se procedeu á reforma do marco normativo, o *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* previu a creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión como órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade. A devandita comisión estará asistida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola Asesoría Xurídica Xeral, pola Dirección Xeral da Función Pública e



pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa. A previsión da súa posta en funcionamento ao longo do ano 2022 non foi acadada.

6.4. *Habilitar a vía da denuncia como medio para comunicar situacións relacionadas coa corrupción e a integridade, e regular os dereitos que configuran un estatuto do denunciante coa atribución da súa xestión a aquel órgano centralizado.*

Esta recomendación foi aceptada e aplicada. Se ben non se procedeu á reforma do marco normativo, o *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* e o *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude* da Xunta de Galicia previron a habilitación dunha canle de denuncias, que foi posta en funcionamento en xaneiro do 2022.

Ademais, o *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude* da Xunta de Galicia previu os mecanismos de tramitación das denuncias recibidas e a existencia dun Comité de Ética formado por persoas expertas no ámbito da integridade, de recoñecido prestixio, que actuarán de xeito independente prestando asesoramento na xestión das denuncias presentadas: unha persoa representante do centro directivo competente en materia de avaliación e reforma administrativa, unha representante da Asesoría Xurídica Xeral, unha representante da Intervención Xeral da CA, unha representante do Valedor do Pobo, e unha docente universitaria que imparta grao en Dereito.

6.5. *Actualizar e difundir o Código ético institucional e establecer parámetros para avaliar anualmente o seu cumprimento, e crear un Comité de Ética co propósito de coñecer e investigar as denuncias sobre comportamento ético e os dilemas éticos que se presenten nos servidores públicos.*

Esta recomendación foi aceptada e parcialmente aplicada. O *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* incluíu un eixe específico, relativo á actualización do Código ético institucional, así como á súa difusión, recollendo as previsións ao respecto que figuran no documento de diagnose do Consello de Contas.

Así mesmo, o Programa marco previu a elaboración de protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación.

Sen prexuízo da actualización do Código ético institucional, que non foi abordada ao longo do ano 2022, xa se produciron novos avances neste eido coa aprobación do *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude* da Xunta de Galicia, que estableceu compromisos relativos aos conflitos de intereses dos altos cargos cunha regulación diferenciada e específica da prevista para o



restante persoal empregado público, así como unha análise dos principais riscos de xestión, e bandeiras vermellas, nos ámbitos máis sensibles de actuación, como son o de contratación e subvencións.

No eido da difusión, o Código ético forma parte do contido incluído no novo *Manual de acollida* dirixido especialmente ao persoal que adquire a condición de empregado público da Xunta de Galicia, que figura publicado no Portal de Transparencia.

6.6. *Implantar unha liña de denuncias específica de actos contrarios á ética e conduta institucionais e un procedemento para a investigación de actos contrarios á ética, así como as posibles sancións por incumprimentos.*

Esta recomendación foi aceptada e aplicada. Cómpre remitirse ao xa sinalado respecto á habilitación da canle de denuncias en relación coa recomendación formulada no apartado 5.2 do documento de diagnose do Consello de Contas.

6.7. *Establecer un plan de formación, capacitación e actualización para os servidores públicos, con énfase na ética e integridade, na administración de riscos e na prevención de posibles actos de corrupción.*

Esta recomendación foi aceptada e parcialmente aplicada. O *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* establece a inclusión nos plans de formación continua da Escola Galega de Administración Pública da ética pública e da integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público. E ademais, indica que “incorporarase nese plan unha parte específica de formación como ferramenta ao servizo da sensibilización en integridade e ética pública dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos”. Esta previsión implica a identificación de postos ou colectivos profesionais nos que se considere especialmente relevante a formación nesta materia, e a introdución de formación específica para estes colectivos na materia de integridade e ética pública. Igualmente, prevese o establecemento de “formación diferenciada para os altos cargos e o persoal directivo do sector público autonómico”, o que supón igualmente unha identificación e personalización da formación para os ditos postos.

6.8. *Elaborar por todos os centros (consellerías ou centros directivos) un plan de prevención de riscos de xestión, incluída a corrupción, que visualice a suxeición aos elementos de infraestrutura ética comúns da organización, identifique no centro as responsabilidades nesta materia, defina o mapa de*



procesos e riscos de xestión, incluída a corrupción, así como a súa avaliación e as medidas a adoptar de prevención.

Esta recomendación foi aceptada e aplicada. Neste punto, cómpre remitirse ao xa sinalado respecto aos plans de prevención de riscos en relación coa recomendación formulada no apartado 5.2 do documento de diagnose de 2018 do Consello de Contas.

6.9. *Designar en cada consellería un órgano con autonomía funcional encargado da supervisión do funcionamento do sistema de integridade e cumprimento, co fin de implantar as políticas e metodoloxías para a identificación, avaliación, resposta, control e seguimento dos riscos asociados ás principais actividades.*

Esta recomendación foi aceptada e aplicada. O *Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024* previu a creación dos órganos responsables da integridade e prevención de riscos de xestión na Administración xeral e en cada unha das entidades instrumentais do sector público autonómico. Na mesma liña, o *Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia* complementou esta previsión indicando que as persoas ou unidades responsables da integridade e prevención de riscos previstos no Programa marco velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan xeral de prevención, actuarán como interlocutores cos órganos transversais encargados do cumprimento deste plan, e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa aplicación do plan.

Consonte ao establecido no Programa marco, nos PMA establécese a unidade encargada desta tarefa ou a previsión de designación daquela, establecendo en todo caso que, sempre que sexa posible, será a unidade responsable da coordinación da xestión da calidade e da transparencia designada por acordo do Consello da Xunta do 17 de xuño de 2021.

6.10. *Sen prexuízo das medidas de supervisión do control interno que establezan os plans, é necesario que a programación das avaliacións actuais que sirvan a este fin se orienten ás actividades máis vulnerables identificadas polos propios xestores e se estendan á avaliación da integridade institucional para determinar o grao de desenvolvemento de infraestruturas éticas e o cumprimento de valores e normas de conduta, así como dar conta dos resultados destas avaliacións aos cidadáns e aos medios de comunicación a través das diferentes dimensións da política de transparencia.*

Esta recomendación foi aceptada e parcialmente aplicada.



VI.2. RECOMENDACIÓNS NOVAS

6.11. As recomendacións, seguindo a sistemática do Diagnóstico de 2018 céntranse na formulación daqueles aspectos que deberían abordarse de forma prioritaria sen prexuízo da incorporación gradual das distintas estratexias suxeridas ao longo do informe e que se detallan no anexo VII.

6.11.1. *Medidas de reforzo do marco de integridade*

- Mellorar o coñecemento e a percepción do persoal sobre o marco ético e a cultura ética. Os resultados da enquisa realizada suxiren que pode lograrse introducindo na súa formación orientacións prácticas baseadas en exemplos da vida real e mellorando a comunicación co persoal sobre os instrumentos de prevención aprobados.
- Crear o órgano de supervisión centralizado a que se alude no PMII (Comisión de Coordinación e Integridade), establecer a intervención preceptiva do Comité de Ética na resolución das denuncias e garantir a publicidade dos pronunciamentos sobre as denuncias presentadas.
- Completar o marco xurídico da regulación dos conflitos de intereses con pautas procedementais para a tramitación e resolución das situacións de conflito, e elaborar algún protocolo de verificación da exactitude e a integridade da información declarada previamente.

6.11.2. *Medidas de prevención e xestión de riscos*

- Incrementar, na liña xa iniciada, os plans de prevención e medidas antifraude e estendelos a todos os centros públicos á marxe de que xestionen fondos propios ou comunitarios e a todas as súas actividades vulnerables. Suxírese definir como ámbito obxectivo de todos os plans a *súa aplicación a todos os recursos públicos, sen prexuízo de que, particularmente, teña como obxectivo primeiro garantir as obrigas derivadas da xestión do PRTR.*
- Integrar no contido dos plans específicos o órgano de supervisión centralizado e definir tanto as súas funcións como as do responsable de integridade de cada centro, os labores de coordinación necesarios entre ambos, e a conexión destas unidades co resto das funcións e unidades que están implicadas na xestión dos fondos europeos.
- Revisar a metodoloxía para a avaliación de riscos que figura no *Plan xeral de prevención*, de forma que os plans específicos eviten a remisión xenérica aos riscos, indicadores de riscos e medidas tipo



dese plan xeral, realicen unha análise individualizada de riscos, ponderen adecuadamente as medidas de control existentes e, lonxe de conformarse co actual estado desas medidas, articulen cando sexa necesario un plan de acción con mellora no desempeño das medidas vixentes ou con novas medidas adicionais que contribúan a mellora da xestión pública.

- Completar os plans específicos aprobados cun anexo/addenda que plasme ese mapa de riscos individualizado e pegado á realidade xestora de cada centro.

- Diseñar unha estratexia na que, ademais da publicidade institucional que xa se realiza, se inclúa unha comunicación a todo o persoal dos órganos que dispoñen de plan na que se inclúa a ligazón coa publicación da declaración institucional, código ético, PXMA e plan específico do centro, catálogo de riscos específicos aos que prestar atención na súa xestión, catálogo de medidas preventivas e de control específicas a incorporar na xestión, catálogo de indicadores de alerta/bandeiras vermellas, e canles de denuncias existentes recollidos no PXMA.





ANEXOS





CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Cod. Validación: 69S5TDMFJNY7HLC4FSES5AR4
Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 102 a 134

ANEXO I. CUESTIONARIO

I. CONTORNO DE CONTROL	1	2	3	4	5	
1. Existe un marco normativo adecuado para o desenvolvemento das políticas de integridade				X		4,38
2. Existe unha Estratexia/Programa/Plan de prevención de riscos e medidas antifraude				X		3,75
3. Existe unha política de ética que denote o compromiso dos órganos superiores coa integridade			X			3,33
4. Existe un código de ética e de conduta para todo o persoal				X		3,64
5. Existe unha política de formación para a integridade			x			2,86
6. Existen políticas e procedementos para o control de conflitos de intereses				X		3,50
7. As políticas de recursos humanos están comprometidas coa competencia profesional e co fomento da integridade			X			3,33
8. Existe unha liña de denuncias e un procedemento para a súa tramitación e resolución de incumprimentos				X		4,44
9. Existe un sistema de control interno cunha estrutura clara de responsabilidades en materia de integridade				X		3,89
II. ADMINISTRACIÓN DE RISCOS	1	2	3	4	5	
10. Existe unha definición e medición de obxectivos que permita a avaliación de riscos				X		4,29
11. O centro realiza unha identificación e avaliación formal de riscos				X		3,50
12. A avaliación de riscos considera factores que poidan conducir á fraude ou corrupción			X			3,00
III. ACTIVIDADES DE CONTROL	1	2	3	4	5	
13. Establécense medidas de control que respostan aos riscos identificados e avaliados			X			3,33
14. Establécense medidas de control sobre os sistemas informáticos			x			3,33
15. Establécense medidas de control específicas relacionadas coa fraude ou corrupción				X		3,89
IV. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	1	2	3	4	5	
16. A organización obtén e xera información relevante para a xestión e control dos obxectivos de integridade			X			3,13
17. A organización comunica internamente a información relevante para a xestión, incluída a relativa aos obxectivos e responsabilidades			X			2,86
18. Existen canles formais de comunicación con entidades públicas ou privadas, cidadáns e grupos de interese das normas de integridade			X			2,78
V. SUPERVISIÓN	1	2	3	4	5	
19. Realízanse avaliacións da actividade polos responsables dos procesos				X		3,57
20. Realízanse avaliacións por órganos independentes			X			2,86
21. Implántanse as recomendacións derivadas destas supervisións			X			2,50

Notas sobre o cuestionario:

O cuestionario está deseñado con preguntas (cuestións/criterios de avaliación) que abranguen os cinco compoñentes do control interno que son obxecto de análise no informe.

A puntuación a cada pregunta efectúase en función da resposta obtida da aplicación do checklist que figura no anexo seguinte conforme ás seguintes regras:

- Asígnase un punto por cada resposta positiva das subpreguntas do checklist.
- A puntuación total de cada pregunta/criterio de avaliación asígnase nunha escala de valores de 1 a 5 puntos en función da porcentaxe de respostas positivas sobre o total de subpreguntas que abarcan ese criterio, que unha ferramenta de Excel volca automaticamente.

Os recadros de cada pregunta reflicten graficamente a valoración estimada desa pregunta, recolléndose a cuantificación exacta desa valoración na última columna. A puntuación mínima (1) significa a negación absoluta da cuestión formulada, mentres que a puntuación máxima (5) equivale a unha afirmación sen dúbidas daquela.



ANEXO II. CHECKLIST DIRIXIDO AOS CENTROS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

I. CONTORNO DE CONTROL	SI	NON	N / A	EVIDENCIAS
1. MARCO NORMATIVO				
<i>1. Existe un marco normativo adecuado para o desenvolvemento das políticas de integridade</i>				
1.1. O marco normativo aborda as áreas máis sensibles a prácticas de corrupción	x			Conflictos de intereses. Actividades fóra do sector público. Declaracións de bens. Actividades posteriores emprego público (Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno). Agasallos, conflitos intereses (Código ético institucional da Xunta de Galicia)
1.2. O marco xurídico está aliñado coa simplificación organizativa, calidade normativa e goberno aberto	x			Portais de transparencia, goberno aberto, acceso información pública (Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno). Racionalización SP e axilización administr. (Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico). Simplificación normativa (Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia)
1.3. O marco normativo está adaptado cun desenvolvemento propio ás esixencias de xestión dos fondos do PRTR	x			Lei 29/2001, DOG nº 39 do 2021/2/26 - Xunta de Galicia/ https://www.nextgenerationgalicia.gal/documents/20548298/20553642/Es-trategia-transformacion-Galicia-gl.pdf/cf7826f2-a017-449a-b0f6-8e19d39f195a
1.4. Todos os centros contan cun portal de transparencia no que inclúen a información prevista na LTBGG	x			
1.5. Aplícase integramente a normativa de contratación pública e subvencións públicas	x			Subvencións públicas: non consta que existan entidades públicas non suxeitas á LSG que concedan subvencións. Si consta a existencia de axudas públicas (préstamos, avais, outras) non suxeitos
1.6. Existen instrucións xerais/modelos de pregos de cláusulas administrativas con medidas antifraude	x			https://transparencia.xunta.gal/tema/i-nformacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contratacion-publica/modelos-
1.7. Existen instrucións xerais/modelos de bases xerais de subvencións con medidas antifraude	x			RVF_GAL_bases_convocatoria.odt (xunta.gal)
1.8. Existe unha regulación de grupos de interese e conflitos de intereses aplicable ao centro		x		PMII Medida 1.4. Previsión da regulación dos lobbies ou grupos de interese e da súa actividade de influencia no ámbito do sector público autonómico
1.9. Existe unha regulación adecuada do estatuto do denunciante			x	Pendente da transposición de directiva europea



2. ESTRATEXIA/PROGRAMA/PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS

2. Existe unha estratexia para o desenvolvemento das políticas de integridade				
2.1. No plan estratéxico figuran obxectivos en materia de integridade e bo goberno	x			a14cf729-69ff-423e-a34f-d50179e69715 (planestratexico2030.gal)
2.2. Existe un programa de integridade institucional aprobado	x			Programa marco integridade institucional (xunta.gal)
2.3. Existen órganos transversais para a coordinación/supervisión da política de integridade	x			PMII: Medida 1.8.1. Creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da integridade e de prevención de riscos de xestión.
2.4. Existe un plan de prevención de riscos e medidas antifraude aprobado por centro	x			Microsoft Word - Plan general medidas antifraude de la Xunta de Galicia castellano
2.5. Os plans de prevención de riscos e medidas antifraude teñen alcance global (toda a actividade)		x		A urxencia derivada da Orde HFP/1030/2021 fai necesario articular un sistema de fases para a aprobación dos distintos plans específicos de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude de acordo cun calendario predeterminado
2.6. Os plans recollen medidas para todo o ciclo da fraude	x			Plan xeral de prevención de riscos. Punto 1.3.
2.7. Os plans recollen a obriga dunha DACI e dun procedemento para os conflitos de intereses	x			Plan xeral de prevención de riscos. Punto 2.2.
25. ¿Solicítase de vostede que confirme (de maneira explícita ou tácita) periodicamente se cumpriu as normas éticas en vigor?	
Si, de forma xeral.	16%
Si, pero só no que respecta a aspectos específicos das miñas funcións.	22%
Non, en ningún caso.	48%
Non estou seguro/a.	14%
26. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: Recoñezo unha conduta pouco ética cando a vexo.	



Informe de avaliación dos sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción na Administración xeral. Exercicio 2022

Totalmente de acordo.	12%
De acordo.	66%
En desacordo.	4%
Non o sei.	18%
27. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: O persoal da miña unidade/servizo é capaz de recoñecer cuestións que afectan ao comportamento ético.	
Totalmente de acordo.	10%
De acordo.	54%
En desacordo.	10%
Non o sei.	26%
28. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: O persoal da miña unidade/servizo non dubida en notificar un comportamento pouco ético aos seus superiores xerárquicos.	
Totalmente de acordo.	10%
De acordo.	38%
En desacordo.	12%
Non o sei.	40%
29. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: Os meus superiores xerárquicos dan exemplo en materia de ética.	
Totalmente de acordo.	8%
De acordo.	54%
Totalmente en desacordo.	2%
En desacordo.	4%
Non o sei.	32%
30. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: A miña unidade/servizo sempre se toma en serio os casos de condutas pouco éticas.	
Totalmente de acordo.	14%
De acordo.	54%
En desacordo.	4%
Non o sei.	28%
31. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: As actuacións na miña unidade/servizo son coherentes cos principios do marco ético.	
Totalmente de acordo.	18%
De acordo.	70%
Non o sei.	12%
32. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: A cultura ética na miña unidade/servizo está fortemente implantada.	
Totalmente de acordo.	10%
De acordo.	46%
Totalmente en desacordo.	6%
En desacordo.	18%
Non o sei.	20%
33. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: Unha forte implantación da cultura ética incide directamente na mellora da prestación do servizo público.	
Totalmente de acordo.	40%
De acordo.	58%
Non o sei.	2%
34. ¿Como avaliaría o seu grao de coñecemento do Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión da Xunta de Galicia?	
Teño un bo coñecemento.	26%



Teño un coñecemento superficial, pero non sei moito del.	42%
Non coñezo nada sobre este programa.	32%
35. ¿Como avaliaría o seu grao de coñecemento sobre o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do seu centro?	
Teño un coñecemento profundo dese Plan.	6%
Teño un bo coñecemento dese Plan.	24%
Teño un coñecemento superficial sobre o Plan.	40%
Non coñezo nada sobre este Plan.	30%
36. ¿Participou vostede na identificación de riscos para a elaboración do Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do seu centro?	
Si.	26%
Non.	74%
37. ¿Que opinión lle merece a seguinte afirmación?: Como responsable da unidade/servizo son consciente das áreas ou actividades nas que existe un maior risco de corrupción.	
Totalmente de acordo.	22%
De acordo.	66%
Non o sei.	12%
38. ¿Que opinión lle merece a seguinte afirmación?: A miña institución informa adecuadamente sobre os contidos do Programa marco de integridade e do Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.	
Totalmente de acordo.	4%
De acordo.	34%
Totalmente en desacordo.	6%
En desacordo.	22%
Non o sei.	34%
39. ¿Cal é a súa percepción da seguinte afirmación?: O persoal que xestiona actividades de contratación e subvencións está informado sobre os riscos de xestión e indicadores de fraude existentes nesas áreas.	
Totalmente de acordo.	10%
De acordo.	36%
En desacordo.	10%
Non o sei.	44%





Definir	Estender	Completa Definición	Incrementar	Regulación normativa de la posibilidad de atención	Establecer un ético	Implantar un
---------	----------	---------------------	-------------	--	---------------------	--------------



 CSV: BOPGDS PG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal>

Concepto	Estratexias. Plan de prevención de riscos de xestión	Estratexias de mellora 2022	Medidas PMA Anexo III.C
Recursos humanos			
Planificación estratéxica	Análise das necesidades de futuras incorporacións de persoal		
Principio de mérito e capacidade de persoal	Reforzar as garantías de imparcialidade dos tribunais con técnicas de selección aleatoria dos seus membros Establecemento de comisións permanentes de selección (Programada 3.1.2. PMII)		
Provisión definitiva de postos	Redución de coberturas provisionais de postos (Programada 3.3 PMII)		
Avaliación do desempeño	Implantación de sistemas de avaliación do desempeño (Programada 3.2 PMII)		
Perfil ético para os postos sensibles	Incorporar a formación en ética como criterio para a provisión de postos sensibles e de responsabilidade		
Sistema CI. Responsabilidades en materia integridade e prevención de riscos			
Procedementos de control. Sistema de control interno	Dotarse de manuais de procedementos nas actividades susceptibles (Programada. Medida 4.3.1 PMII) Potenciación do SCI e controis internos centrados nos riscos. Establecer unha segregación de funcións clara nes procedementos (Programada. Medida 4.3.1 PMII)	Reforzar a efectiva implantación das medidas, máis alá dos cumprimentos formais	2.b).i.F
Aspectos organizativos. Responsabilidades	Comisión de supervisión do sistema de integridade e cumprimento (Comité antifraude) (Programada. Medida 1.8.1 PMII) Nomear un responsable/supervisor de integridade e cumprimento por centro ((Programada: Medida 1.8.2 PMII. En curso) Descrición de funcións e responsabilidades en materia de integridade en todos os órganos da entidade pública	Crear a comisión de supervisión do sistema de integridade e cumprimento -comité antifraude- prevista no PMII) Garantir a plena constitución e operatividade dos órganos previstos	
B) ADMINISTRACIÓN DE RISCOS			
Establecemento de obxectivos			
	Definir os obxectivos da organización que deban incorporarse ao proceso de xestión de riscos		
	Definir indicadores de medición de obxectivos		
	Realizar avaliacións do seu cumprimento		
	Publicar e render contas da consecución dos obxectivos do PE ao Parlamento e aos cidadáns (transparencia)		
Identificación e avaliación de riscos			
Metodoloxía	Asumir unha metodoloxía para a análise de riscos (Aplicada. Prevista nos PMA)	Clarificar e revisar a metodoloxía que figura no Plan xeral	2.b).i.E
Definición de actividades/procesos relevantes susceptibles	Identificar os procesos máis susceptibles a violacións da integridade, fraude ou corrupción (Aplicada. Prevista nos PMA)	Identificar os procesos máis susceptibles a violacións da integridade, fraude ou corrupción	2.b).i.E
Análise de factores de riscos	Analizar os factores da organización que poidan inducir a esas violacións (Prevista nos PMA)	Identificar os factores de riscos	
Identificación de riscos relevantes	Identificar e avaliar os riscos máis relevantes nos procesos máis susceptibles (Prevista nos PMA)	Identificar os riscos de cada centro e a súa valoración	2.b).i.E
Valoración do risco bruto	Valorar o risco bruto a partir do nivel de gravidade e ocorrencia (Prevista nos PMA)		



Concepto	Estratexias. Plan de prevención de riscos de xestión	Estratexias de mellora 2022	Medidas PMA Anexo III.C
Ponderación dos controis existentes	Verificar as medidas xa implantadas e o grao de eficacia na minoración do risco bruto (Prevista nos PMA)		
Determinación do risco neto	Determinar o risco neto a partir dunha ponderación prudente dos controis existentes (Prevista nos PMA)		
Consideración especial de riscos de fraude ou corrupción Identificar de xeito diferenciado os comportamentos que pola súa natureza non constitúen riscos comúns de xestión, senón riscos que afectan a fiabilidade da información, protección de activos ou corrupción ou fraude en base a:			
	Identificar actuacións máis susceptibles de fraude pola alta intensidade, orzamento, ... (Aplicada. Previsión nos PMA)	Valorar e considerar estes parámetros e antecedentes na identificación de riscos	2.b).i.E
	Identificar conflitos de intereses: rexistro		2.b).i.E
	Considerar resultados de auditorías previas/auditorías da Comisión Europea		2.b).i.E
	Considerar casos de fraude detectados con anterioridade		2.b).i.E
C) ACTIVIDADES DE CONTROL/MEDIDAS ESPECÍFICAS			
Controis específicos vinculados aos riscos identificados			
Controis específicos aliñados con riscos	Identificar as medidas implantadas que inciden en cada un dos riscos identificados (Aplicada. Previsión nos PMA))		
Controis efectivamente implantados	Valorar o nivel de implantación e eficacia das medidas	Individualizar e valorar as medidas que se declaran existentes en cada centro	
Controis adicionais para riscos relevantes (plan de acción)	Establecer un plan de acción para os riscos relevantes (controis adicionais)	Plan de acción con melloras dos controis existentes e controis adicionais para os riscos que o requiriran	
Controis nos sistemas informáticos			
	Avanzar na administración dixital para acadar a informatización completa da maioría dos procesos		
Controis específicos anticorrupción/fraude (complementar os controis específicos de prevención con outros de detección, investigación e resposta)			
Detección	Análise de datos. Cruces de datos/Usos de bases de datos		2.b).i.G.ii.A
	Establecer indicadores ou alarmas de fraude/bandeiras/vermelhas (Aplicada. Prevista nos PMA)		2.b).ii.B
	Establecer mecanismos de información de sospeitas de fraude (canle de denuncias) (Aplicada)		2.b).ii.C
Corrección	Suspensión do procedemento en caso de fraude (Aplicada. Prevista nos PMA)		2.b).iii
	Avaliación da incidencia da fraude (Aplicada. Prevista nos PMA)		2.b).iii.A
	Retirada dos proxectos (Aplicada. Prevista nos PMA)		2.b).iii.B
Persecución	Comunicación dos feitos á entidade decisoria/autoridades (Aplicada. Prevista nos PMA)		2.b).iv.A



Cod. Validación: 69855TDMFJN7YHICD4ESESAP4
 Corrección: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.espublico | Páxina 29 a 134



CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal>



VOTO PARTICULAR PRESENTADO AO INFORME DE AVALIACIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL INTERNO E PREVENCIÓN DE RISCOS DE CORRUPCIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL. EXERCICIO 2022

PLENO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA
CONSELLEIRO: *Simón Rego Vilar*



Ante a posibilidade normativa de facer constar a miña opinión discrepante á adoptada polo Pleno do Consello de Contas ou á súa fundamentación, en sesión celebrada o 30 de marzo de 2023, sobre o «Informe de avaliación dos sistemas de control interno e prevención de riscos da corrupción na Administración Xeral. Exercicio 2022» (artigo 7.2 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia), preséntase escrito que fundamenta ese voto e opinión.

Sen prexuízo do anterior, en primeiro lugar, cómpre por de manifesto e deixar constancia da calidade técnica e rigorosidade do traballo contido no citado informe, así como da exemplar xestión da competencia en materia de colaboración na prevención da corrupción atribuída a este Consello pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e da que son proba irrefutable os documentos técnicos aprobados pola Sección de Prevención da Corrupción e os diferentes protocolos de colaboración asinados nesta materia.

Así mesmo, cómpre manifestar a valoración positiva ás modificacións propostas no seo da Sección de Prevención da Corrupción que analizou o anteproxecto de informe, porén existen obxeccións que agora se desenvolven que, a xuízo de quen subscribe, aconsellan, de cara a definición e madurez plena da función de colaboración na prevención do fraude e o fomento de marcos de integridade pública, da súa concreción:

1. O alcance da función de colaboración.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, atribúe ao Consello de Contas de Galicia, xunta á función basilar de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, e a de principal órgano asesor do Parlamento de Galicia en materia económico-financeira —función por desenvolver—, a de prevención da corrupción no ámbito do sector público. A dita función dótese dos seguintes contidos (artigo 5.bis):

«O Consello de Contas desempeña as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción:

- a) Colaborar coas administracións suxeitas ao ámbito de actuación do Consello de Contas e facerlles propostas na elaboración de códigos de conduta e manuais internos de xestión de riscos que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos.
- b) Solicitar información ás administracións relativas aos seus sistemas de prevención da corrupción, comprobando o axeitado deseño e implantación das políticas de integridade e proponendo melloras que garantan a transparencia e reduzan as oportunidades de fraude. Neste sentido, deberá avaliar de xeito sistemático os plans de prevención de risco da corrupción que realicen as institucións e entes do sector público da Comunidade Autónoma, nos cales deberán analizar as actividades nas que se constate unha maior incidencia de risco.
- c) Asesorar o Parlamento, a Administración autonómica e as administracións suxeitas ao ámbito de actuación do Consello de Contas sobre os instrumentos normativos ou internos de prevención e represión da corrupción.
- d) Fomentar a conciencia e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético no sector público e impulsar dentro do sector privado o establecemento de mecanismos de autorregulación co fin de evitar prácticas irregulares, en particular nas empresas licitadoras e adxudicatarias de contratos, concesionarias de servizos públicos e beneficiarias de subvencións e axudas públicas».

En ningún caso, esta nova función pode cuestionar a independencia do órgano de control externo, nin obscurecer a función basilar de fiscalización, nin atribuírle responsabilidades directas no deseño e implementación das estratexias de integridade pública das entidades que integran o sector público da Comunidade Autónoma, nin na definición do sistema de integridade coherente e completo destas.



2. Modelos de madurez formal ou modelos de implementación e resultados.

En coherencia co anterior, cando se efectúa unha avaliación do sistema pode optarse por un modelo de madurez formal deste ou ben por un modelo de implementación e resultados da efectiva aplicación da visión estratéxica da integridade pública. Neste sentido, no informe óptase polo primeiro, como queda acreditado a xuízo de quen subscribe, cando a análise se centra en cumprimentos formais nun ano concreto, obviando os anos transcorridos desde o diagnóstico inicial —2018— ata o exercicio 2022: inexistencia de avaliación, de existir, da memoria obrigatoria a remitir anualmente pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa da Xunta de Galicia conforme ao artigo 55 do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Contas, limitacións do modelo aplicado de xestión e avaliación de riscos —con independencia da súa efectividade práctica e adaptación á realidade das organizacións afectadas—, ou en relación coa carencia de medidas para mitigar uns riscos que se reproducen de forma mimética entre centros directivos.

A prevención do fraude e o fomento de marcos de integridade pública non pode confundirse con documentos ou órganos, senón que se trata dun proceso de mellora continua que engloba un sistema de integridade e unha infraestrutura ética nas organizacións públicas, unha cultura de integridade pública e unha rendición de contas eficaz e real. Proceso para cada organización pública que dificilmente acepta plans únicos, homoxéneos e estandarizados, senón que require dun enfoque preventivo adaptado aos riscos de cada área de xestión.

Prantexar como obxectivo do traballo a avaliación dos «(...)avances na implantación de medidas de prevención, afondando non só na súa posta en marcha senón tamén na efectiva utilización das medidas implantadas», non se compadece coa valoración dos compoñentes do control interno e a súa evolución, obviando feitos que se evidencian un ano despois como a non constitución do órgano de coordinación do sistema —sen explicarse quen está a asumir as ditas funcións estratéxicas na práctica—, a non constatación dos efectos e resultados dos programas formativos, a escasa implicación e participación do persoal directivo na definición do programa de integridade —nunha enquisa na que se exclúe de forma expresa ao persoal non directivo—, a falla de actualización do Código ético institucional e os informes anuais de seguimento sobre o seu nivel de cumprimento para a súa remisión ao Parlamento de Galicia ou a carencia de impulso práctico pola Consellería de Educación das medidas de educación cívica impulsadas polo Consello de Contas de Galicia en relación cos centros escolares.

3. Mentalidade analóxica en corpos dixitais.

Finalmente, non se poden obviar elementos que requirirían dunha reflexión e valoración acorde coa situación actual do sistema:

- Resulta imprescindible incluír unha recomendación relativa á garantía do pleno anonimato da canle de denuncias, dificilmente conciliable coa esixencia dunha identificación electrónica, que exclúe a unha parte significativa do seu público obxectivo, pero que ademais supón unha barreira de entrada en relación co anonimato da denuncia, non só no senso que implica unha perda obrigatoria de toda información sobre o resultado do proceso. A estes efectos, resultaría imprescindible a incorporación plena, seguindo o modelo do Consello de Contas, do anonimato e a posibilidade de presentación de denuncias por vías non telemáticas, a través dun sistema de información e atención multicanal, así como a adaptación á xa vixente Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.



- Garantir a independencia e o carácter preceptivo da actuación do Comité de Ética e a publicidade plena das súas resolucións, así como a plena asunción de competencias en materia de arquivo de denuncias, que exclúen do seu coñecemento a maioría destas, así como o desenvolvemento dun canal de dilemas éticos para o conxunto da organización.
- Reforzar os canais de transparencia e a súa vinculación coa integridade, por exemplo, superando as eivas en materia de accesibilidade e interoperabilidade da información pública en relación coa «pegada normativa» dos proxectos —cítanse no informe sen aclarar a súa aplicación práctica e a forma de publicación dos informes ou os responsables da elaboración dos anteproxectos normativos—, as declaracións de bens patrimoniais de altos cargos ou a información da contratación menor da Administración autonómica, que imposibilita na práctica, máis alá do cumprimento formal, a análise de riscos en relación con estas.
- Vincular a integridade coa regulación, rexistro e control dos grupos de interese, tal e como sinala o OCDE na súa *Recomendación do Consello da OCDE sobre Integridade Pública de 2017* «a captura regulatoria onde as decisións sobre políticas públicas son tomadas sen ter en conta o interese xeral, pode exacerbar as desigualdades e menoscar os valores democráticos, o crecemento económico e a confianza no goberno». Neste sentido, xustificar a non regulación no ámbito autonómico na falta dunha normativa supostamente superior, non parece compadecerse co marco estatutario autonómico, nin coa práctica doutras Comunidades Autónomas como a Comunidade Valenciana a través da Lei 25/2018, de 10 de decembro, reguladora da actividade dos grupos de interese.
- Por último, resulta preciso facer constar a importancia dun mellor uso dos datos e as tecnoloxías da información na prevención do fraude e a corrupción, que debe ser unha das ensinanzas da resposta á pandemia da Covid-19, a relevancia das avaliacións iniciais de impacto do fraude e o pleno uso das tecnoloxías da información na prevención e o fomento de marcos de integridade pública na xestión.

4. Resume

En síntese, valorando o traballo efectuado, estímase que se debe impulsar unha avaliación de resultados eficaz e real no ámbito da prevención do fraude e o fomento de marcos de integridade pública, máis alá de cumprimentos meramente formais, o que motiva a presentación deste voto particular ao mencionado Informe de Avaliación.

Simón Rego Vilar
Consello de Contas de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza recupere a gratuidade los libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun contexto de crise económica como a que vivimos, que acumula máis dun ano e medio con incrementos históricos da inflación, o custo do material escolar é cada vez máis difícil para cada vez máis fogares. Segundo un estudo da OCU para o inicio do curso escolar 2022/2023, cada fogar cun alumno ou alumna entre 3 e 18 anos gastaría de media no curso uns 2.186 euros e un 27% tería dificultades para enfrontar os custos escolares. Outros estudos sinalaban que o inicio de curso custaría unha media de 500 euros e tería un incremento respecto do ano anterior de entre 60 e 80 euros.

Á vista da evolución da inflación podemos observar que este escenario de medre de prezos continuou no que vai de curso, impactando nas familias, e impactará no vindeiro inicio de curso. Cos datos máis recentes, en termos estatais a taxa de variación interanual do IPC xeral adiantado para o mes de abril prevese no 4,1%. Cos datos pechados de marzo temos que foi dun 3,3%, a mensual dun +0,4%, e a interanual subxacente dun +7,5%. En Galiza, como vén sendo habitual, as cifras foron superiores: a taxa de variación interanual do IPC xeral foi dun 3,4% e a taxa de variación interanual do IPC subxacente foi en Galiza de 8,1% fronte ao 7,5% da media estatal. É dicir: Galiza ten índices máis altos có estado: as e os galegos seguimos empobrecéndonos con máis intensidade ao tempo que os nosos salarios e pensións están á cola do estado. No





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que atinxe á alimentación, salienta a persistencia no incremento interanual dos prezos dos “Alimentos e bebidas non alcohólicas”, que subiron en marzo un 16,6% a respecto do mesmo mes do ano anterior.

Esta situación afecta ás familias galegas e ás súas crianzas, máis aínda nun contexto no que segundo a enquisa estrutural a fogares sabemos que máis do 53% chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes.

O goberno galego anunciaba o 4 de maio de 2022 que ampliaría as familias beneficiaras do vale de material escolar e as axudas para a compra de libros ao estender o umbral de renda exixido de 6.000 euros ou inferior a 10.000 euros ou inferior. Anunciaba tamén a continuidade, sen modificacións, do Fondo Solidario de Libros.

Estas medidas son absolutamente insuficientes para paliar os efectos da inflación e para reforzar o ensino público como unha ferramenta de igualdade e equidade social. O ensino é un dereito e para garantir o seu exercicio é preciso recuperar a gratuidade dos libros de texto, máis aínda á luz da situación de crise económica.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai rectificar o goberno galego e garantir a gratuidade do acceso aos libros de texto en todas as etapas de ensino obrigatorio, a comezar a partir do próximo curso 2023-2024?

Considera o goberno galego que é suficiente para responder á inflación o reducido incremento da axuda ao material escolar? En que estudo ou estudos se baseou?

Considera o goberno galego que é suficiente para responder á inflación o reducido incremento da axuda aos libros de texto? En que estudo ou estudos se baseou?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que criterios seguiu para estender estas medidas só ás rendas iguais ou inferiores a 10.000 euros e non facer un paquete de medidas máis amplo?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/05/2023 11:00:50

Daniel Castro García na data 05/05/2023 11:00:56

Mercedes Queixas Zas na data 05/05/2023 11:01:09

Noa Presas Bergantiños na data 05/05/2023 11:01:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a nova lei de ciencia e innovación anunciada pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Consello da Xunta do 4 de maio de 2023 o Goberno galego anunciou o inicio dos traballos para a elaboración dunha nova Lei de ciencia e innovación de Galiza.

Até o momento o único dispoñíbel é un espazo web habilitado no portal de transparencia da Xunta

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/consulta-publica-previa/consultas-abertas/-/cpp/0190/lei-ciencia-innovacion-galicia>

no que se sinala que:

“Con esta proposta, a nosa Comunidade busca colocarse á vangarda na regulación normativa da I+D+i, adaptándose ao marco europeo e tratando de aproveitar todas as pancas dispoñibles trala aprobación da Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación de España para dar resposta aos retos aos que se enfronta Galicia na actualidade”.

Os problemas que se pretenden solucionar, segundo a Xunta de Galiza son:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Reforzar a participación dos axentes, especialmente das PEME e a sociedade nas iniciativas de I+D+i

- Impulsar grandes proxectos tractores
- Avanzar na adaptación dos instrumentos ás necesidades de cada sector, diminuindo as rixideces normativas e administrativas
- Mellorar o investimento, especialmente o privado, incrementando a colaboración público-privada e potenciando as oportunidades existentes a nivel suprarrexional nacional e internacional
- Aumentar a capacidade para atraer e reter talento e persoal cualificado

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando prevé aprobar o anteproxecto de lei de ciencia e innovación a Xunta de Galiza?
- Que medidas concretas prevé introducir na nova norma?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 05/05/2023 12:12:28

Olalla Rodil Fernández na data 05/05/2023 12:12:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela e Leticia Gallego Sanromán, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No ano 2017 a Xunta anunciou e mesmo chegou a detallar unha nova proposta de deseño da zonificación escolar para a cidade de Vigo. O novo mapa, segundo anunciou a Consellería de Educación, tiña previsto a súa implantación para o curso 2018/2019, pero a realidade, é que case un lustro despois este compromiso segue sen ver a luz. Dende Foanpas, Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de alumnos de Vigo, levan anos demandando a actualización dunha zonificación obsoleta que non dá resposta á realidade poboacional da cidade. Este mes de marzo, coa apertura do prazo oficial de admisión e matriculación para o vindeiro curso 2023/2024 as familias, nais e pais volveron padecer unha distribución de institutos con máis de 20 anos de antigüidade que non responde ás necesidades da cidadanía.

Esta situación, derivou nestes anos no colapso dalgúns institutos como é o caso do Álvaro Cunqueiro no barrio de Coia e a derivación das alumnas e alumnos da zona de Navia a Valadares a case dez quilómetros de distancia, debido ao desleixo durante todos estes anos por non actualizar a zonificación para axeitala aos cambios demográficos e en especial ao crecemento dun dos barrios máis populosos da cidade olívica como é o de Navia e cunha maior porcentaxe de nenas e nenos.

En decembro de 2017 a Consellería de Educación anunciaba en concreto a nova proposta de zonificación escolar de Vigo nunha xuntanza con directoras e directores e Foanpas. Un novo mapa escolar no que se establecían segundo a información oficial trasladada pola Xunta, catro grandes áreas educativas con



presenza de, polo menos, catro IES en cada unha delas fronte ás 13 de Infantil e Primaria e 8 de ESO que existen actualmente. Anos despois deste anuncio, e ante a situación de desigualdade por unha zonificación de máis de 20 anos as nais e pais esixen certezas para que as súas fillas e fillos poidan acceder como mínimo aos institutos adscritos, algo que non acontece arestora.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cal é o motivo de manter paralizado o novo mapa escolar comprometido desde hai anos para a cidade de Vigo?
2. Que traballos se teñen desenvolvido desde a Consellería de Educación dende 2017 para dar cumprimento á necesaria actualización da zonificación escolar da cidade de Vigo?
3. Cando vai actualizar a zonificación escolar de Vigo a Consellería de Educación?
4. Porque a Xefatura Territorial de Educación non da resposta a ningunha das mocións trasladadas desde o Consello Escolar Municipal de Vigo?

Parlamento de Galicia, 8 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 08/05/2023 13:11:36





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2023 13:12:44
Nº Rexistro: 53488
Data envío: 08/05/2023 13:12:44.637

Noa Susana Díaz Varela na data 08/05/2023 13:11:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/05/2023 13:12:04

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
193796

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os servizos de atención á dependencia no concello de Rábade.

Exposición de motivos

O Concello de Rábade conta cunha poboación de 1.503 habitantes dos que 385 teñen máis de 65 anos (168 homes e 217 mulleres).

Porén, malia contar cunha poboación maior que representa o 25,6% da poboación, non dispón practicamente de servizos para a súa atención, para a prevención da dependencia e a conciliación familiar.

De feito, só conta co Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e cun proxecto de creación dun centro de día e residencia privada no antigo hotel San Vicente que nunca se chegou a materializar.

Recentemente, un grupo de persoas impulsaron a creación dunha cooperativa coa que materializar o primeiro proxecto de cohousing Lar do Regueiro, o primeiro de Galiza. Porén, trátase dun proxecto privado que atenderá ás 54 vivendas promotoras do mesmo.

Cómpre lembrar que Rábade é un concello ben comunicado (pola N-VI e a A6) coa cidade de Lugo e outros concellos próximos como Outeiro de Rei, porén, o certo é que a poboación de Rábade ten dereito a contar con servizos de proximidade que garantan as mellores condicións de vida e o máximo benestar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza os servizos de atención ás persoas maiores dos que dispón o concello de Rábade?
- Cantas persoas dependentes, con dereitos recoñecidos pola lexislación vixente, existen nesta localidade?
- Hai persoas agardando para acceder a algún servizo no Programa de Asignación de Recursos?
- Cre que Rábade merecería dispor, por exemplo, dun centro de día público? Existe algún proxecto ao respecto?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2023 12:20:48

Iria Carreira Pazos na data 09/05/2023 12:20:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2023 12:21:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os resultados da convocatoria do programa de doutoramento industrial de 2022 e as previsións da Xunta de Galiza a respecto dunha nova convocatoria en 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2022 a Xunta de Galiza convocou, por vez primeira, as subvencións do programa de doutoramento industrial.

Unha convocatoria coa que a Axencia galega de innovación (GAIN) financia o desenvolvemento dunha tese de doutoramento na contorna empresarial, baseadas en proxectos de investigación que impliquen unha colaboración efectiva entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía (solicitante), e unha universidade do Sistema Galego Universitario (SUG) por un período máximo de 3 anos.

Unha primeira convocatoria coa que apoiar economicamente até 15 teses doutorais na contorna empresarial cun orzamento total de 1,890.000 euros.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do programa de doutoramento 2022?
- Prevé volver convocar esta orde de subvencións en 2023?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- De ser así, vai introducir algunha mudanza nas bases de convocatoria? Cales e con que obxectivos?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/05/2023 16:26:45

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2023 16:26:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as dificultades dos concellos, especialmente os máis pequenos, para asumir a xestión do Servizo de Axuda no Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza cada vez hai máis persoas maiores debido a unha esperanza de vida que sitúa os homes en 80 anos e as mulleres en 86. Iso é unha boa nova. Vivimos máis anos e iso é o resultado das conquistas sociais, da garantía de dereitos a través de servizos públicos fundamentais como a sanidade.

De feito, na actualidade en Galiza máis do 25% da poboación supera os 65 anos e as previsións indican que esta porcentaxe se incremente nas próximas décadas.

Porén, en que condicións vivimos? Cales son as condicións de vida das persoas máis maiores do noso país?

O aumento da lonxevidade non significa de maneira automática que eses anos de vida teñan lugar coa maior calidade e benestar. De facto, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (2018) e a Enquisa Nacional de Saúde (2020) a esperanza de vida sen limitacións graves sitúase en 78,9 anos para as mulleres e 75,6 anos para os homes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade, presente e futura, sitúa para o Bloque Nacionalista Galego como unha prioridade o fortalecemento e a ampliación dos servizos públicos dirixidos á atención e prevención da dependencia así como a garantir o máximo benestar das persoas maiores. De maneira sintética, despregar unha rede de servizos públicos forte dirixida a engadir vida aos anos, benestar e calidade de vida.

Un deses servizos é o de atención a domicilio ou axuda no fogar. O SAF é, de facto, o principal servizo de atención a persoas dependentes no noso país. Un servizo regulado a nivel galego en 2009 a través da Orde do 22 de xaneiro dese ano; financiado nunha parte importante con fondos autonómicos mais cuxa prestación e xestión reside nos concellos.

Cada vez máis concellos, especialmente os pequenos que rexistran maiores taxas de envellecemento, atopan maiores dificultades para asumir un servizo de crecente demanda.

1. Polo encarecemento da prestación do servizo e un financiamento autonómico que malia incrementarse nos últimos anos, fica lonxe de cubrir o custe real de prestación.

2. Pola falta de persoal con formación sociosanitaria e tamén dos servizos sociocomunitarios.

Estas dificultades e a necesidade de revisar o modelo de SAF vixente en Galiza non é allea á Xunta, trasládanlla de maneira recorrente a través da Fegamp ou directamente os concellos.

Cada vez é máis evidente a necesidade de construír un Servizo galego de benestar que, ao igual que acontece coa sanidade pública, integre con carácter galego, é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dicir autonómico, os servizos de atención e coidado ás persoas, tamén maiores e dependentes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que medidas prevé adoptar o Goberno galego para garantir un Servizo de Axuda no Fogar á altura das necesidades das galegas e galegos?
- Cre que os concellos teñen capacidade, orzamentaria e de persoal, para atender debidamente este servizo coa previsión de incremento de usuarias que se vai producir nos próximos anos?
- Valora, cando menos, estudar o Goberno galego a posibilidade de ir a unha xestión diferente do servizo?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 09/05/2023 16:51:28

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2023 16:51:32

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2023 16:51:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cumprimento do acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2022 o Parlamento aprobou, de maneira unánime, a iniciativa impulsada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego co seguinte acordo:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Abrir un proceso de diálogo con representantes do ocio nocturno, no marco do Observatorio galego da violencia de xénero, para impulsar a elaboración, aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais. O protocolo deberá incluír, entre outras, actuacións en todos os ámbitos (incluídos o sanitario e o policial) así como: formación e información específica dirixida ao persoal dos establecementos.
2. Publicar o protocolo e todo o material ligado a el (sinalética, fluxogramas, anexos) a través do portal Web da Xunta de Galiza, para garantir a súa difusión entre os establecementos e calquera persoa que a título individual o queira coñecer.”

Unha ferramenta necesaria para previr e intervir con todas as garantías diante de situacións de violencia machista que se poidan producir neste tipo de locais así como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

blindar os dereitos das mulleres agredidas, o seu acompañamento e protección. Así mesmo, o protocolo debe incorporar medidas formativas e informativas dirixidas ao persoal do sector.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo parlamentario en materia de violencia sexual no ocio nocturno?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/05/2023 11:43:32

Olalla Rodil Fernández na data 10/05/2023 11:44:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os produtores primarios en Galicia están a sufrir a crise xerada polo incremento de prezos das materias primas e a enerxía sen que isto supoña un aumento suficiente no prezo que se lles paga polos seus produtos e en demasiados casos non se garante o cumprimento da Lei da cadea alimentaria para que estes prezos cubran os custes de produción.

A Lei é un bo marco para conseguir que os produtores perciban un prezo xusto pola súa produción pero fan falla mecanismos para garantir o seu cumprimento, tanto a nivel estatal cun bo funcionamento da AICA, que é competente nas relacións comerciais de ámbito supraautonómico, pero tamén das autoridades de control das comunidades autónomas que son competentes no resto dos casos, e tamén do propio sector, facendo valer os preceptos da norma e a defensa duns prezos xustos.

Ademais existen outros mecanismos para que a Administración autonómica impulse a dita lei como o que introducíamos en marzo de 2021 cando o noso grupo emendaba unha proposición non de lei do Partido Popular na que pedía que se instase a Xunta de Galicia a *que adopte as medidas que sexan oportunas para favorecer os investimentos de industrias lácteas en produtos de maior valor engadido, introducindo que estas estivesen condicionadas a que as industrias garantisen uns contratos xustos para os produtores*.



En xaneiro de 2023 o Goberno galego publicaba no DOG as bases e a convocatoria das axudas para a transformación e comercialización de produtos agrarios no marco do PDR, co fin de incentivar os investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións radicadas en Galicia e destinadas a tal fin.

No caso das subvencións, consisten en axudas para a execución deses proxectos, mentres as garantías para préstamos consistirán en garantías do 80 % do risco inherente a cada empréstimo formalizado destinado a financiar os investimentos. Estas axudas teñen carácter plurianual para facilitar a execución dos proxectos de maior investimento. Dos 30 millóns de euros de orzamento total, para o exercicio do 2023 están consignados 12 millóns de euros, para o 2024 a cantidade reservada é de 14 millóns e para o 2025 a contía ascende aos 4 millóns de euros.

A estas axudas poden optar empresarios individuais ou sociedades que realicen actuacións como a construción, adquisición e mellora de bens inmoables, así como a compra de terreos ata un valor inferior ao 10 % do total dos gastos subvencionables. Tamén sufragarán a compra de maquinaria e equipamentos novos, a adquisición de programas informáticos e de patentes ou licenzas relacionadas cos procesos produtivos. Tal e como informou o Goberno galego, o fin último é crear novas industrias agroalimentarias ou mellorar as xa existentes.

Na dita orde introduciuse como novidade que *“No se concederán ni pagarán ayudas a los solicitantes o beneficiarios que fuesen objeto de sanción firme grave o muy grave en base a lo previsto en la Ley 12/2013, de 2 de agosto de medidas para mejorar el funcionamiento de la cadena alimentaria, en los dos años anteriores a la fecha de la solicitud o pago de la ayuda. Asimismo, los beneficiarios de subvenciones deberán devolver la ayuda percibida en el caso*



de ser objeto de sanción firme grave o muy grave en base a lo previsto en la Ley 12/2013, en los cinco años posteriores al pago de la ayuda”.

Pero no DOG publícase unha modificación das bases e a apertura dun novo periodo de solicitude polos seguintes motivos *“Con posterioridad a la publicación de la orden, se realizó un análisis más profundo de los efectos de la aplicación de este nuevo requisito en las iniciativas empresariales del sector agroalimentario. En ese análisis se puso de manifiesto que el nuevo requisito podría tener consecuencias desproporcionadas para las empresas, ya que la amplitud de la tipología de las sanciones graves recogidas en la Ley 12/2013 podría dar lugar a que la pérdida establecida de la posibilidad de obtener subvenciones, o el reintegro de las mismas, constituyese una penalización excesiva, carente de la requerida proporcionalidad para la infracción cometida.*

Por todo eso, y con objeto de mantener la debida proporcionalidad en las actuaciones, se considera aconsejable suprimir el referido requisito de esta linea de ayudas”

Non sabemos o motivo real polo que o Goberno galego fai esta modificación xa que di estar tan preocupado polos prezos que perciben os produtores e a falla de cumprimento da Lei da cadea alimentaria, a pesar de que non se introducisen mecanismos para garantir o seu cumprimento e renuncie a penalizar a aquelas empresas que incumpren coa dita lei.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Cal é o motivo real para que o Goberno galego renuncia a un mecanismo de apoio aos produtores agrarios galegos co fin de que cobren uns prezos xustos polos seus produtos, tan só tres meses despois de publicar a orde e bases das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2023 13:53:44
Nº Rexistro: 53534
Data envío: 10/05/2023 13:53:44.531

Parlamento de Galicia, 10 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/05/2023 13:42:19

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/05/2023 13:42:33

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
193811

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No pasado inicio de curso escolar foron numerosas as incidencias no transporte escolar denunciadas por parte das ANPAS, concellos e comunidades educativas constatadas en escritos informando e trasladando as queixas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e máis a Educación.

Deficiencias que se repetiron durante o actual curso e que xa se viñan producindo en anos anteriores. Problemáticas como o incumprimento de horarios, autobuses que non chegan nunca ás paradas, emprego de VTC ou taxis en vez dos vehículos obrigados por contrato, autobuses defectuosos, sen cinto ou con menos prazas das contratadas entre outras lamentables situacións.

Arredor destas queixas e denuncias, desde a Consellería de Educación o seu titular ante as preguntas e interpelacións deste Grupo Parlamentario cualificou estes graves incidentes como “puntuais e normais”.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación e o estudantado, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. Non só resulta moi preocupante que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, tamén está a inseguridade constante á que se ven sometidos. O non recoñecemento do problema e a ausencia de medidas específicas que eviten que moitas destas situacións se repitan, as queixas das familias teñen chegado tamén á Valedora



do Pobo. Neste sentido, a Valedoría vén de facer públicos varios recordatorios de deberes dirixidos á Xunta de Galicia. Exemplifica o desleixo arredor deste necesario servizo e que se preste en condicións dignas as demoras de 11 ou 8 meses no traslado de respostas, e que nalgúns casos chegan cando o curso escolar xa remata.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Tendo en conta os prazos marcados na lei, que explicación ten o Goberno para non dar resposta en tempo ás queixas e reclamacións rexistrados polas deficiencias no transporte escolar?
2. Vai tomar ou ten tomado algunha medida para corrixir este problema e cumprir en tempo e forma coa obriga de dar resposta á cidadanía?
3. Considera que as deficiencias no transporte escolar denunciadas reiteradamente nos últimos cursos escolares e especialmente de manifesto no inicio de curso están resoltas?
4. Cantas queixas sobre o transporte escolar teñen recibido desde o inicio deste curso escolar?

Parlamento de Galicia, 9 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 09/05/2023 19:15:46





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 53538
Data envío: 10/05/2023 14:10:14.187

Noa Susana Díaz Varela na data 09/05/2023 19:15:55

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
193814

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Vimos de coñecer o plan de cobertura das vindeiras eleccións municipais da Corporación de Radio Televisión de Galicia. Un plan, no que se fixa a programación, contidos e tempos previstos para dar cobertura a esta importante cita política desde os medios públicos galegos. Un documento que vén de derivar en manifestas discrepancias debido á ausencia absoluta de diálogo na planificación dos debates tanto nas datas como no que atinxe a contidos entre outras cuestións.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Con que criterios se teñen decidido os tempos e que forzas políticas participarán nos distintos debates e espazos electorais?
2. Con que criterios fixaron os horarios de emisión dos debates?
3. Considera axeitado non ter consensuado ou cando menos dialogado ou consultado coas distintas formacións políticas aspectos deste plan de cobertura?

Parlamento de Galicia, 10 de maio de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 53543
Data envío: 10/05/2023 15:43:09.624

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 10/05/2023 15:37:22

Noa Susana Díaz Varela na data 10/05/2023 15:37:32

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
193816

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Grupo Parlamentario Socialista considera necesario pór o foco na situación que soportan os Axentes Ambientais que dependen das consellarías do Medio Rural e Medio Ambiente.

Encádranse en tres escalas repartidas en tres grupos da Administración especial da Xunta de Galicia:

- ESCALA DE AXENTES TÉCNICOS EN XESTIÓN AMBIENTAL, á espera para negociar o preceptivo regulamento. Na última oposición na que se convocaron 19 prazas e na OPE 2022, con 38 prazas, aínda sen convocar, esíxese a titulación de Técnico superior, propia de este grupo. O resto do colectivo, tanto como os que xa tiñan a titulación requirida como os que a adquiriron, mediante un proceso que habilitaron as dúas consellarías en colaboración con educación, seguen a esperar o paso a esta escala, que é a que lles corresponde en aplicación do EBEP. O Goberno galego comprometeuse a iniciar o proceso cando se acadara o 40 % de titulados na escala, hoxe esta cifra superouse e a situación non mudou.
- ESCALA DE AXENTES FACULTATIVOS AMBIENTAIS escala na que se atopan a inmensa maioría do colectivo. Tamén carecen de regulamento polo que ata o de agora aplícase o da escala de forestais.



- ESCALA DE AXENTES FORESTAIS (A EXTINGUIR) na actualidade hai 13 prazas nesta escala nas que o persoal que as ocupa están a sufrir unha situación de discriminación, pois non se lles permite optar ao proceso de estabilización de emprego, en aplicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cando a propia Administración do Estado e outras comunidades autónomas están a convocar as prazas que se atopan en idéntica situación administrativa.

Tamén é necesario facer un histórico de concursos de traslados. Houbo un concurso no ano 2009, resolto no ano 2010. O seguinte, e último concurso de traslados, ao que tiveron acceso os axentes foi o convocado para os corpos da Administración especial, pola Orde do 28 de novembro de 2012 (DOG núm. 230, do 3 de decembro). A toma de posesión dos postos adxudicados foi no ano 2014

En relación coa distribución de prazas por consellarías:

No de axentes na Consellería de Medio Rural 387 (cobren prazas vacantes e non vacantes con interinos regularmente).

No de axentes na Consellería de Medio Ambiente 165 (moitas prazas sen cubrir).

Na actualidade supéranse as 100 vacantes na escala, durante o presente ano poderían ser máis de 150.

E por último o histórico de convocatorias de oposicións de acceso libre:

Ano 1991: 240 prazas, incorpóranse en 1994

Ano 2001: 100 prazas; incorpóranse en 2003

Ano 2005: 100 prazas, incorpóranse en 2008

Ano 2013: 19 prazas, incorporación en 2015



Na oferta pública de emprego do ano 2020 ofertaron 21 prazas de acceso libre, sen chegar a convocar nunca a oposición.

Na última oferta de pública de emprego, 2022, ofertaron soamente 38 prazas. Unha oferta a todas luces insuficiente tendo en conta as cifras anteriores. E da que aínda se descoñece se vai existir convocatoria, como ocorreu no caso anterior.

Derivado da inoperante xestión da Xunta de Galicia, este grupo parlamentario foi informado de que se están a producir irregularidades na concesión de comisións de servizo en ambas consellarías, utilizando un sistema de comisións de servizo rotativas. De feito nalgún caso ao rematar o tempo máximo da comisión e a súa prórroga, cambian o axente de posto pero indícanlle que continúe desenvolvendo o seu traballo de forma idéntica, sen cambiar de distrito nin zona de traballo.

A situación descrita é insostible e denota unha tremenda ineficacia na xestión do persoal por parte do Goberno galego.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego da situación administrativa que están a sufrir os axentes ambientais pertencentes ás consellarias do Medio Rural e de Medio Ambiente?
2. Cando vai iniciar o Goberno galego a elaboración do regulamento da escala de axentes técnicos en xestión ambiental?
3. Por que a escala de axentes facultativos ambientais carecen na actualidade de regulamento?



4. Que cronograma manexa a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de cobertura de vacantes no colectivo de axentes ambientais?

5. Por que a Xunta de Galicia non convocou o proceso de cobertura de vacantes e utiliza de forma continuada o sistema de comisión de servizos?

Parlamento de Galicia, 10 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/05/2023 13:43:31

Martín Seco García na data 10/05/2023 13:43:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A suba da inflación, maior en Galicia que na media de España, está tendo amplas consecuencias para a economía galega. A maior alza dos prezos en 30 anos está afectando a practicamente todos os sectores de actividade e tamén ás familias, que soportan un incremento do IPC do 4.1 % o pasado mes de abril e sofren especialmente o crecemento da cesta da compra.

Neste escenario de auxe da inflación, o Banco Central Europeo subiu os tipos de xuro o 4 de maio en 0.25 puntos ata situarse no 3.75 % sen que se descarten novas subidas -facendo que o euríbor xa escalase por riba dese nivel-, o que deriva nun forte encarecemento do pago das hipotecas para as familias con préstamos variables. Para o caso da hipoteca media en Galicia, que se sitúa segundo diversos estudos arredor dos 110.000 euros, estímase que a suba media é do entorno do 50 %, pasando dos 400 euros mensuais ata superar os 600 por hipoteca media.

Esta situación está afectando a milleiros de familias galegas, ata o punto de que o Instituto Galego de Estatística reflicte que máis da metade chegan con dificultade ou moita dificultade a final de mes, e tamén ao sector inmobiliario e ao da construción. De feito, o número de hipotecas constituídas sobre vivendas en Galicia caeu un 8.6 % en taxa interanual no mes de xaneiro, tal e como recolle o Instituto Nacional de Estadística.



Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que medias vai tomar o Goberno galego para axudar ás familias, con rendas baixas e medias, a enfrontar a suba da inflación e o encarecemento das hipotecas?

Parlamento de Galicia, 10 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/05/2023 13:27:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/05/2023 13:27:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A evolución da economía galega amosa unha ralentización da taxa de crecemento. A dinamización da economía galega require impulsar un modelo de crecemento sólido e robusto.

Con datos recentes, sabemos que en 2022 o investimento estranxeiro en España creceu e alcanzou os 34.178 millóns de euros, sendo o segundo dato máis alto da serie histórica para o conxunto do Estado. Non obstante, a evolución do investimento estranxeiro nas comunidades autónomas ten distintos patróns, e mentres nalgúns aumentou o investimento estranxeiro, noutras non o fixo. Así, Andalucía, País Vasco, Aragón e Castela-A Mancha alcanzaron o seu máximo histórico en investimento estranxeiro. Non obstante, en Galicia o investimento estranxeiro caeu en 2022 nun 23 % respecto a 2021, quedando nos 172 millóns de euros no ano pasado.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego da evolución do investimento estranxeiro en Galicia, que amosa unha forte caída en 2022?

Parlamento de Galicia, 10 de maio de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 53561
Data envío: 10/05/2023 15:53:03.624

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/05/2023 13:21:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/05/2023 13:21:26

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
193824

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Vicepresidente primeiro da Xunta e conselleiro de Economía, Industria e Innovación defendeu no mes de abril que “hai espazo para unha segunda fábrica de baterías en España” para os vehículos eléctricos e, nesta liña, asegurou que “sería posible” implantala en Galicia vinculada a *Stellantis*.

Sendo como é un tema de enorme relevancia para a economía galega, para o noso futuro e para a modernización do noso tecido industrial, cabe entender que existen estudos, contactos e informes sólidos que poidan sustentar esa posibilidade anunciada polo conselleiro. Polo de agora, e polas súas afirmacións, o vicepresidente parece concluír que a consecución de fondos europeos é a única condición para este proxecto, o cal implicaría que o Goberno da Xunta ten xa acordos e posicións avanzadas sobre a viabilidade dese proxecto industrial para Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Que estudos e contactos ten a Xunta de Galicia que avalen a posibilidade de que unha empresa poida instalar unha planta de baterías para vehículos eléctricos na nosa comunidade?

Parlamento de Galicia, 10 de maio de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 53565
Data envío: 10/05/2023 15:54:13.640

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/05/2023 12:47:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/05/2023 12:47:23

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
193826

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación sanitaria de Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PAC de Santa Comba presta asistencia tanto a este mesmo concello coma ao de Mazaricos. Abrangue unha área de 391km², e atende a 12.126 pacientes, das cales 1.308 non chegan aos 15 anos, segundo os datos do IGE referidos ao ano 2022.

A pesar destas cifras poboacionais e da dispersión xeográfica, o PAC de Santa Comba conta cun único equipo formado por unha profesional de medicina e outra de enfermaría, agás nos domingos e días festivos, onde se reforza cunha segunda médica.

Este reforzo contrasta co acordo de desconvocatoria da folga do persoal dos PAC de 2019, unha folga que se prolongou durante máis de sete meses e máis de ano e medio de mobilizacións. O punto 5 deste acordo recollía a implantación de máis persoal de enfermaría nos centros onde os equipos non fosen simétricos na rateo médica/enfermeira, mais cómpre sinalar que cando van case 4 anos desde a súa sinatura non se garante. Á situación do PAC de Santa Comba súmase a dos PAC de Ordes e Lalín, dentro da mesma área sanitaria, sen que se producise a resolución desta problemática a pesar das denuncias efectuadas, incluso desde as propias traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén é preciso ter en conta a propia carga asistencial deste PAC, que recibe múltiples asistenciais diariamente, tamén durante a quenda de noite, moitas das cales son realizadas fóra do edificio do PAC.

Isto súmase á propia situación da Atención Primaria ordinaria, na que se obxectiva constantemente a escaseza de persoal, mais tamén unha infraestrutura obsoleta e con numerosas eivas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego da situación do PAC de Santa Comba?
- Cal é o motivo polo que aínda persiste unha dotación de persoal desigual na rateo médica/enfermeira?
- Cando se vai reverter esa situación?
- Considera o goberno galego que a dotación actual de persoal en días non festivos é suficiente?
- Cantas asistenciais se prestan en cada unha das quendas do PAC? Cantas asistenciais se realizan fóra do PAC? Canto tempo fica o PAC sen persoal sanitario?
- Ten previsto o goberno galego incrementar a dotación de persoal do PAC de Santa Comba?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2023 11:40:08

Iria Carreira Pazos na data 11/05/2023 11:40:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as persoas usuarias de residencias de maiores en situación de emerxencia social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través dos medios de comunicación coñecemos os datos que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego solicitou por vía parlamentaria en 2022. Trátase de información referida ao número de persoas usuarias de residencias de maiores que acceden a este servizo a través de procedementos de emerxencia social.

Segundo os datos publicados polo xornal Faro de Vigo en Galiza hai 1.097 persoas usuarias a través da emerxencia social, é dicir, que acceden por unha vía rápida perante situacións de risco.

371 na provincia de Pontevedra

451 na provincia da Coruña

144 na provincia

131 na provincia de Ourense

Unha cifra que supón 127 máis que en 2021.

Segundo o mesmo xornal, nos últimos anos este número non deixou de medrar, así desde 2016 rexistráronse 6.450 casos, máis de 2.500 nos últimos dous anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos, que foron negados en resposta escrita e oral ao G.P. do BNG, responden –de novo segundo fontes xornalísticas-- a situacións de desamparo provocadas pola falta de rede familiar e recursos económicos mais tamén por situacións de risco físico e/ou psíquico para a persoa.

Desde hai tempo o persoal das residencias de maiores e tamén os servizos de inspección de Política Social veñen advertindo das situacións que se están a dar nas residencias de maiores por novos perfís de usuarias/os para os que non dispoñen nin de formación nin de recursos materiais axustados ás súas necesidades, principalmente persoas con enfermidades psiquiátricas.

Porén, en 2023 o propio Goberno do Partido Popular modificou a normativa vixente para restrinxir esas derivacións. Así, na denominada Lei de acompañamento aos Orzamentos de 2023 modificou o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia ao considerar que “as residencias de maiores non semellan ser a resposta asistencial máis axeitada ás necesidades residenciais de adultos non maiores con problemas de saúde mental e que son derivados do servizo de saúde despois de ter recibido unha atención sanitaria inicial ou de urxencia nos centros sanitarios”.

Para o G.P. do BNG hai dúas cuestións que merecen a atención:

1. As situacións de soidade non desexada que están a derivar en situacións de desamparo. Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza aínda non aprobou a Estratexia galega de soidade non desexada, pendente de 2019.

2. A inexistencia de recursos específicos de carácter público para atender persoas con doenzas psiquiátricas que non poden ser debidamente atendidas na súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contorna familiar, ou non dispoñen de recursos económicos para acceder a servizos e/ou recursos de carácter privado.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cantas das persoas ingresaron en prazas de residencias de maiores pola vía da emerxencia social nos últimos dez anos?
- Cantas en cada ano?
- Cales foron as razóns, de acordo co previsto no artigo 16 do Decreto 15/2010, do 14 de febreiro, que motivaron o seu ingreso?
- Cantas persoas concretamente por cada unha das tres razóns obxectivas previstas no devandito decreto?
- Cre a Xunta de Galiza que o ingreso de persoas menores de 65 anos con doenzas psiquiátricas en residencias de maiores é o mellor recurso para atender como merecen e necesitan estas persoas?
- Vai crear recursos específicos e especializados na atención integral deste perfil de usuarios/os?
- Cando vai aprobar e publicar a Estratexia galega de soidade non desexada?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/05/2023 12:47:34

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2023 12:47:37

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2023 12:47:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proxecto de saneamento nos concellos de Ames e A Baña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de abastecemento e saneamento de augas residuais resultan fundamentais, tanto desde a perspectiva da saúde pública e a prevención de enfermidade como tamén desde a óptica ecoloxista de preservación do medio ambiente. Mais podemos constatar xa ben iniciado o século XXI que, a pesar da súa importancia, unha boa parte do rural galego carece tanto dun servizo de abastecemento coma de saneamento de carácter público.

A dispersión xeográfica da poboación galega é un factor que cómpre ter en conta desde as administracións á hora de planificar estes servizos, chegando a resultar limitante nalgúns casos. Esta é a situación das parroquias de Tapia e Piñeiro, do concello de Ames, e de Troitosende, da Baña. Neste senso, os gobernos municipais de ambos concellos veñen solicitado o apoio da Xunta de Galiza para realizar o investimento para o servizo de saneamento desde hai máis dunha década, que naquel entón se cifraba próximo aos 1,8M€.

Após unha xuntanza realizada no mes de xaneiro de 2015 entre os alcaldes de ambos municipios e o director de Augas de Galiza, publícase a confirmación dada por este último afirmando que a redacción do proxecto de saneamento xa está iniciada e que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a partir de aquel momento hai que analizar os aspectos técnicos da obra. Mais cando nos atopamos ben avanzado o 2023, aínda non hai noticia deste proxecto.

Con este plan de recollida, transporte e tratamento das augas residuais beneficiaríanse medio milleiro de persoas de ambos concellos, persoas que a día de hoxe aínda non teñen garantido ningún prazo para ver este servizo en funcionamento.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que aínda non se ten feito público o proxecto para o saneamento de augas residuais nas parroquias de Tapia, Piñeiro e Troitosende a pesar do anuncio feito en 2015 polo director de Augas de Galiza?
- Cando se vai publicar?
- Que dotación orzamentaria ten prevista a Xunta de Galiza a día de hoxe para acometer esta infraestrutura?
- Cal é a calendarización prevista para a realización destas obras?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2023 13:11:57

Alexandra Fernández Gómez na data 11/05/2023 13:12:00

Iria Carreira Pazos na data 11/05/2023 13:12:11



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 35870**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración do Goberno galego do traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa"**, (publicada no BOPG número 334, do 22 de xuño de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xuño de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 47905 que tivo lugar na sesión do 13 de abril de 2023 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=Zjl3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Zjl3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2023 11:32:23
Nº Rexistro: 53452
Data envío: 05/05/2023 11:32:23.547

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2023 9:32:20

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 35869**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración do Goberno galego do traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa"**, (publicada no BOPG número 334, do 22 de xuño de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 47905 que tivo lugar na sesión do 13 de abril de 2023 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=Zjl3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Zjl3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2023 11:32:30
Nº Rexistro: 53453
Data envío: 05/05/2023 11:32:30.734

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2023 9:32:28

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 38512**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración do Goberno galego do traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa"**, (publicada no BOPG número 367, do 25 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 47905 que tivo lugar na sesión do 13 de abril de 2023 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZjI3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjI3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2023 11:32:08
Nº Rexistro: 53450
Data envío: 05/05/2023 11:32:08.125

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2023 9:32:05

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 45035**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración do Goberno galego do traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa"**, (publicada no BOPG número 424, do 21 de decembro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 47905 que tivo lugar na sesión do 13 de abril de 2023 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZjI3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjI3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2023 11:31:44
Nº Rexistro: 53448
Data envío: 05/05/2023 11:31:44.484

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2023 9:31:30

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 38476**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto do traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa"**, (publicada no BOPG número 369, do 29 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 47905 que tivo lugar na sesión do 13 de abril de 2023 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjI3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2023 11:32:14
Nº Rexistro: 53451
Data envío: 05/05/2023 11:32:14.938

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2023 9:32:12

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. Ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 45034**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a valoración do Goberno galego do traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa"**, (publicada no BOPG número 424, do 21 de decembro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 47905 que tivo lugar na sesión do 13 de abril de 2023 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjI3NjlyNGltNmRkNy00ZTEyLTk4MWEtNDE2ZjUwZTA3NjA5&start=62>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2023 11:31:59
Nº Rexistro: 53449
Data envío: 05/05/2023 11:31:59.781

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2023 9:31:56

CSV: BOPGDSPG-sAnQw4wHh-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

